

CORGA

REVISTA ANUAL DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

Nº 5 ANO 2014



EDITA
Centro de Estudos do Corgo (CEC)

CONSELLO EDITORIAL
M^a Consuelo Vázquez Castro
Josefa González Díaz
Xurxo Xosé Rodríguez Lozano
Xosé Enrique Casanova Sánchez
Manuel Fernández López "Lolo"
Xosé Manuel Castro Castedo
Roberto Rodríguez Páramo

DESEÑO E IMPRESIÓN
Grafinco

DEPÓSITO LEGAL
LU 149-2010

ISSN 2171-6013

CORGA

REVISTA ANUAL DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO
Nº 5 ANO 2014

Agradecemoslle á Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo a colaboración económica para poder plasmar por quinta vez no papel este soño chamado Corga. Oxalá siga sementando tanto e tan ben na agra cultural lucense.

EDITA
Centro de Estudos do Corgo (CEC)

CONSELLO EDITORIAL (Xunta Directiva)
M^a Consuelo Vázquez Castro (Presidenta)
Josefa González Díaz (Vicepresidenta)
Xurxo Xosé Rodríguez Lozano (Secretario)
Xosé Enrique Casanova Sánchez (Tesoureiro)
Manuel Fernández López “Lolo”
Xosé Manuel Castro Castedo
Roberto Rodríguez Páramo (Vocais)

COMITÉ CIENTÍFICO
Felipe Arias Vilas
Javier Gómez Vila
Xosé Manuel Castro Castedo
Ruben Ruibal Armesto
Ana Cabana Iglesia
Emilio Carral Vilariño
Daniel López Vispo
Xoán Ramiro Cuba Rodríguez
Antonio Reigosa Carreiras
Xabier Bruña García
Felipe-Senén López Gómez
Manuel Lamas Castro
Adolfo de Abel Vilela

ASESORÍA LINGÜÍSTICA
Xosé Manuel Becerra Pardo

ASESORÍA TIC
Josefa González Díaz

*Centro de Estudos do Corgo (CEC)
Antigas Escolas do Corgo s/n
27.163 O Corgo (Lugo)
ocorgo@gmail.com
<http://ocorgo.blogspot.com>*

EDITORIAL

Outro ano máis (como pasa o tempo!), tedes nas vosas mans un novo exemplar da CORGA.

As utopías pódense facer realidade cando se cre nelas. Non foi doado o camiño, mais nel atopamos moita xente que nos deu azos para seguir teimando, sempre con humildade, no proxecto inicial do Centro de Estudos do Corgo.

A historia dos pobos precisa de fontes nas que se mirar e, sen dúbida, a do Corgo ten nesta publicación unha fonte de auga fresca na que poidan beber as futuras xeracións.

Sensibilizar e implicar ás distintas institucións para a difusión dos traballos que van aparecendo na revista é outro dos obxectivos que nos fixamos.

Grazas, por tanto, a todos os que traballaron para que vira a luz. Tamén aos que creron nela desde os seus inicios e, nomeadamente, á Área de Cultura da Deputación de Lugo que nos brindou o seu apoio económico; igualmente ao Concello do Corgo que prestou as súas instalacións para as exposicións dos traballos e que, pensamos, non deixará que se perda

esta oportunidade de dar a coñecer o concello fóra dos nosos límites territoriais.

Grazas aos autores dos traballos que aquí se presentan e aos moitos que o fixeron en anteriores publicacións, porque son eles os verdadeiros obreiros deste proxecto; e a todos vós, lectores, polo voso interese na cultura do noso concello que pretenden divulgar estas páxinas.

Cada vez máis, moitos medios de comunicación dirixen a nosa atención cara unha cultura globalizada, moitas veces allea á nosa realidade. Pouco espazo queda para as diferenzas, moi pouco para os pequenos concellos rurais nos que tamén naceron, viviron e morreron, deixando a súa singular pegada, os nosos antergos.

Temos, xa que logo, unha historia de noso, xenuina e única, que non debemos abandonar e que precisamos coñecer para atoparmos o noso lugar no mundo: hai que ter os pés na terra para afrontar o porvir ...

Velaí o noso compromiso, plasmado nestas páxinas, que agora xa son vosas.



ÍNDICE

José CASTRO FERREIRO	
A riqueza micolóxica do concello do Corgo	06
Xaime Félix LÓPEZ ARIAS	
Entre a terra de chamoso e a riba de neira: organización territorial (séculos vi a xx).....	12
Carolina CASAL CHICO	
A ara votiva de Adai e a promesa a mercurio	22
Javier GÓMEZ VILA	
Os castros da terra do Corgo	38
Aurelia BALSEIRO GARCIA	
Outra mostra da plástica galaico-romana no Corgo: os pés de Bergazo.....	56
José Manuel BLANCO PRADO	
Proxección da obra de Elías Valiña Sampedro no municipio do corgo	68
Xema SANXURXO RODRÍGUEZ	
De feira en feira. Hoxe imos ao Corgo	84
Memoria de actividades da A.C. Arumes do Corgo.....	94
Boletín de inscrición como socio/a da A.C. Arumes do Corgo	107
Memoria de actividades do C.E.C.	108
Documentación para inscrición como socio/a do C.E.C.....	110
Normas de publicación	118

RESUMO

Son as terras do Corgo un verxel micolóxico aínda por descubrir polos propios corgueses.

Aqueles que amamos a micoloxía e estudamos os cogomelos temos a obriga de compartir estes coñecementos e é precisamente o obxectivo deste artigo, o de dar unha primeira visión xeral do "patrimonio micolóxico" existente nos variados hábitats que compoñen o territorio corgués.

PALABRAS CLAVE

Micoloxía, cogomelos, natureza, fungos, hábitats, O Corgo

INTRODUCCIÓN

Fronosas carballeiras, vellos soutos de castiñeiros, extensos piñeirais, verdes pradarias, bosques de ribeira ás beiras de fermosos ríos e regatos e pequenos recunchos ou manchas arbóreas espalladas de chopos, bidueiros, etc.

A grande diversidade de hábitats naturais que conforman O Corgo e a aínda boa conservación dos seus ecosistemas naturais, sen dúbida explican tamén, xunto cun favorable clima, a grande variedade fúnxica da que pode presumir este concello.

COGOMELOS DOS SOUTOS DE CASTIÑEIRO

Neste concello aínda sobreviven algúns soutos en aceptable estado de conservación, nos que a diversidade fúnxica resulta importante.

Son bosques de orixe antrópica, formados por exemplares de *Castanea sativa*, que no pasado tiveron moita importancia no rural, pois os seus froitos, as castañas, foron utilizadas polas persoas como alimento e tamén como alimento para o gando e a súa madeira empregouse para diversas funcións, preferentemente na construción das casas.

Neste hábitat podemos atopar a considerada raíña dos cogomelos comestibles, a máis cobizada no eido gastronómico, a que ten a súa máis exquisita xa dende a época dos romanos, a *Amanita caesarea*, que, aínda que ata agora é unha rareza nesta zona da provincia de Lugo, a

Castro Ferreiro, José

Membro da Sociedade Micolóxica Lucus
jose.cogomelos@gmail.com

atopamos xa dende hai anos na parroquia de Santo Estevo de Folgosa.

Curiosamente, coincide na mesma zona, en época e lugar, coa máis perigosa de todas, a tóxica e potencialmente mortal *Amanita phalloides*, frecuente non só en soutos de castiñeiros, tamén noutros bosques de caducifolios, tendo citas en varias parroquias: Farnadeiros, Castrillón, Sto. Estevo de Folgosa, Pedrafitas, etc.



Amanita phalloides (Vaill. ex Fr.) Link
Localización: parroquia de Santo Estevo de Folgosa

Son tamén frecuentes neste hábitat unha variedade considerable de especies, sendo as máis significativas as seguintes:

Xénero *Boletus*: *B. edulis* (andoa, madeirudo), *B. reticulatus*, *B. calopus*, *B. erythropus*, *B. badius*.

Xénero *Cantharellus*: *C. cibarius* (chantarela, cantarela), *C. subpruinus*

Xénero *Amanita*: *A. rubescens* var. *rubescens*, *A. citrina*, *A. gemmata*, *A. muscaria* var. *muscaria*, *A. phalloides*.

Xénero *Hydnum*: *H. repandum* (lingua de vaca, lingua de ovella), *H. rufescens*

Xénero *Lactarius*: *L. quietus*, *L. Chrysorreus*.

COGOMELOS DAS CARBALLEIRAS

Son as carballeiras, sen dúbida, os bosques caducifolios máis abondosos no concello do Corgo e, ao igual que os soutos, tamén presentan unha ampla variedade fúnxica, compartindo, ademais, unha ampla maioría das especies.

As carballeiras neste concello están formadas por dúas especies arbóreas: O *Quercus robur* (carballo) e o *Quercus pyrenaica* (cerqueiro, rebolo, carballo negro). Forman bosques de extraordinaria riqueza ecolóxica e fúnxica.



Boletus calopus Pers.

Localización: parroquia de San Xoán do Corgo

Algunhas das especies máis comúns nas carballeiras do Corgo son as seguintes:

Xénero *Boletus*: *B. edulis* (andoa, madeirudo), *B. reticulatus*, *B. aereus*, *B. calopus*, *B. erythropus*, *B. badius*.

Xénero *Cantharellus*: *C. cibarius* (chantarela, cantarela), *C. subpruinus*

Xénero *Amanita*: *A. phalloides*, *A. rubescens* var. *rubescens*, *A. citrina*, *A. gemmata*, *A. muscaria* var. *muscaria* (brincabois), *A. pantherina*.

Xénero *Hydnum*: *H. repandum* (lingua de vaca, lingua de ovella)

Xénero *Lactarius*: *L. vellereus* (leiteira), *L. quietus*, *L. chrysorreus*, *L. piperatus*

Xénero *Russula*: *R. cyanoxantha*, *R. vesca*, *R. virescens*

Xénero *Tricholoma*: *T. sulphureum*, *T. columbetta*, *T. pseudoalbum*

Xénero *Laccaria*: *L. amethystina*, *L. laccata*

Xénero *Lepista*: *L. nuda*, *L. inversa*

Xénero *Clitocybe*: *C. nebularis*, *C. gibba*



Cantharellus subpruinus Eyssart. & Buyck
Localización: parroquia de Castrillón

COGOMELOS DOS PIÑEIRAIS

No concello do Corgo existen abondosos piñeirais de repoboación, que representan unha grande importancia económica para a zona no ámbito madeireiro e nos que se poden atopar distintas especies de cogomelos, curiosamente, algunhas tamén de interese comercial.

As principais especies de piñeiros que conforman estes bosques son o *Pinus radiata* (piñeiro insigne), o *Pinus pinaster* (piñeiro do país, piñeiro bravo).

As especies que máis frecuentemente se poden atopar nos piñeirais do concello, son as seguintes:

Xénero *Boletus*: *B. edulis* (andoa, madeirudo), *B. pinophilus*, *B. badius*

Xénero *Suillus*: *S. luteus*, *S. bovinus*

Xénero *Cantharellus*: *C. cibarius* (chantarela, cantarela)

Xénero *Amanita*: *A. rubescens* var. *rubescens*, *A. spissa*, *A. gemmata*

Xénero *Hydnum*: *H. repandum* (lingua de vaca, lingua de ovella)

Xénero *Lactarius*: *L. deliciosus* (rovellón), *L. quieticolor*, *L. rufus*, *L. aurantiacus*

Xénero *Russula*: *R. sardonia*, *R. turci*

Xénero *Tricholoma*: *T. portentosum*, *T. equestre*

Xénero *Craterellus*: *C. tubaeformis*

Xénero *Marasmius*: *M. androsaceus*

Nalgún bosque mixto, con presenza de piñeiros da parroquia de Cabreiros, pódese atopar tamén unha especie moi rara, só interesante para os estudosos e expertos en micoloxía, como é o *Leucocortinarius bulbiger*.

COGOMELOS DOS BIDUEIRAIS

Os bidueirais no concello do Corgo non forman grandes bosques, senón que se atopan xeralmente espallados ou formando pequenas manchas arbóreas de poucos exemplares e constitúen os bosques que presentan unha maior diversidade fúnxica exclusiva.

Os bosques de bidueiros fórmanse con exemplares da especie *Betula pubescens*.

As seguintes son as especies propias dos bidueirais:

Xénero *Leccinum*: *L. scabrum*, *L. variicolor*

Xénero *Amanita*: *A. muscaria* var. *muscaria*

Xénero *Lactarius*: *L. torminosus*, *L. uvidus*, *L. necator*

Xénero *Russula*: *R. aeruginea*

Xénero *Cortinarius*: *C. triumphans*

Xénero *Tricholoma*: *T. fulvum*

Xénero *Piptoporus*: *P. betulinus*

Xénero *Paxillus*: *P. involutus*

COGOMELOS DOS PRADOS E PRADARÍAS

Prados e pradarias existen de xeito abundoso, espallados por todo o concello. Non podería ser

doutro xeito, tendo en conta a intensa e importante actividade gandeira aquí desenvolvida, sendo este un hábitat tamén rico en distintas especies de cogomelos, favorecido, ademais, polo feito de que os prados adoitan estar rodeados de árbores o que permite a presenza nestes de especies micorrícicas das ditas árbores.

Están formados por distintas especies herbáceas, principalmente da familia das gramíneas.

Os prados naturais e as pradarias artificiais das distintas parroquias son o hábitat preferido das seguintes especies de cogomelos:

Xénero *Marasmius*: *M. oreades*

Xénero *Agaricus*: *A. campestris*, *A. arvensis*, *A. urinascens*, *A. xanthodermus*

Xénero *Macrolepiota*: *Macrolepiota procera* (zarrota, cerrote, choupín, cogordo)

Xénero *Bovista*: *B. plumbea*

Xénero *Calvatia*: *C. gigantea*, *C. utriformis*

Xénero *Hygrocybe*: *H. coccinea*, *H. conica*, *H. persistans*

Xénero *Calocybe*: *C. gambosa* (cogomelo de San Xurxo, perretxiko)

Na primavera podemos atopar nalgúns prados ou nas beiras destes, o cogomelo de San Xurxo, o que os vascos chaman *perretxiko*, apreciadísimo na cociña, de nome científico *Calocybe gambosa*, que cada ano se fai ver, entre outras, pola parroquia de Gomeán.



Hygrocybe coccinea (Schaeff.) P. Kumm.
Localización: parroquia de Gomeán

Tamén nos prados e nas beiras dos camiños podemos atopar cogomelos moi coñecidos, como a Sendeiriña (*Marasmius oreades*), apreciado comestible e moi abondoso, sobre todo nas parroquias de Gomeán e Santo André de Chamoso.

Cogomelos espectaculares, como é o caso da *Calvatia gigantea*, polo seu enorme tamaño e peso, que pode chegar aos 20 Kg e que cada ano se pode observar, aínda que non tan grande, en San Cristovo de Chamoso.

Ou especies moi coñecidas e apreciadas dende antano, como a *Macrolepiota procera*, que recibe, entre moitos outros, os nomes populares de "cogordo", "zarrota", "choupín", "cerrote", etc. e que adoita a aparecer en prados e nas beiras dos camiños ao remate do verán ou no principio do outono.

COGOMELOS DOS BOSQUES DE RIBEIRA

O concello do Corgo está regado, co Río Miño á cabeza, por ríos e regatos que favorecen a biodiversidade natural en xeral e a diversidade fúnxica en particular.

Ao longo destes cursos fluviais, fórmanse os bosques de ribeira, por diversas especies arbóreas, entre as que destacan o ameneiro ou amieiro (*Alnus glutinosa*), o salgueiro (*Salix atrocinerea* e *Salix alba*), o freixo (*Fraxinus angustifolia* e o *Fraxinus excelsior*).

As seguintes son as especies que adoitan aparecer nos bosques de ribeira:

Xénero *Lactarius*: *L. controversus*

Xénero *Paxillus*: *P. involutus*, *P. rubicundulus*

Xénero *Phellinus*: *P. igniarius*, *P. robustus*

Xénero *Inonotus*: *I. radiatus*

COGOMELOS DOUTROS HÁBITATS DIVERSOS

MADEIRA MORTA EN DESCOMPOSICIÓN

Infinidade de fungos saprófitos se desenvolven en diversas madeiras mortas ou restos vexetais como, por exemplo, as seguintes especies atopadas nestes hábitats, en distintos lugares do concello do Corgo: *Crucibulum laeve* (Gomeán), *Cyathus striatus* (Castrillón), *Pseudohydnum gelatinosum*



© Jose Castro

Crucibulum laeve (Huds.) Kambly
Localización: parroquia de Gomeán

(Sto. Estevo de Folgosa), *Guepiniopsis buccina* (Franqueán), *Calocera cornea* (Gomeán), *Dacrymyces stillatus* (Cerceda), *Cheilymenia rubra var. rubra* (Santalla)

TERREOS QUEIMADOS

Neste hábitat tan peculiar pódense atopar interesantes especies de cogomelos, denominados "pirófilos", como a ascomycete *Plicaria endocarpoides*, atopada no terreo queimado despois dun incendio nun pequeno piñeiral de San Xoán do Corgo.

Ou a *Pholiota highlandensis*, atopada noutro piñeiral queimado, tamén na parroquia de San Xoán do Corgo.

CORNO DE VACA

Aínda por sorprendente que pareza, hai cogomelos que medran nun hábitat tan curioso como son os cornos ou pezuños de animais, como a *Onygena equina*, atopada, hai xa anos, nun corno de vaca, que estaba descompoñéndose no chan dun piñeiral que ocupaba parte dos terreos onde hoxe se ergue o polígono industrial do Corgo.

LA DE OVELLA

Outro hábitat singular e sorprendente é este onde se desenvolve a *Onygena corvina*, atopada neste

caso medrando sobre la de ovella, depositada no chan dun piñeiral da parroquia de Cerceda.

CONCLUSIÓNS

O Concello do Corgo, polas súas características xeográficas e climáticas e pola fragmentación constante do seu territorio en multitude de hábitats diferentes, presenta unha elevada diversidade fúnxica, sendo unha zona moi axeitada para a elaboración de distintos estudos sobre a flora micolóxica existente.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

ALONSO, Julián. "Leucocortinarius bulbiger (Alb. & Scwein.) Singer: o cortinario branco no Concello do Corgo (Lugo)", *Tarrellos*, n.º 12, ano 2010, páxinas 30-34.

BON, Marcel. *Guía de campo de los hongos de España y Europa*. Barcelona: Ed. Omega, 2005.

BREINTENBACH, J. & F. KRÄNZLIN. "Champignons de Suisse. Tome I. Ascomycetes". *Luzern: mykologia*, 1984

INDEX FUNGORUM en www.indexfungorum.org

MARCOTE, J.M.C., POSE, M., TRABA, J.M. *Cogomelos de Galicia*. Santiago: Consellería de Medio Rural- Xunta de Galicia, 2008.





RESUMO

Vai para os 1500 anos o tempo pasado dende que os ríos Chamoso, Neira e Sarria aparecen documentados e pasan a dar nome ás terras de Chamoso, Riba de Neira e Sarria. Numerosos documentos recollen as sucesivas solucións adoptadas para a organización dos espazos e comunidades asentadas neses territorios.

A escolma dalgúns deses documentos axuda a apreciar a evolución social e debe servir de base para un estudo e análise profunda das entidades que no tempo presente conforman o concello do Corgo.

PALABRAS CLAVE

Camiño, concello, condado, extremas, muíño, parroquia, ponte, río, terra, xurisdición.

INTRODUCCIÓN

Dende o tempo do Reino Suevo de Galicia, a Terra de Chamoso mantivo, substancialmente, a súa unidade organizativa e de señoríos territoriais.

As terras entre Chamoso e Neira que foran de presura e de reguengo, despois do curto período da dominación árabe, por sucesivas concesións reais van pasando na Idade Media a mans da Mitra lucense, ás dalgúns mosteiros e en especial a “tenentes” e condes, derivando a maioría, finalmente, cara aos poderosos Condes de Lemos, baixo cuxo dominio se mantiveron dende finais do século XV, organizadas arredor da “Pobra de Adai” e da “Pobra de San Xiao”, no Marquesado de Sarria, ata que se produciu a supresión dos señoríos polas Cortes de Cádiz.

Agás unhas poucas parroquias e coutos, pertencentes á xurisdición da cidade de Lugo e dos seus bispos, só algúns pequenos coutos permaneceron en mans de mosteiros, fidalgos e señores particulares e da Encomenda de Portomarín, esta como elemento protector do Camiño Francés do Biduedo a Lugo.

Para unha entidade territorial ampla e aberta como é a Terra de Chamoso non foi excesivo o esfrangullamento xurisdiccional e co gaño de parroquias na ribeira do Neira e na marxe dereita do Chamoso e a perda doutras pola banda de

López Arias, Xaime Félix

Meste, Graduado Social, Licenciado en Dereiro, Profesor de ensino de Adultos (xubilado). Avogado en exercicio en Sarria

Castroverde, cando en 1840 nace o concello do Corgo, este pode ser considerado o herdeiro natural das xurisdición das antigas A Pobra de Adai e A Pobra de San Xiao.

Maior esnaquizamento e variacións se observan na división eclesiástica, xa que aquel Condado de Chamoso do tempo dos suevos aparece fraccionado nos arciprestados chamados coutos de Lugo, Mestrescolía, Luaces, Picato, Farnadeiros e Sarria, con diversas agregacións e segregacións parroquiais ao longo dos séculos.

Pódese dicir que a organización territorial “civil” mantivo unha traxectoria máis lineal que a eclesiástica e, agás algúns brincos de extremas (casos de Franqueán, Vilarello, Santalla do Alto, etc.) as 38 parroquias do actual concello do Corgo formaron parte do Condado de Chamoso, no século VI, condado que agora se ve repartido entre os concellos do Corgo, Lugo, Láncara, Baralla e Castroverde.

1.-COMITATU FLAMOSIS

(569. *Concilium apud Lucum* ¿.....?).- “*Primus itaque Comitatus Flamosus dicitur per suas divisiones*”..... “E así o primeiro é o chamado Condado de Chamoso, polas súas extremas”

(572 ¿ ?) “*Primus Comitatus Flammosis oritur, ubi intrat Flumen Naria in Mineo, deducitur at montem Pando, procedit que Pennam majorem, et inde ad Cubarium montem, vertitur ad montem Lapium, procedens in directum at Petram Curbam et inde al Villarem Valentum; deduciturque per Petruzo de Viascones, recta linea per illo monte Ranemiri, in directa ad Villam Plana, exiens in directum ad Fontanum Vermenosum; ingraditur in Tunizello, procedens ad Recemir Villa, progrediens ad illa Mamola de monte Varone; per cacumen montis intrat in Elebrone, ubi intrat in Mineo*”.

“...O primeiro Condado é o de Chamoso que principia onde entra o río Neira no Miño, segue ao monte Pando, continúa ata Pena Maior e despois

vai ao Montecubeiro, volve cara ao monte Lapío, avanzando en dereitura á Pedra Curva e, desde alí, vai a Vilar de Valentes, conducindo todo dereito a Fonte Vermosa, penetra ata Tunicelo, avanzando ata a vila de Recemil, xirando cara a Mámoa do monte Varón e segue polo cume do monte e entra no (regueiro) Elebrón, onde este se xunta co Miño”.

(747.- Odoario ¿ ?).- *“In Ripa Minei in Elebron Ecclesia Sancti Romani; Ecclesia de Sancto Petro de Farnatarios, cum ejus familia ab integro; Sancta Eolalia de Quinte cum ejus familia ab integro; Sancto Stephani cum sua familia; Sancta Eolalia de Zerzeta cum ejus familia ab integro; Sancto Juliano de Monumento ab integro, cum ejus familia et hereditates, sicut est conclusa per illo valo omnique gyro nullo scurro fixo in Calleos janua per nullam justitiam secularem. In riva Flammoso et Ecclesia Sanctae Columbae ab integro cum ejus familia. Riva Tordena, Ecclesia Sanctae Eolallia Alta”*

“...Na ribeira do río Miño, no Elebrón, a igrexa de San Román; a igrexa de San Pedro de Farnadeiros, con toda a súa servidume; Santalla de Quinte cos seus servos en toda a súa integridade; Santo Estevo de Farnadeiros cos seus servos; Santalla de Cerceda con toda a súa servidume; San Xulián de Monumento íntegra cos seus servos e as herdades, segundo está delimitada polo valado que en todo o seu xiro non ten porta franca para ningunha xustiza secular. Na ribeira do Chamoso a igrexa de Santa Comba, integramente coa súa servidume. Na ribeira da Tórdea, a igrexa de Santalla do Alto...”

“...(1078).- *“.... quia erat veritas de Comitatus et de Regalengos, de illo Rex, prenomatos Rapati, Superata, Flamosi: isti nominati a parte Orientis...”*

“...porque era en verdade de Condado e de Reguengo, de El-Rei, os anteditos de Rábade, Sobrado e Chamoso: estes termos así nomeados están situados á parte do nacente”.

2. TERRA DE CHAMOSO.-

(832.- Adefonsus II).- *“... Sancti Salvatoris concedo Ecclesiae, que ante fuerant subditae Lucensis Ecclesiae, per cuncta saeculorum tempora, id est: Balvonica, Neyra, Flamoso, Sarria, Paramo, Froylani, Sabinianos, Sardinaria, Aviancos, Asma. Camba et Ecclesias de Dezon...”*

“...Concédlle a San Salvador (de Ovedo), as igrexas que antes estiveron suxeitas á igrexa de Lugo, por tempo de moitos séculos, son estas: Balboa, Neira, Chamoso, O Páramo, Froián, O Saviñao, Sardiñeira, Abeancos, Asma, Camba e as igrexas de Dozón...”

(897, Adefonsus III) .- *“....ex alia vero parte Minei in eodem Porto Framir in territorio Flamosi, Ecclesiam Sancta Eolaliae de Quinte cum ipsa Villa de Quinte quam fundaverunt nostri servi Quilinus, Verinus, Miro, Sirio, Seneorina, Maria, Laverigus, Minax et Asoredus; et in ipsu Portu de Framiri Villam de Coleses, et homines et hereditatis ex nostra familia: Ecclesiam Sancti Petri de Farnatarios; Ecclesiam Sancti Stephani, et Villam vocitata Portugale; Villam de Pousata e de Quintanela ; Villam de Malarici cum familia; Villam de Sisnandi ; Ecclesiam Sanctae Eolalia Alta , que fuit Domni Valeriani una cum Ecclesia Sancti Salvatoris; Ecclesiam Sancti Iuliani de Monumenta cum ipsa Villa et familia Regis; In ripa ejusdem Sancte Columbe quam Dominus Odoarius Lucensi Episcopus cum suas familia fundavit...”*

“...e en verdade da outra parte do Miño, no Porto de Framir, no territorio de Chamoso a igrexa de Santalla de Quinte coa Vila de Quinte que a fundaron os nosos servos: Quilino, Verino, Miro, Sirio, Seneorina, María, Laverigo, Minax e Asoredos; e no mesmo Porto de Framir, a Vila de Coeses e os homes e herdades dos nosos servos; a igrexa de San Pedro de Farnadeiros; a igrexa de Santo Estevo e a Vila chamada Portugal; a Vila de Pousada e a de Quintela; a Vila de Mariz coa servidume; a Vila de Sisnande; a igrexa de Santalla de Cerceda; tamén en Chamoso a igrexa de Santalla do Alto, que foi de don Valeriano, xuntamente coa igrexa de San Salvador (de Bande): a igrexa de San Xulián de Monumenta coa súa vila e os servos do Rei; na mesma ribeira, Santa Comba, que a fundou don Odoario cos seus servos...”.

(976 Adosinda faille doazón ao mosteiro de Samos de varias vilas)

“... villam propiam quam habeo de porcione parentum meorum in Mazaneta, ubi dicunt Scaureda, iuxta fluvium Tordena...”

“... unha vila propia miña que a teño de porción dos meus parentes en Maceda, onde din Escoureda, a carón do río da Tórdea...”

(1074, Doazón de Gelvira Ordoniz, filla de Adosinda Arie, ao mosteiro de Samos).

“... item en Flamoso ecclesia vocabulo sancti Michaelis el villa vocitata Lapiu cum aiunctionibus suis et iacent ambas inter Neira el Miño; similiter ibi in Flamoso, in valle quod vocitat Sanctum Petrum, villa vocabulo Villare cum suis aiunctionibus. Iestas villas iam dictas integras...”

“... ademais en Chamoso a igrexa chamada de San Miguel e a vila nomeada Lapío coas súas adxuncións e xacen ambas entre o Neira e o Miño; igualmente alí en Chamoso, no val que lle chaman San Pedro, a vila chamada Vilar coas súas adxuncións. Estas dúas vilas íntegras...”

(1120.- Bispo Petrus III, de Lugo): *“... Villam de Flamoso cum Familia; in litore Minei Villam de Pausata cum adjunctionibus et Familia; Ecclesiam Sancti Petri de Farnadarios, Sanctam Eulaliam de Quinte, villam de Coleses, Villar de Farnadarios, Sanctam Eolaliam de Cerceda, Vilam de Ansilam, Sanctum Julianum de Monumento, Sancta Eolaliam Altam una cum archipresbiteratu de Banti e tributibus omnibus; et universis Ecclesias a Litore Minei ad Monte Cupari et hereditates Sancti Martini et Sancte Eulalie et ceteras Villas de Bolanio, quoniam Ovetum in praedictis partibus Episcopalia jura licet injuste tenebat.”*

“... A vila de Chamoso cos seus servos. Na beira do Miño a vila de Pousada coas súas adxuncións e servidume; a igrexa de San Pedro de Farnadeiros, Santalla de Quinte, a vila de Coeses; Vilar de Farnadeiros, Santalla de Cerceda; A Vila de Anseán, San Xulián de Monumento; Santalla Alta xuntamente co arciprestado de Bande e con todos os seus tributos; e numerosas igrexas dende a ribeira do Miño ao Monte Cubeiro e coas herdades de San Martiño e Santalla e outras vilas en Bolaño, que todas elas tiña nas anteditas partes o bispado de Ovedo, aínda que por inxustos dereitos...”

(145.- Papa Eugenius).- *“.....Dilectis filiis Clero et Populo de Lemos, de Sarria, de Flamoso, de Paramo, de utraque Neira, de Navia de Suarna, de Buron, de Balonga, de Aviancos, de Camba et de Elma”*

“...Amados fillos, clero e pobo, de Lemos, de Sarria, de Chamoso, do Páramo, dunha e outra Neira, de Navia de Suarna, de Burón, de Valonga, de Abeancos, de Camba e de Elma...”

(1154, Emperador Adefonsus).- *“... per terminos statutos scilicet Neiram superiorem et inferiorem, Valongam, Flamosum, Froianos, Lemos, Verosimo, Savinianos, Paramos, Asma, Camba, Dezon et Aveancos...”*

“...polos termos establecidos, segundo estes son manifestos: Neira de Rei e Neira de Xusá, Valonga, Chamoso, Froián, Lemos, Brosmos, O Saviñao, O Páramo, Asma, Camba, Dozón e Aveancos...”

(Inventarium de Hereditatibus Lucensis Canonicae (de arredor de 1160)

“...Ecclesiam Sanctae Eolaliae Altae quam longo tempore posedit lucensis ecclesia...” “... Et in Felgosa, unde Suaris Muniz dedit sestam partem: Adefonsus Roderiquiz, tertiam et fit medietas: Item in Felgosa medietatem quam comparavit Domna Geloira Muniz de Munione Cidiz.....” “.....In territorio Flamoso villam de Maurey, tertiam partem quam dedit Xemena Sancii, cum ecclesia Sanctae Mariae et cum familiis, cum cauto, cum caritel et cum villa de Lago: Item simili modo de Ansiam, tertiam partem cum ecclesia et familia: In ripa Tordena, villam de Palatios cum ecclesia et familiis e adjunctionibus et caritel et cauto, videlecit, tertiam partem, de ipsis hereditatibus prenomminatis: Marij et Ansiam et Palatios, (unde) dedit Sancius Sancii quartam partem cum omni suo directo: Item de Ansiam villam quam dedit Maria Muniz pro anima sua: In Villa nova hereditatem quae fuit de Froila Guimaraz: Sanctio Juliani de Tordenella, sestam partem, quae fuit de Domna Guixavara; et portionem de Froila Vimaraz: In Franquiam, ubi dicunt Veiga, quartam partem, quam dedit Munio Eriz: et aliam quartam, quam dedit Froila Vimaraz: cum quarta de ipsa ecclesia: Sanctun Julianum de Monumentum quam per longum posedit Lucensis Ecclesia cum adjunctionibus suis ab íntegro: In ripa Tordena Vilam quam dicunt Bonam: et in Petrafitia villam quam dicunt Gallinarios, quas dedit Froila Vimaraz: In ripa Flamosi. villam quam dicunt Dunalbam, quam dedit Pelagius Garsia pro anima sua: In ipsa villa homines cum hereditatibus, quae per longum tempus possedit Lucensis Ecclesia: In Caprarios homines cum hereditatibus suis: In.....homines cum hereditatibus: In territorio Farnadarios ecclesiam Sanctae Eolaliae de Cerceda: et ecclesiam Sanctae Eolaliae de Quinte: et ecclesiam Sancti Petri de Farnadarios: istas

ecclesias cum omni suo directo ab integro: Villam de Sernandi cum familiis ab integro: Villam de Villar, quam dedit Rudericus Petriz: Villam de Pousada cum familiis et adjunctionibus suis et caritel et cautum per longum tempus possedit Lucensis Ecclesia: Villam de Quinti cum hominibus et hereditatibus suis ab integro: Villam de Portu cum hominibus et hereditatibus suis ab integro: In Framir hereditatem cum familia: In Villar hereditate, quae fuit de Froila Alvariz cum omni sua progenie: In Quintanella hereditatem et familiam: In ripa Flamosi in ipsa villa quam dicunt Flamoso duas quintas de ipsa villa et cauto (quod dedit) comitissa Domna Onega pro animabus filiorum suorum.....”

“ ... A igrexa de Santalla do Alto que por longo tempo a posuíu a igrexa de Lugo...” “... E en Folgosa, na que Suaris Muniz deu a sexta parte: Adefonsus Roderiquiz, unha terza e fixo así a metade: tamén en Folgosa a metade que comprou dona Geloira Muniz a Munione Cidiz...” “...-No territorio de Chamoso na vila de Marei, unha terza parte que a deu Xemena Sancii, coa igrexa de Santa María e cos servos, co couto, co caritel e coa vila de Lago; tamén da mesma maneira en Anseán, unha terza parte coa igrexa e os servos: na ribeira da Tórdea, a vila de Pacios coa igrexa e os servos e coas adxuncións e caritel e o couto, é a saber, a terza parte, desas herdades anteditas: Marei e Anseán e Pacios, nas que deu Sancius Sancii a cuarta parte con todo o seu dereito: Tamén en Anseán a vila que deu María Muniz pola súa ánima: na Vila Nova a herdade que foi de Froila Guimaraz: en San Xulián de Tórdea, a sexta parte, que foi de Dona Guixavara; e a porción de Froila Vimaraz: en Franqueán, onde din A Veiga, a cuarta parte, que a deu Munio Eriz: e outra cuarta, que a deu Froila Vimaraz; coa cuarta parte desa igrexa: San Xulián de Monumento que por longo tempo a posuíu a igrexa de Lugo, integramente, coas súas adxuncións: na ribeira da Tórdea a Vila que din Boa: e en Pedrafita a vila que din Galiñeiros, que a deu Froila Vimaraz: na ribeira do Chamoso a vila que din Donalbán, que a deu Pelagius Garsia pola súa ánima: nesta vila os homes coas herdades, que por longo tempo posuíu a igrexa lucense: en Cabreiros, os homes coas herdades súas: en... os homes coas herdades: no territorio de Farnadeiros a igrexa de Santalla de Cerceda: e a igrexa de Santalla de Quinte: e a igrexa de San Pedro de Farnadeiros: estas igrexas con todo o seu dereito integramente: a Vila de Sernande con todos os

servos: a Vila de Vilar, que a deu Rudericus Petriz: a Vila de Pousada cos servos e as súas adxuncións e caritel e couto que por longo tempo os posuíu a igrexa lucense: a Vila de Quinte cos homes e herdades de seu integramente: a Vila de Porto con todos os homes e herdades de seu: en Framil a herdade cos servos: en Vilar a herdade, que foi de Froila Alvariz con toda a súa proxenie: en Quintela a herdade e os servos: na ribeira do Chamoso, nesa vila que din Chamoso, as dúas quintas partes desa vila e couto (que deu) a condesa dona Onega polas animas dos seus fillos...”

(1234)“...*duodecimam partem Ecclesiae de Sancta Maria de Pineiro, quae est in territorio de Flamoso cum omnibus pertinentiis...*”.

“... a doceava parte da igrexa de Santa María de Piñeiro, que está en Terra de Chamoso, con todas as súas pertenzas...”.

(1317: Frei Joan , bispo de Lugo).- “... *ena yglejia de Santa Maria de Piñeyro, que esta e he en terra de Chamoso, ena qual terra vos avedes jurisdizon por razon de Maestrescolia; E este Padroadigo que nos habemos ena Yglejia de Santa Maria de Piñeyro, ajuntamolo para senpre de consentemento , e ouotorgamento do Cavido da Yglejia de Lugo..” ..(Pedro Yanes)..” ..*toda a jurisdizon, quanta eu hey ena Yglijia de San Salvador de Rimian de instituir, de visitar, de correger...*”.*

(CORNIDE, Xosé.- *Los viajes de José Cornide por España y Portugal, de 1754 a 1801*).

“ ...Desde Carracedo a Lugo hay cuatro leguas, la primera a la PONTE DE LAGO, situada sobre el río Tórdea, la segunda al Hospital de Chamoso y las dos a Lugo, sin que en este espacio haya lugar de consideración.

Toda la tierra es la que llaman de Chamoso que se extiende desde las riberas de Riomol y Uriz hasta el Neira y se riega por el ya dicho Tórdea, por el río Galiñeiros, y otros dos o tres arroyos de poco nombre y cuyas aguas sólo se aprovechan en algunos prados.

Chamoso es fértil en centeno, poco trigo, muchos nabos, castaña, ganado vacuno y de lana y algún caballar, y así en Chamoso como en las dos riberas de Uriz son muy comunes los curtidos...”

3. JURISDICCIÓN E POBRA DE ADAI (marquesado de Sarria).-

A xurisdición da Pobra de Adai, na que había un meiriño nomeado polos condes de Lemos, formaba parte do marquesado de Sarria (Estado de Sarria). A vila da Pobra de Adai e o seu alfoz era cabeceira dunha unidade territorial formada polas seguintes parroquias: 01.- Adai. 02.- Arcos. 03.- Bergazo. 04.- Cabreiros. 05.- Camposo. 06.- Castrillón. 07.- Cellán. 08.- San Bartolomeu de Chamoso. 09.- San Cristovo de Chamoso. 10.- O Corgo. 11.- Espasande. 12.- Santo Estevo de Farnadeiros. 13.- Santo Estevo de Folgosa. 14.- San Martiño de Folgosa. 15.- Franqueán. 16.- Laxosa. 17.- Marei. 18.- Miranda. 19.- Paderne. 20.- Piñeiro. 21.- Queizán. 22.- Quinte. 23.- Sabarei. 24.- San Pedro de Farnadeiros. 25.- Manán de Abaixo. 26.- Moreira. 27.- Santo André de Chamoso. 28.- Souto de Torre. 29.- Soutomerille.

(1454-1491) Documento feito na Pobra de Adai. Ano do nacemento do noso señor Xesucristo de mil e catrocentos e noventa e un anos des e nove dias andados do mes de maio ena vila de Adai ante Gomes Alvares alcalde ordenario eno dito lugar parecio ende de presente Frei Juao flaire eno dito moosteiro de Santa Maria Madalena de Sarria e presentou ante o dito alcalde un libro de notas que dizia quedado de Lopo de Luases notario publico defunto.....Tests. que foron al autorgamento de las ditas notas Diego Dias do Corgo e Juao de Luases e Roi de Gondel e Pero Nunes, fillo de Alonso Saavedra.

(1.10.1495) Sobre a administración da xustiza na Pobra de Adai. Iniciativa para que se lles faga xustiza aos veciños das Pobras do Alfoz de Adai, San Xiao e Triacastela, que son en Galicia, sobre a razón do costume que teñen de librarens os preitos civís e criminais neles, polos seus alcaldes, e non iren a emprazamentos de meririños e xuíces da vila de Sarria e da súa fortaleza, agás por vía de apelación.

(1734) Preito proposto por Tomé Pardo Montenegro, veciño da Pobra de Adai.

(1737) Preito de fidalguía proposto por Agostiño Sanchez Cedrón, de San Xulián de Campelo, da xurisdición da Pobra de Adai.

(1805) Preito de fidalguía proposto por Anxo Silva, de San Xoán do Corgo, da xurisdición da Pobra de Adai.

(1805) Preito de fidalguía proposto por Anxo Silva, de San Xoán do Corgo, da xurisdición da Pobra de Adai.

PAZOS GARCÍA, Diego (1916): *Apuntes acerca de la Historia la Villa y comarca de Sarria*.

“A Pobra de Adai, xurisdición ordinaria dunha pequena vila, con casa de Audiencia e cárcere e 27 freguesías e os coutos de Marrondo e Fonteita, con 1000 vasalos, escribán e meiriño”.

A xurisdición da Pobra de San Xiao abarcaba as freguesías de: Abragán, Bande, Camposo, Cela, Cerceda, Escoureda, Lapio, Maceda, Moscán (Sta. Cruz), Moscán (Sta. M.^a Madanela), Muro, Neira, Santalla, Viance, Vilaleo, Vilarello e Vilafiz.

Á xurisdición da cidade de Lugo pertencíanlle as parroquias de Segovia e Vilachá de Chamoso.

Á xurisdición da Encomenda de Portomarín pertencíanlle a parroquia de Manán de Arriba.

COUTOS

Ademais das xurisdicións anteditas había pequenos coutos señoriais con curto número de vasalos.

En San Pedro de Arxemil: Arxemil, Perliños e Boelle

En Fonteita: O Barrio, Chavín e Baldomiro

Franqueán: Couto do Vilar de Oubime e Couto do Bispo de Lugo

En Farnadeiros e San Fiz de Paradela: Paradela e Placer; Vilanova; San Fiz e Chamoso.

Diccionario Madoz (1845).- Antiga xurisdición da provincia de Lugo. Compúñase dunha vila e 29 freguesías, ás que lle nomeaban xuíz ordinario por distintos señores, e a saber: o conde de Lemos á Vila de Adai e freguesías de Adai, Arcos, Bergazo, Cabreiros, Camposo, Castrillón, Cellán, San Bartolomeu de Chamoso, San Cristovo de Chamoso, O Corgo, Espasande, Santo Estevo de Farnadeiros, Santo Estevo de Folgosa, San

Martiño de Folgosa, Franqueán, Laxosa, Marei, Miranda, Paderne, Piñeiro, Queizán, Quinte e Sabarei e polo mesmo conde e o cabido de Lugo a de San Pedro de Farnadeiros; polo conde e a Encomenda de Portomarín (relixión de San Xoán) a Manán de Abaixo; pola mesma casa de Lemos e o mosteiro de Meira (orde de San Bernardo) a de Moreira; polo citado conde e o marqués de Castelar a Santo André de Chamoso; a Souto de Torre pola casa citada e finalmente a Soutomerille por don Xoán de Neira e don Manuel Pallín.

4. O PRIMEIRO CONCELLO CONSTITUCIONAL DE ADAI (1820/ 1823).-

Formou parte do Partido xudicial de Lugo (n.º 46) no que se integraron os 16 novos concellos constitucionais, que indicamos, ordenados pola súa contribución anual :

Lugo (259.526 Rs 27 Ms); San Martiño de Carballido (19.834 Rs 3 Ms); San Miguel de Bacurín (18.769 Rs 13 Ms); Adai (13.695 Rs 17 Ms); O Páramo (12.004 Rs 6 Ms); San Xoán do Campo (10.701 Rs 15 Ms); Castro de Rei (9.856 Rs 23 Ms); Ferreira de Pallares (8.989 Rs 17 Ms); San Xoán de Portomarín (8.021 Rs); Friol (7.880 Rs 20 Ms); Torredez (7.819 Rs 17 Ms); A Pobra de San Xiao (6.769 Rs 3 Ms); Luaces (6.440 Rs 6 Ms); Riomol (2.424 Rs 17 Ms); Lea (2.420 Rs 27 Ms).

Carecemos, de momento, de fontes fiables para coñecermos cales eran as parroquias que o compoñían, sendo de supoñer que, substancialmente, estaría formado polas parroquias da antiga xurisdición da Pobra de Adai, menos algunhas freguesías que se integrarían nos concellos de Lugo e Riomol.

5. A VOLTA AO SISTEMA DE XURISDICIÓNS E COUTOS.-

Entre 1823 e 1835, a reacción absolutista, trouxo como consecuencia a supresión do sistema municipal, aínda que por motivos prácticos puido haber algunhas actuacións modificadoras, por agregación e segregación de coutos, estando rexidas as xurisdicións por alcaldes reais.

6. O SEGUNDO CONCELLO CONSTITUCIONAL DE ADAI (1835/1840).-

A dificultade de sistematizar a difusa información referida aos recuperados concellos

constitucionais, leva a pensar que, nun primeiro momento, os concellos de 1837 estivesen formados polas mesmas parroquias dos concellos de 1820/1823.

O certo é que varias das parroquias do actual concello do Corgo variaron a súa pertenza a un ou a outro concello e foron adscritas aos partidos de Lugo, Sarria e Cruzul, segundo soprasen os ventos da política.

O segundo concello de Adai, antecedente principal do actual concello do Corgo, debeu de estar integrado por non menos de 27 parroquias e entre elas estaban Paderne, Sabarei, Miranda, Franqueán e Piñeiro.

No concello da Pobra de San Xiao estaban 8 parroquias que, en 1840, pasaron a formar parte do concello do Corgo: Castrillón, Cerceda, Lapio, Maceda, Abragán, Camoso, Cela e Escoureda.

E, finalmente, eran do concello de Lugo, como procedentes da antiga xurisdición da cidade bispal, as parroquias de Segovia e Vilachá de Chamoso.

Entre os anos 1837 e 1840, o concello de Adai perdeu as parroquias de Paderne (que pasou a Lugo), Sabarei (que pasou á Pobra de San Xiao), Miranda (que pasou a Neira de Rei) e Franqueán (integrada en Láncara)

O Partido xudicial de Lugo, nese tempo, estaba formado polos concellos de Lugo, Outeiro de Rei, Ferreira de Pallares, Friol, Castro de Rei, Luaces, Casterverde e Adai.

7. CONCELLO DO CORGO (1840).-

Por circular da Xunta de Goberno Provisoria da provincia de Lugo, de 9 de outubro de 1840, foi acordado reformar a división xudicial e municipal da provincia e así a parroquia de Santa Mariña de Franqueán pasou integrarse no Partido de Lugo, ao tempo que se suprimiron un total de trinta concellos.

Créase un novo concello, o do Corgo, dentro do Partido xudicial de Lugo (Lugo, Outeiro de Rei, Guntín, Friol, Castro de Rei, Pol, Casterverde e O Corgo), quedando subsistentes os concellos da antiga división ata que se verificaron as novas eleccións.

Dende entón, perdido o peso histórico da Pobra de Adai, en Terra de Chamoso, as parroquias de entre Chamoso e Neira levarán a denominación de **CONCELLO DO CORGO**, pesando substancialmente na nova situación de capitalidade a maior centralidade do lugar e o feito de estar na estrada xeral de Madrid á Coruña, aínda que non contaba nin con Casa de Audiencia nin con cárcere propias e si que as había na cabeceira da antiga xurisdición.

RELACIÓN DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DO CORGO (BOPL, 28.02.1845).

A repartición da “Contribución por palla e utensilios”, do ano 1845, entre as parroquias permite coñecer a maior ou menor entidade dentro do conxunto e a capacidade fiscal das parroquias, establecendo xa definitivamente a estrutura municipal, mantida sen variacións parroquiais dende entón:

01.- Abragán, San Bartolomeu (70 reais); 02.- Adai, Santiago (100 reais); 03.- Alto, Santalla (141 reais); 04.- Anseán, Santa Catarina (65 reais); 05.- Arxemil, San Pedro (106 reais); 06.- Bergazo, San Fiz (79 reais); 07.- Cabreiros, Santa Mariña (53 reais); 08.- Campelo, San Xoán (72 reais); 09.- Camposo, Santiago (88 reais); 10.- Cela, San Xoán (143 reais); 11.- Cerceda, San Pedro (144 reais); 12.- Chamoso, Santo André (162 reais); 13.- Chamoso, San Cristovo (100 reais); 14 Chamoso, San Bartolomeu (53 reais); 15.- O Corgo, San Xoán (106 reais); 16.- Castrillón, San Salvador (100 reais); 17.- Escoureda, Santa María Madalena (18 reais); 18.- Farnadeiros, Santo Estevo (90 reais); 19.- Farnadeiros, San Pedro (173 reais); 20.- Folgosa, Santo Estevo (177 reais); 21.- Folgosa, San Martiño (196 reais); 22.- Franqueán, Santa María (117 reais); 23.- Fonteita, Santiago (212 reais); 24.- Gomeán, Santiago (231 reais) ;25.- Lapío, San Miguel (104 reais); 26.- Laxosa, Santiago (149 reais); 27.-Maceda, San Pedro (50 reais); 28.-Manán de Abaixo, San Cosme (61 reais); 29.- Manán de Arriba, Santa María Madalena (56 reais); 30.- Marei, Santa María (236 reais); 31.- Paradela, San Fiz (168 reais); 32.- Pedrafitas, San Miguel (107 reais); 33.- Piñeiro, Santa María (100 reais); 34.- Queizán, Santa María (100 reais).- 35.- Quinte, Santalla (110 reais); 36.- Sabarei, Santa María Madalena (139 reais); 37.- Segovia, San Xoán (80 reais); 38.- Vilachá de Chamoso, San Xulián (80 reais).

Diccionario Madoz (1845).- Concello na provincia, diocese e Partido xudicial de Lugo (2 légoas), Audiencia territorial e Capitanía xeral da Coruña (16 légoas e media). SITUACION: ao SL da capital de provincia e á esquerda do río Miño, con CLIMA frío, mais bastante san; componse das freguesías de: Abragán, S. Bartolomeu; Adai, Santiago; Alto, Santalla; Anseán, Santa Catarina; Arxemil, San Pedro; Bergazo, San Fiz; Cabreiros, Santa Mariña; Campelo, San Xulián; Camposo, Santiago; Cela, San Xoán; Cerceda, San Pedro; Chamoso, Santo André; Chamoso, San Cristovo; Chamoso, San Bartolomeu; O Corgo, San Xoán; Castrillón, San Salvador; Escoureda, Santa María Madalena; Farnadeiros, Santo Estevo; Farnadeiros, San Pedro; Folgosa, Santo Estevo; Folgosa, San Martiño; Fonteita, Santiago; Franqueán, Santa María; Gomeán, Santiago; Lapío, San Miguel; Laxosa, Santiago; Maceda, San Pedro; Manán de Abaixo, Santa María Madalena; Manán de Arriba, San Cosme; Marei, Santa María; Paradela, San Fiz; Piñeiro, Santa María; Quinte, Santalla; Sabarei, Santa María Madalena; Segovia, San Xoán; Vilachá de Chamoso, San Xulián e Vilarello, Santa María (*), que reúnen sobre 1.200 CASAS entre os diversos lugares e aldeas de que se compón; o concello reside no Corgo e carece de casa propia así como de cárcere e de escolas dotadas. O TERMO confina cos de Láncara e O Páramo do Partido de Sarria e co de Guntín que o é de Lugo; percórrense grande número de arroxos que como os de Mazandán e Tórdea baixan a se uniren ao Neira, que enriquecido co seu afluente, o Sarria, corre a mesturar as súas augas coas do Miño, que leva o seu curso de N a S polo O do distrito e termo de Quinte e Cerceda. O TARREO participa de monte a chaira con pouco arboredo e encóntranse bos prados de pasto. Os CAMIÑOS que dende Becerreá se dirixen a Lugo e dende esta cidade á Ponte de Neira e á Ponte de Carracedo cruzan o territorio, áchanse pouco coidados e mellores as pontes que facilitan o paso. O CORREO recíbese de Lugo. PRODUCIÓNS: xeralmente cereais, legumes, hortalizas e froitas; cría gando de todas especies; hai caza e algunha pesca. INDUSTRIA: a agrícola, muíños fariñeiros, pouca arrearía e varios oficios de primeira necesidade. COMERCIO: o que proporcionan os mercados inmediatos, con especialidade o de Lugo, a onde levan o sobranse das súas colleitas e se abastecen dos artigos ultramarinos e outros que necesitan. POBOACIÓN: 1.160 veciños, 5.802 almas. RIQUEZA E CONTRIBUCIÓN: cadro

sinóptico co partido. O ORZAMENTO MUNICIPAL: está cuberto por repartición entre os veciños por causa de non teren propios nin arbitrios. Nota (*): Santa María de Vilarello acabou integrándose no concello de Láncara.

8. PARROQUIAS ACTUAIS.-

01.- San Bartolomeu de Abragán .02.- Santiago de Adai.- 03.- Santalla do Alto. 04.- Santa Catarina de Anseán. 05.- San Pedro de Arxemil. 06.- San Fiz de Bergazo. 07.- Santa Mariña de Cabreiros. 08.- San Xulián de Campelo. 09.- Santiago de Camposo.- 10.- San Salvador de Castrillón. 11.- San Xoán de Cela.- 12.- San Pedro de Cerceda. 13.-San Xoan do Corgo. 14.- Santo André de Chamoso. 15.- San Bartolomeu de Chamoso. 16.- San Cristovo de Chamoso. 17.- Santa María de Escoureda. 18.- Santo Estevo de Farnadeiros.19.- San Pedro de Farnadeiros. 20.- Santo Estevo de Folgosa. 21.- San Martiño de Folgosa. 22.- Santiago de Fonteita. 23.-Santa María de Franqueán. 24.-Santiago de Gomeán. 25.-San Miguel de Lapío. 26.-Santiago de Laxosa. 27.- San Pedro de Maceda. 28.-San Cosme de Manán. 29.- Santa María Madalena de Manán. 30.- Santa María de Marei. 31.- San Fiz de Paradela. 32.- San Miguel de Pedrafita. 33.- Santa María de Piñeiro. 34.-Santa María de Queizán. 35.- Santalla de Quinte. 36.- Santa María Madanela de Sabarei. 37.- San Xoán de Segovia. 38.- San Xulián de Vilachá.

9. CAMIÑOS.-

Vía XX .- Camiño Francés de Viduedo a Lugo.- Camiño Francés de Lugo a Monforte de Lemos.- Camiño de Monforte a Meira.- Camiño da Ponte de Neira a Castroverde.- Camiño da Pobra de Adai a Lugo .- Camiño Real de Madrid á Coruña.- Estrada de Nadela a Valdeorras.- Camiño de Ferro de Palencia á Coruña.- Estrada Nacional VI.- Autovía A-6.

10. ARCIPIRESTADOS.-

1755

As parroquias do actual concello do Corgo formaban parte de catro arciprestados.

COUTOS DE LUGO: San Xulián de Vilachá de Chamoso (era anexo de San Mamede dos Anxos, que tiña tamén por anexo a Santo André do Castro. Provisión alternativa entre o cabido de Lugo e a

casa e couto de Lamas de Moreira. Renda: 2.200 reais). -San Xoán de Segovia (era anexo de San Pedro de Romeán, que tamén tiña por anexo a Santo Estevo de Paderne. (Provisión da Súa Maxestade e o bispo de Lugo. Renda: 3.000 reais)...

FARNADEIROS: San Pedro de Cerceda con Santalla de Quinte (provisión da Súa Maxestade e o cabido de Lugo. Renda: 1.100 reais).- San Pedro de Farnadeiros con Santo Estevo de Farnadeiros (provisión da Súa Maxestade e o cabido de Lugo. Renda: 800 reais) .- San Miguel de Lapío con Santa María Madanela de Sabarei (provisión da Súa Maxestade e o cabido de Lugo. Renda: 2.200 reais).- Santa María Madanela de Manán de Arriba (parroquia exenta, era da Encomenda de Portomarín da Orde de San Xoán do Hospital de Xerusalén. En 1874 pasou para a diocese de Lugo) . -San Fiz de Paradela con Santa Mariña de Cabreiros. (Provisión laical do conde de Lemos. Renda: 2.200 reais). (Total: 9)

PICATO: San Bartolomeu de Abragán (vicariato de provisión do mosteiro de Samos, que lle pagaba ao cura. Suprimida como parroquia antes de 1890) .- Santa María de Marei con Santiago de Gomeán. (Provisión da Súa Maxestade e o cabido de Lugo, alternando co Bispo. Renda: 2.200 reais).- Santalla de Picato (Santalla do Alto) con San Salvador de Castrillón (provisión laical do conde de Lemos. Renda: 1.000 reais).- Santa María de Franqueán (anexo de San Salvador de Toirán, da que tamén era anexo Vilarello. Provisión laical do señor de Láncara. Renda: 2.200 reais). (Total: 6)

MESTRESCOLÍA: Santiago de Adai con Santa María de Piñeiro (provisión laical do conde de Lemos. Renda: 1.000 reais) .- Santa Catarina de Anseán (provisión laical do conde de Altamira. Renda: 800 reais) .- San Pedro de Arxemil con San Bartolomeu de Chamoso e San Miguel de Pedrafita (provisión dos morgados de Arxemil e Pedrafita e o convento da Nova de Luio. Renda: 2.200 reais).- San Xoán do Corgo con San Fiz de Bergazo e San Cristovo de Chamoso. (Provisión laical do conde de Lemos. Renda: 2200 reais). - San Pedro de Santo André de Chamoso (provisión laical do marqués de Castelar. Renda: 1.100 reais).- San Martiño de Folgosa, con San Xoán de Folgosa, San Pedro de Folgosa e Santo Estevo de Folgosa (provisión laical de varias voces. Renda: 2.200 reais). - Santiago de Fonteita (provisión laical do dono do couto de San Pedro de Cellán.

Renda: 800 reais).- Santiago de Laxosa con San Cosme de Manán de Abaixo (provisión laical do conde de Lemos. Renda: 1.500 reais).- Santa María de Queizán con San Xulián de Campelo (a provisión de Queizán, laical de varias voces, a de Campelo, do cabido de Lugo). (Total: 19).

SARRIA: Santiago de Camposo, con San Xoán de Cela e San Pedro de Maceda (provisión laical do conde de Lemos. Renda: 4.000 reais).- Santa María Madalena de Escoureda (provisión laical do Señor de Láncara. Renda: 2000 reais)... (Total: 4).

1915

FARNADEIROS (20).- Parroquias: Anseán.- Cerceda.- O Corgo.- Chamoso.- Escoureda.- Farnadeiros.- Laxosa.- Lapío.- Marei.- Paradela. (Total: 10).

Anexos: Bergazo.- Cabreiros.- Cela.- Chamoso.- Farnadeiros.- Maceda.- Manán de Abaixo.- Manán de Arriba.- Quinte e Sabarei. (Total: 10).

PICATO (20): Bande.- Covas.- Folgosa.- Franqueán.- Láncara.- Muro.- O Páramo.- Picato.- Toirán.- Touville.- Vilaleo. (2 do Corgo, 9 outros concellos).

Anexos: Agustín.- Alto.- Carracedo.-, Gomeán.- A Lama.- Lebruxo.- Recesende.- Traslite.- Vilarello. (Total: 2 do Corgo, 7 outros concellos).

MESTRESCOLÍA (22).- Parroquias: Adai.- Arcos.- Arxemil.- Barredo.- Fonteita.- Gondar.- Goi.- Monte.- Moreira.- Queizán.- Romeán. (Total: 4 do Corgo, 7 outros concellos).

Anexos: Campelo.- Paderne.- Pedrafita.- Piñeiro.- Recesende.- Segovia.- Soutomerille.- Souto.- Tórdea (Total: 4 do Corgo, 6 outros concellos). Eclesiasticamente aparecen suprimidas seis parroquias.

2013

ARCIPRESTADO DE LUGO.- 01.- Santiago de Adai . 02.- Santalla do Alto. 03.- San Pedro de Arxemil. 04.- San Fiz de Bergazo. 05.- Santa Mariña de Cabreiros. 06.- San Xulián de Campelo. 07.- San Salvador de Castrillón. 08.-San Xoán do Corgo. 09.- Santo André de Chamoso. 10.- San Bartolomeu de Chamoso. 11.- San Cristovo de Chamoso. 12.- Santo Estevo de Folgosa. 13.- San Martiño de Folgosa. 14.- Santiago de Fonteita. 15.- Santa María de Franqueán. 16.-Santiago de

Gomeán. 17.-Santiago de Laxosa. 18.- San Miguel de Pedrafita. 19.- Santa María de Piñeiro. 20.- Santa María de Queizán. 21.- San Xoán de Segovia. 2.- San Xulián de Vilachá.

ARCIPRESTADO DE SÁRRRIA-SAMOS.- 01.- San Bartolomeu de Abragán. 02.-Santa Catarina de Anseán. 03.- Santiago de Camposo. 04.- San Xoán de Cela. 05.- San Pedro de Cerceda. 06.- Santa María de Escoureda. 07.- Santo Estevo de Farnadeiros. 08.- San Pedro de Farnadeiros. 09.- San Miguel de Lapío. 10.- San Pedro de Maceda. 11.-San Cosme de Manán. 12.- Santa María Madalena de Manán. 13.- Santa María de Marei. 14.- San Fiz de Paradela. 15.- Santalla de Quinte. 16.- Santa María Madalena de Sabarei.

(Nesta nova reordenación aparecen recollidas as 38 parroquias da relación civil, sen supresión de ningunha delas, que pasan a seren servidas, debido ao pouco número de cregos existente, por sacerdotes que atenden o pasto espiritual de varias delas ao mesmo tempo, desaparecendo a antiga figura do curato e anexos e mesmo sen teren residencia fixa nelas).

11.EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN DO CONCELLO DO CORGO.-

1845	(5.082 habitantes)
1873	(7.325 habitantes)
1887	(6.616 habitantes)
1900	(6.813 habitantes)
1910	(7.288 habitantes)
1920	(8.031 habitantes)
1930	(7.775 habitantes)
1940	(8.065 habitantes)
1950	(8.544 habitantes)
1960	(7.399 habitantes)
1970	(5.454 habitantes)
1981	(5.001 habitantes)
1991	(4.768 habitantes)
1996	(4.556 habitantes)
2013	(3.730 habitantes)

CONCLUSIÓNS

Os datos referidos á xeografía física e política do actual concello do Corgo e aos seus lugares e parroquias, recollidos de fontes documentais, permiten coñecer a evolución poboacional e as tendencias de fixación e desenvolvemento e deberían levar a que, de maneira sistemática, se

faga un máis amplo traballo de campo no que, parroquia a parroquia e lugar a lugar, se estuden as diferentes comunidades que o conforman levando adiante un labor de recollida da toponimia menor, o censo de casas actuais e das xa desaparecidas, con identificación dos nomes tradicionais, facendo un sistemático estudo poboacional, tendo en conta a ampla documentación procedente dos arquivos parroquiais que se custodia no Arquivo Diocesano, Arquivo Municipal, compilación de libros, publicacións, biografías, notas xornalísticas, etc. relacionadas co concello do Corgo ou coas xentes das terras de Chamoso e Neira.

A formación desa base documental é tarefa urxente, porque o proceso de despoboamento do medio rural leva, sen dúbida, á perda de informadores, e, por exemplo, se aínda se conserva memoria dos nomes dos penedos, das portelas, das congostras e das fontes, é preciso dar comezo a ese traballo de campo, no convencemento de que, en poucos anos, centos de puntos da xeografía local corguesa perderán toda referencia, ocultos polos matos que inzan os leiros e pola arañeira do esquecemento froito da perda dos homes e mulleres que os singularizaban e individualizaban.

¿Cantos dos topònimos que en 1753 sinalaban estremas parroquiais son coñecidos hoxe ?.
 ¿Cantos nomes de montes, leiros e prados se perderon no camiño da nugalla ao permitiren as deturpaciònns consagradas no Catastro de Rústica ou na cartografía oficial, de maneira caprichosa e totalmente intolerable?

Se non se leva adiante o labor de fixar científica e documentalmente, cantos máis datos mellor,

referidos aos actuais núcleos de poboación, en poucas décadas non quedará lembranza de moitos nin haberá concreción dos poucos que resten.

Co presente traballo, no que aparecen uns poucos datos referidos á Terra de Chamoso, que deben dar lugar a un traballo de actualización, preténdese sensibilizar os lectores para que cadaquén, no seu eido parroquial, faga o labor de pescuda preciso e, en definitiva, reunindo todos os datos, se forme un corpus amplo e documentado no que se recolla todo o que sobre o pasado aparece espallado en diversos fondos e publicacións e tamén se recolla o que, no presente, son as comunidades poboacionais corguesas.

BIBLIOGRAFÍA:

GARCÍA CONDE, Antonio; LÓPEZ VALCÁRCEL, Amador.- "Episcopologio Lucense" (Lugo, 1991).

LÓPEZ ARIAS, Xaime.- *Santa María Madalena de Sarria* (Deputación Provincial de Lugo, 1996).

PAZO LABRADOR, Alberte e SANTOS SOLLA, Xosé Manuel.- *Poboación e Territorio*.

Diccionario Madoz (1845/1850)

Diocese de Lugo: *Guía Eclesiástica de la Diócesis de Lugo*.- Imprenta Gerardo Castro (1915).

As Parroquias Galegas nos últimos cen anos. Xunta de Galicia. CEOU. (1984).

Tumbo Vello da Catedral de Lugo

ÁLVAREZ, Lucas.- *Tumbo de Samos*



RESUMO

Dedicada a Mercurio e unida ao mundo dos camiños e das transaccións comerciais, polos diferentes arqueólogos que investigaron a peza, a Ara votiva de “Adai” -O Corgo, Lugo- é unha testemuña do pasado multiseccular desta terra e da súa esfera espiritual. Na presente investigación, preséntase un novo punto de vista, unha análise da peza no seu contorno, que abre unha nova vía de interpretación a partir do rexistro cristianizado da zona.

PALABRAS CLAVE: Museo Diocesano Catedralicio de Lugo, cosmovisión cultural, *Gallaecia*, Ara votiva, Mercurio, epigrafía, Itinerario Antonino, *interpretatio*-asimilación, culto á auga, “fonte das Virtudes”.

LIMIAR

Neste mes de abril, fixo noventa anos que a Ara votiva de “Adai” -O Corgo, Lugo- entrou a formar parte do daquela Museo Diocesano -agora tamén Catedralicio, e en adiante Mdc- de Lugo, nun momento no que ventaban uns aires novos nos que a conciencia popular comezaba preocuparse pola súa propia historia e polo seu pasado multiseccular; no que os achados da *Gallaecia* eran “casuais” e onde Alfredo Lorenzo López, Luís López Martí e Amador Montenegro comezaban artellar o que agora son os dous museos principais da cidade, o Mdc e o Museo Provincial.

Foi no primeiro deles, o primeiro museo diocesano da Galiza e a primeira entidade museística de Lugo, no que, en abril de 1924, a Ara votiva de “Adai” pasa a formar parte da súa colección permanente. Desde aquela a promesa de *Maxumus* fillo de *Secundus*, comparte a súa historia e esta cremos que está indisolubelmente unida á auga e á cosmovisión cultural manifestada na Galiza desde os albores dos tempos.

DO PRETEXTO AO CONTEXTO

No mundo romano, a única obriga que tiña unha comunidade étnica ou política era a de render culto aos deuses protectores instalados nelas, ao longo da súa historia, polos seus antepasados, que, coma indica Le Roux, constituía o *mos maiorum*¹ ou o costume dos devanceiros². En realidade, e

CASAL CHICO, Carolina

Investigadora e Museóloga.
Conservadora Museo Diocesano
Catedralicio de Lugo ccasalchico@gmail.com

Á xente de Sarria. A aquelas e aqueles que se puxeron en pé para protexer a súa propia historia, vencellada desde os albores dos tempos á auga e ao río.

“Contra il non poideron en Galiza nin concilios nin homilias, nin disposicións penitenciais nin excomuniões, chantando –ó cabo- cruces por riba para cristianizar un culto que chegou deica hoxe vencellado á relixión triunfadora”

Taboada Chivite

aínda que reviste unha complexidade e unha variedade case multiforme, é un tipo de relixiosidade práctica, produto dunhas crenzas culturais -obviaremos seguindo a Le Roux o termo “relixión”- que acompañaba a vida privada e tamén pública do pobo e nas que se lle solicitaba á divindade unha serie de favores especiais, ben a nivel persoal, ben orientado á comunidade³. A súa incursión na cosmovisión espiritual dos pobos que poboaban a terra que denominaron *Callecia*, considerando *a priori* que o proceso evolutivo neste campo -como noutros- foi algo complexo e diverso segundo os contextos e as persoas⁴, non supuxo o cisma que a historiografía, até as últimas décadas do século XX, nos fixo creír⁵; pola contra, os antepasados das comunidades do noroeste fanse cada vez máis visíbeis, ampliando o *mos maiorum* e ficando para as futuras xeracións inscritos -entre outros- nas aras votivas.

Deste xeito, deuses antigos e recen chegados van coexistir, como coexistiron as súas dimensións culturais e van empregar os mesmos procedementos, os mesmos soportes e o mesmo

¹LE ROUX 2009: 266

²E este podería cambiar co tempo dependendo da elección dos ditos deuses e deusas BEARD, NORTH E PRICE, S. 2006 : 208-222. VEYNE 2005 : 424-433.

³HERNÁNDEZ 2004: 153

⁴LE ROUX 2009 : 280

⁵DELGADO E GRANDE 2009 : 61-92



Ara votiva de "Adai". O Corgo, Lugo
© Mdc

idioma⁶. A información que temos sobre este mundo cultural e divino, chega até nós a través da documentación epigráfica dun certo número de inscricións incisas en soporte de pedra que son as testemuñas directas, e case únicas, das relacións entre as e os veciños da *Gallaecia* e as súas divindades. Seguindo a Sartori, preséntase ante nós un panorama multiforme, variado e diversificado en proceso de comunicación, cunha mensaxe singular dentro do que poderíamos denominar a "civilización das inscricións"⁷.

AARADE "ADAI" E O VOTO DE MAXUMUS

Na cosmovisión mística romana os deuses só respondían cando se invocaba o seu nome, entón,

invocar a un deus ou a unha deusa polo seu nome foi a característica común da oración e da maxia. É así que, os romanos tiñan un xeito sinxelo de achegarse á divindade ao declarar que si un deus -ou unha deusa- accedía á súas peticións, eles pola súa parte farían unha ofrenda a cambio⁸. Destinadas a estas ofrendas, as aras son construcións de pequeno tamaño que funcionaban coma altar, é dicir, monumentos relixiosos elevados, levantados ben dentro dun terreo consagrado e cercado -ás veces- ao carón dos templos ou santuarios ou ben ante as portas das casas, nas rúas, daquela, aras privadas consagradas ás divindades⁹.

Seguindo unha tipoloxía "oficial" e realizada en granito, material -aínda que degradábel- eminentemente empregado na epigrafía romana do noroeste¹⁰, a ara votiva de "Adai" preséntase coma un magnífico exemplo da relación íntima ou mística entre o individuo e a divindade.

Trátase dun paralelepípedo de moi boa factura, co reverso tamén traballado.

Presenta unha estrutura arquitectónica composta dunha base, a xeito de toro, repicada no anverso, na que se retranquea o corpo central no que se atopa o rexistro epigráfico -dividido en cinco liñas-; enmarcado pola banda superior, por unha cornixa moldurada, sobre a que se achan os dous rolos ou *pulvini* laterais, moi realzados que flanquean o *focus* -que se levanta coma un pequeno frontón- profundo e ben elaborado na súa parte frontal. É no *focus* onde se realizaban as ofrendas.

Como vemos, a súa tipoloxía encádrase formalmente no grupo do Noroeste, que no seu día definiu Gamer¹¹, e onde os monumentos rematados só con *pulvini* constitúen unha das formas de coroamento mellor representadas e con especial incidencia na provincia de Lugo¹².

Gravada en letras capitais cadradas, no corpo central presenta a seguinte inscrición:

⁶Aínda que non podemos deternos neste tema, para o que remitimos á bibliografía base, convén indicar que a permanencia dos elementos indíxenas entre os cultos á divindade pon de relevo a dinámica cultural posta en marcha para a estabilización política da área durante a época do Imperio; e de igual xeito subliña a base da súa subsistencia, a asimilación das formas e regras romanas. LE ROUX 2009 : 179.
⁷L SARTORI 1983 : 423 e ss

⁸HERNÁNDEZ 2004 : 154

⁹Ibidem

¹⁰LE ROUX 2009 : 271

¹¹L GAMER 1989 : 110-112

¹²GAMER 1989 : 110

MAXV / MVS S / ECVND / I [F(ilius)] VOT(um)
S(olvit) / MER(curio) ME(rito)¹³

*Maxumus, fillo de Secundus, cum priu a promesa a Mercurio de bo grao*¹⁴



Ara votiva de "Adai". O Corgo, Lugo
© Mdc

A pesar da súa concisión e da súa mensaxe pouco informativa, só alude ao nome do que dedica *Maxumus*- e ao nome do deus invocado -*Mercurio*- coma a maioría deste tipo, a fórmula simple VOT(um) S(olvit) -promesa que o individuo satisfai- preséntanos o resultado da descoñecida solicitude de *Maxumus*, sendo a ara votiva de "Adai" o "prezo xusto" -Mé(rito)- que se debía pagar¹⁵.



Detalle pulvini e focus. Reverso.
Ara votiva de "Adai"
© Mdc

O certo é, coma o é agora, que as e os individuos recorren á divindade en momentos de aflicción, facéndolle unha promesa que se cumpre, voluntariamente, antes ou despois -coma é o noso caso- da graza concedida. Establécese, así, un contrato entre o crente e a divindade, que tras cumprir os seus termos se desfecía, rachando co vínculo [votvm solvit]¹⁶. De feito, pola contra de *Maxumus*, quen con gusto cumpriu a súa promesa, aquelas e aqueles que se atoparan pouco satisfeitos coas esperanzas depositadas nunha determinada deidade, poderían decidir non se dirixir nunca máis á ela. E do mesmo xeito que chamar polo seu nome aos mortos era requisito indispensable para que estes seguiran presentes entre os vivos, deixar de pronunciar o nome dunha divindade implicaba poñer fin á súa existencia¹⁷.

Non sabemos máis sobre *Maxumus*, ademais da súa filiación, que o indicado por Rodríguez e Acuña¹⁸: o carácter peregrino do individuo¹⁹; termo que designaba, segundo o Dereito Romano, os habitantes de países que celebraran tratados de amizade con Roma ou ben que se sometieran á dominación romana, reducíndose ao estado de provincia. De feito, *Maxumus*²⁰ é un dos

¹³ RODRÍGUEZ E ACUÑA 1999 : 330

¹⁴ GÓMEZ 2005 : 166

¹⁵ LE ROUX 2009 : 272

¹⁶ Sobre o *votum*, entre outros, véxase VAN ANDRINGA, W. 2002 : 118-120

¹⁷ LE ROUX 2009 : 271-272

¹⁸ RODRÍGUEZ E ACUÑA 1999 : 328

¹⁹ Lembrar que existe outra versión da procedencia. Segundo IRPL os *congnomen* indican a procedencia estranxeira do individuo.

²⁰ Lembramos que existe un tratamento fonético que se dá na oscilación en i/u, en contacto con labiais, sobre todo na terminación -umus/-imus. De feito, no noso caso, o etimolóxico sería *Maxumus* e o fonético *Maximus*, opción esta que rematou por triunfar na tendencia fonética, ficando *Maxumus* cun certo sabor arcaico; coma indica SÁNCHEZ 1988 : 377.



Detalle inscripción.
Ara votiva de "Adai"
© Mdc

cognomen-entre outros- adoptados por indíxenas e libertos da *Narborensis* e da *Hispania*²¹ romana, sendo a súa presenza, na *Gallaecia*, similar á doutras zonas desta área imperial.²²

Sería *Maxumus* un indíxena do Corgo? Ou, pola contra, un peregrino doutro convento? En realidade, e aínda que saibamos o seu nome, *Maxumus* segue a formar parte dunha poboación anónima²³, un home concreto que viviu nun tempo e nun espazo determinado e que ademais, decide, en liberdade, realizar un voto privado descubriendo publicamente as súas crenzas e deixando en pedra inscrito as súas afinidades coa divindade.

²¹ABASCAL 1996 : 29-30 e 372-373

²²RODRÍGUEZ E ACUÑA 1999: 328

²³HERNÁNDEZ 2004 : 153-154

A PROMESA A MERCURIO

Fillo do supremo Xúpiter e da ninfa Maia, relacionada coa fertilidade agrícola, o polifacético Mercurio, deus dos ladróns, relacionado coa elocuencia, o inxenio, a astronomía, a choiva e o vento²⁴, inventor do sacrificio en honor dos doce deuses, da técnica do lume²⁵ e favorecedor de pactos, heraldos e intérpretes, posuíndo -asemade- connotacións de psicopompo como guiador das almas ao Hades²⁶, ben recoñecido pola mitoloxía clásica coma un dos deuses máis importantes do panteón grecorromano. De feito, é por todas as súas características polo que Xúpiter -o seu pai- o tivo coma o seu ministro e o seu intérprete²⁷ e, segundo Homero, tiña tamén o título de mensaxeiro do Olimpo²⁸.

Descendente latino do Hermes grego²⁹, aínda que Combet-Fanoux apunta a existencia de *Turms* - unha divindade con semellantes atribucións- entre os faliscos, oscos e etruscos, sobre todo na súa función de protector dos comerciantes dada a súa relación coas verbas latinas *merx* -mercancía- e *mercari* -comerciar-³⁰; o seu culto, xa fora a través da influencia etrusca do século VI a.n.e. ou pola relación directa das colonias helenísticas de Campania ou da Magna Grecia, vaise afianzando desigualmente na sociedade romana até Augusto, momento en que a súa expansión é promocionada desde o Estado. De feito, é con Augusto, aínda que fora con Octaviano cando Mercurio salta a un primeiro plano e mesmo era erixido como símbolo do benestar do novo réxime³¹, cando alcanza o seu apoxeo³² dentro dun programa propagandístico ultranacional, que facía fronte ao orientalismo de Marco Antonio³³. Deste xeito, Augusto repite o que César fixera con Venus, adscribir á súa persoa, e con ela á súa dinastía, a Mercurio, nun intento de encomiar a súa imaxe asimilándoa as deidades romanas. Así, en certo sentido, o culto a Mercurio - aínda que coma deus xa o cita Tito Livio, no 495 a.n.e., e aparece recollido nos diferentes lectisternios de deuses, desde o 399 a.n.e.-, ten certa relación co culto imperial, xa que ambos comezan a difundirse na mesma época.

²⁴GUERBER 1994 : 111

²⁵GARCÍA 2001 : 123

²⁶ALBIZU 1981 : 129

²⁷MOYA 2009 : 106

²⁸HUMBERT 1984 : 66

²⁹ROSE 1973 : 149

³⁰COMBET-FANOUX 1980: 171 E SS

³¹JIMÉNEZ 1999 : 201

³²COMBET-FARNOUX 1980 : 435; BAYET 1984 : 185

³³BAYET 1984 : 185

É neste momento -século I d.n.e.- cando se popularizan na *Hispania*, ao igual que no mundo grecorromano, as imitacións dun patrón iconográfico helenístico: unha figura totalmente humana, un *epebos* gracioso, cortés e feminino que vai reflectir, simbolicamente, nos seus atributos as súas principais calidades: o *caduceo*, atributo de Apolo, reconcilia as disputas e é síntoma de prosperidade nos intercambios³⁴; o *petasos*, ou chapeu de ala ancha, identifica co pobo máis sinxelo e cos viaxeiros; o *marsupio* -saca con moedas- alude á súa relación coas transaccións; e as *talaria* -sandalias aladas- facían máis rápidos os seus desprazamentos³⁵. E aínda que existen representacións sedentes, cando é plasmado en pé está acompañado, con

É así o culto a Mercurio se expandiu por todo o Imperio cun carácter puramente romano -dentro da cosmovisión mística de divinizar os actos da vida cotiá- coma protector das actividades de intercambio e comercio, velador dos camiños e tamén dos viaxeiros³⁹; estando presente xa fora nun ambiente urbano, coma protector da asociación de pescadores e peixeiros de *Carthago Nova*⁴⁰ ou en ambientes supostamente máis rurais e populares, como amosan -entre outras- algunhas aras da Galiza⁴¹.



Mercurio de Lugo
© Museo Castelo de San Antón

Mercurio de Taboexa
© Museo de Pontevedra



Mercurio de san Salvador de Sieiro
© Museo Arqueolóxico de Ourense

frecuencia, por algún dos animais que se lle adscriben: un año -deus pastoral-, unha tartaruga -inventor da lira, atributo tamén de Apolo-, un galo -a vixilancia- ou -entre outros- un escorpión e un lagarto, como afirma Acuña³⁶; en todo caso, e segundo recolle Moya Maleno³⁷, debemos lembrar que a iconografía mitolóxica depende de factores tan dispares como a pericia do taller, o custo da peza, a faceta para destacar do deus e os modelos que toma; variábeis que se poden constatar nalgúns bronzes da *Gallaecia*³⁸.

O certo é que se descoñece o porqué do éxito do culto aos Lar, ás Ninfas e a Mercurio na *Gallaecia*; de feito, e aínda que existe unha certa homoxeneidade, ao longo da Península Ibérica, é na *Gallaecia* -e na zona norte da *Lusitania*- onde atopamos unha maior concentración de aras dedicadas a este deus. Así, na *Gallaecia*, onde os cultos indíxenas estaban máis localizados e atomizados, ao contrario que noutras rexións -coma as centrais da *Lusitania* ou no mundo vetón- difundíronse con éxito varias deidades romanas, que encabeza Xúpiter. E coma indica Olivares, agás este último, as enunciadas son de carácter privado e alleas á relixión pública, revelando uns procesos de asimilación selectiva por parte das comunidades indíxenas⁴².

E aínda que isto non é unha ciencia exacta, xa que nestes últimos anos -ou meses- ben puido

³⁴Ibidem

³⁵DÍEZ PLATAS 2002 : 217

³⁶ACUÑA 1977: 203

³⁷MOYA MALENO 2009: 107

³⁸ACUÑA 1977 : 203

³⁹RODRÍGUEZ EACUÑA 1999 : 32540

⁴⁰MANGAS 1987: 423

⁴¹ACUÑA 1977 : 211

⁴²OLIVARES 2006:148

aparecer unha nova ara con inscrición votiva, aínda sen publicar, cruzando os datos achegados por Rodríguez e Acuña (1999), Baratta (2001) e Moya Maleno (2009); o total das inscricións dedicadas a Mercurio, na Gallaecia, elévanse a 13, incluíndo a reinterpretada por Rodríguez Colmenero de Noceda -Bembibre, León-⁴³, aínda que a poñemos nun “limbo legal” xa que, como indica Gómez, non sería estritamente preciso presupor unha dedicatoria a Mercurio podendo resolver as abreviaturas da segunda liña como L(aribus) V(ialibus) S(acrum)⁴⁴, que por outra banda, como indicamos, era tamén un culto moi estendido na *Gallaecia*⁴⁵ que xunto a divindades indíxenas -das que descoñecemos a case totalidade dos seus nomes- relacionáronse ou fusionáronse con Mercurio⁴⁶.

En realidade, as inscricións recollidas nos tres *conventus* non ofrecen ningunha particularidade destacábel⁴⁸, agás que, das 53 recollidas en *Hispania* por Baratta, 13 están situadas neste territorio e, todas elas, como xa sinalou Acuña -só ou en compañía de Rodríguez- e outros, xa pertencen a unha área rural ou a unha urbana, están vinculadas coas vías de comunicación.

Deste xeito, e mentres que as de León se vinculan a unha vía que uniría *Asturica* con *Legio VII*, á vía XVIII -que ía de *Bracara* a *Asturica*- correspóndenlle as inscricións de Braga, Villar de los Barrios, Toral de los Vados e a de Noceda; á Vía XIX -que enlaza *Bracara* con *Lucus* e *Asturica* e que coincidía, en parte, ao seu paso pola actual provincia de Pontevedra⁴⁹ coa XX ou *per loca*

Vela aquí o corpus de inscricións dedicadas a Mercurio na Gallaecia:

INSCRICIÓN ⁴⁷	LOCALIZACIÓN
<i>Mercuri[o] / Sacrum / F(abius?) E(---) ex v(oto) p(osuit)</i>	VILLAR DE LOS BARRIOS / Ponferrada, León. Desaparecida.
<i>[Mercurio?] / I(ibentes) · v(otum) s(overunt) · / collegi / ani · con (meatus)? Int(eramini) Fla(vii) ·</i>	NOCEDA DEL BIERZO / Noceda del Bierzo, León. Museo de los Caminos.
<i>Mercuri(o) / I(---) S(---) votum) / s(olvit) I(ibens) m(erito) / b(---) d(---)</i>	TORAL DE LOS VADOS / Toral de los Vados, León. Museo de León?
<i>Mercurio / [sac]rum / [-] Flaccu[S] / Aelianu[s] / proc(urator) Aug[u]sto[r(um)] / v(otum) s(olvit) [I (ibens) m(erito)]</i>	LEGIO VII / León. Reaproveitada na Muralla da cidade. Museo de León.
<i>Deo M(ercurio) Fu/scus Fusc[i] / [filius] v(otum) me / (rito) I (iens) a(nimo)</i>	CALDAS DE REIS / Caldas de Reis, Pontevedra. Desaparecida.
<i>Mer/curio / ara(m) / Festus / ficit</i>	PANXÓN / Nigrán Pontevedra. Museo Municipal “Quiñones de León” Vigo.
<i>Mer/curio / Seve/rus / pro vo/to</i>	VALGA / Valga, Pontevedra. Capela de san Mamede de Mártores. Reaproveitada forma parte da escada

⁴²OLIVARES 2006:148

⁴³RODRÍGUEZ COLMENERO 2001 : 79

⁴⁴GÓMEZ 2005 : 50 e 166

⁴⁵BLÁZQUEZ 1962a : 107

⁴⁶GUERRA 2006 : 80. MOYA MALENO 2009 : 108

⁴⁷Remitimos o lector ou lectora á consulta da bibliografía recomendada, xa que existen diferentes versións na transcripción das devanditas epigrafías. *IRG II* 1954; *VIVES* 1971; *ACUÑA* 1977; *IRPL* 1979; *TRANOY* 1981; *DIEGO* 1986; *CIRG II* 1994; *RODRÍGUEZ E ACUÑA* 1999; *HEP* 1999-2000; *BARATTA* 2001; *MOYA MALENO* 2009.

⁴⁸ACUÑA 1977:211. MOYA MALENO 2009:107-108. A onomástica dos dedicantes é latina, e con ampla representación na Península Ibérica, e a deidade invocada non presenta epíteto indíxena que puidera aludir a unha posíbel asimilación a unha divindade local.

⁴⁹DE LAPEÑA 1990-91 : 230

Deo / Mer (curio) / Fro(ntinus) / Cap(ito) / ex v(oto) p(osuit)

MARZÁN / O Rosal, Pontevedra.
Ermida de San Vicente de Marzán.
Museo Diocesano de Tui.

Sacrum / Mercurio

SAN MAMEDE DE OLEIROS /
Vilalba, Lugo. Museo Provincial de
Lugo.

*Maxu / mus S / ecund / i [F(ilius)] v(otum) s(olvit) / Mer
(curio) me(rito)*

ADAI / O Corgo, Lugo. Ermida das
Virtudes de Pedrafita. Mdc.

*Mercuri(o) / S(acrum) · a(nte) · D(is) · O(mnibus) / v(otum) ·
a(ram) · p(ecunia) · p(osuit) · V / ictori(nus) · Co (---) s(uo)
f(ecit)*

AGRO DE NOGUEIRA, TOQUES /
Melide A Coruña. Localización
descoñecida.

Mer [c] / uri [o]

CAMPO DE SANTIAGO / Braga.
Localización descoñecida.

*--- / [Iunoni] / Reginae / Miner/vae, Soli, / Lunae, / Di/is Omni
[p]o[t](entibus), / Fortuna[e], MErcur/i[o], Genio lo/vis,
Genio Martis, [A]esculapio, Luci / [S]ommo, [V]eneri, / [C]
upidini, / [C]aelo, [Cas]/torinus, / [Cer]eri, / [G]enio
Victoriae, genio meo, / Diis seg/is perv[.] / AETMOC*

CALDAS DE VIZELA / Braga.
Localización descoñecida.

maritima- correspóndenlle as de Caldas de Reis, Valga e incluso a de Panxón -aínda que relacionada cun asentamento romano tardío na que pasaría unha vía secundaria unida á principal-; así coma a do Rosal próxima á vía XIX ao igual que os casos de Toques, Vilalba e O Corgo, lindeiras coa vía XX e na órbita da capital do convento lucense⁵⁰.

Protector dos camiños e dos comerciantes, caracteres que Mercurio adquire desde un principio na Península Ibérica, a súa figura vai estar vinculada ás vías de comunicación dun xeito claro, sendo nestas e nos principais camiños que discorren polo longo da *Hispania* -e na súa área circundante- onde imos atopar a abundante epigrafía referida a Mercurio. É así que, a procedencia dos epígrafes da *Gallaecia* corresponden a asentamentos -rurais na meirande parte, agás os de Braga e León- relacionados coa rede viaria reflectida no Itinerario Antonino⁵¹.

Con todo, no que respecta á ara votiva de “Adai” cremos que non todo é o que aparenta.

Se ben a nosa inscrición non presenta un epíteto indíxena que puidera aludir a unha posíbel *interpretatio*⁵² ou á asimilación a unha divindade local e a súa localización está ao carón da vía XIX/XX e dentro do radio de acción ou *hinterland* de *Lucus Augusti, civita*, que coma todas, aglutinou cidadáns romanos e peregrinos coma o era *Maxumus*; non é menos que o rexistro



Detalle miliario actual. Ermida das Virtudes. O Corgo, Lugo
© Carolina Casal

⁵⁰RODRÍGUEZ EACUÑA 1999 : 329

⁵¹GÓMEZ 2005 : 65-156, 176-198
⁵²LE ROUX 2009 : 267

cristianizado da zona nos está a achegar unha valiosa información sobre os fenómenos de cambio, evolución ou *interpretatio*-asimilación-dependencia do culto a Mercurio na *Gallaecia* -e na *Lusitania*-, consubstancial ao contacto cos deuses indíxenas e que vén confirmar un fenómeno similar ao chamado “Mercurio celta” da Galia⁵³.

O CONTEXTO COMA PRETEXTO. DA AQUA DE MERCURIO Á FONTE DAS VIRTUDES

O proceso de extensión do cristianismo, no que non entraremos, levou consigo ocupar o lugar da antiga “relixión” do *Imperium* reciclando os seus ritos para servirle de vehículo á *boa nova*. Mais os cultos ancestrais continuaban, segundo se deduce da misiva que o bispo de Astorga lle fixo chegar a Martiño, o de Dume (c.a. 510-580), na que indica que aínda que a poboación da súa diocese estaba bautizada, seguía a facer ritos nas fontes e cursos de auga, invocando os montes, pasando por determinados ocos das rochas e adiviñando en pedras oscilantes⁵⁴; ritos todos que aínda permanecen presentes nos santuarios da Galiza.

Foi o de Dume quen para estender a orientación pastoral dirixida a conseguir que o sentido cristián penetrara na vida no universo simbólico da poboación rural⁵⁵, como o era este, fai unha serie de recomendacións recollidas no coñecido *Correctione Rusticorum* (574). Recomenda así, que se formule un novo universo simbólico, substituindo as referencias idolátricas ás Ninfas, aos Lar ou a Mercurio -entre outras e outros- por referencias a personaxes cristiáns⁵⁶. Como indica Cebrián, non é difícil darse conta de que isto último significa crear unha nova relixión⁵⁷, proceso que aconteceu no lugar de Pedrafita do Corgo e onde a ara votiva de “Adai” se presenta coma unha testemuña clave.

I. Sobre a localización

O certo é que non sabemos máis sobre o seu achado que o que recolle o inventario do Mdc, cuxa procedencia debíase á “casualidade” e esta

acontecera nas proximidades da Ermida das Virtudes. Este debeu producirse con anterioridade a abril de 1924, momento en que don Generoso Barreiro -que supomos o párroco respectivo- a deposita na entidade museística. E aínda que levamos até o de agora adscribindo a peza á parroquia de Adai, parroquia á que pertencía -segundo informantes da zona- a persoa que deu



Ermida das Virtudes. O Corgo, Lugo
© Carolina Casal

con ela, a ermida fica dentro do lugar de Pedrafita, topónimo que fai alusión ao lugar de asentamento ou núcleo habitacional.

A etimoloxía de Pedrafita non ofrece dificultade, é *petra ficta* “pedra fincada”; mais a interpretación histórico-arqueolóxica do topónimo non resulta igual de fácil, polo feito de que fincar pedras no chan foi cousa de todos os tempos e obedeceu a múltiples motivos: indicacións sepulcrais, deslinde de herdades e territorios, referencias itinerarias, conmemoración de feitos, representacións idolátricas, etc. De feito, O Corgo vive aos pés dun longo itinerario mortuorio subliñado desde o megalítico polas mámoas, onde as insculturas ou pedras fincadas -ao igual que en toda a Galiza- estarían indisolubelmente ligadas aos camiños dos mortos e representarían ideas abstractas de tipo relixioso ou ideolóxico. Mais este camiño é

⁵³Véxase para este tema BLÁZQUEZ 1962b : 217; BAYET 1984 : 217; OLIVARES 2002 : 203-219; ID. 2003 : 297-313; ID. 2006 : 145-147.

⁵⁴CARRO 2013

⁵⁵Lembramos que no proceso cristianizador, a antiga cosmovisión cultural reprégase cara a medios campesíños que habitaban pequenos núcleos de poboación -*paqui/pagani*-. CEBRIÁN 1989 : 23.

⁵⁶Ibidem 24

⁵⁷Ibidem 23.

ocupado, tamén, polos vivos, cos máis de vinte castros existentes que subliñan a manipulación da paisaxe no concello, desde os albores dos tempos, e onde as pedras fincadas poderían estar a marcar simplemente o linde territorial, cousa que recolle posteriormente a parroquialización cristiá. E entre ambas as culturas, baixo o dominio do Imperio, estas terras pobóanse de pedras fincadas, marcadoras de distancias ou simples valas publicitarias, testemuñas das vías de comunicación coma os miliarios aparecidos nas parroquias de Arxemil, Castrillón e Franqueán; ou antigos mercuriais, colosos pétreos que protexían os cruces de camiños e os camiñantes, que o cristianismo asimilou nos abundantes e coñecidos cruceiros.

II. Sobre a contextualización

Sito na freguesía de san Miguel de Pedrafita - diocese de Lugo- e cuxa festividade ten lugar no mes de maio, o día da Ascensión do Señor, o santuario das Virtudes preséntase coma unha manifestación básica da relixiosidade popular e con ela da súa esfera lendaria.



Xanela sur, fachada. Ermita das Virtudes
© Carolina Casal

Seguindo a Blanco, a lenda sobre este santuario inscríbese no Tipo I, que se refire á súa orixe⁵⁸. Coma indica o autor, as lendas relixiosas de aparicións de imaxes manifestan a relación que se establece entre a comunidade, unha determinada imaxe e o que esta representa e ademais cun lugar que é o punto de encontro entre o microcosmos e o macrocosmos ou entre o humano e o divino. De feito e si as lendas tentan conceder unha concreción ao ser sobrenatural⁵⁹, individualizan e revalorizan os lugares mudando e manipulando a paisaxe e construindo os santuarios que realmente son os que determinan a funcionalidade destes espazos sacros⁶⁰.

En realidade, descoñecemos tanto a orixe da fábrica edilicia, reformouse por completo en 1789, coma a orixe da lenda, sendo esta a máis habitual e relacionando a divindade co ancestral culto á auga na Galiza.

Coméntase, seguindo a Blanco, “que hai moitos anos algúns veciños de Pedrafita encontraron a Virxe na fonte, lavando. Levárona á igrexa da parroquia, mais ela volveu para a fonte e saíu unha e outra vez ata que os veciños da zona decidiron facerlle unha ermida neste lugar”⁶¹. Como queda amosado na lenda, preto do santuario hai unha fonte que compre a función moi semellante á do santuario do Santo Ambreixo -Palas de Rei-⁶². Ambas as lendas tiñan de re-sacralizar uns espazos que xa *per se* o eran desde a antigüidade, desterrando para sempre o posíbel culto pagán dedicado ás augas, manifestado en Ambreixo pola ara votiva e a “promesa” a *Bandua Bolecco* e nas Virtudes pola ara votiva de “Adai” e a súa “promesa” a Mercurio⁶³.

III. Da aqua de Mercurio á fonte das Virtudes

Para os pobos precristiáns, a auga posuía unha potencialidade sagrada extraordinaria, xa que nesta, e baixo a interpretación de Thevenot⁶⁴, se presentaba a forza da terra, en cuxo seo se enriquecía antes de xurdir á superficie coma un agasallo. Así as fontes e mananciais eran o agasallo das e dos deuses e polo tanto sagrados,

⁵⁸ BLANCO 2000 : 38

⁵⁹ VELASCO 1989 : 402

⁶⁰ BLANCO 2000 : 38

⁶¹ Informantes de Pedrafita –O Corgo-

⁶² BLANCO 2000 : 40

⁶³ THEVENOT 1966 : 21 SS

⁶⁴ CARRO 2013

estando poboados por seres ou espíritos sobrenaturais nunha esfera máxica, nunha dimensión paralela e non por iso menos real, recollendo as verbas de Carro⁶⁵.

Consideradas portadoras de vida ou rexeneradoras desta, a auga e as fontes non só



Fonte das Virtudes. O Corgo, Lugo
© Carolina Casal

eran capaces de calmar a sede -na maioría dos casos- senón tamén podían sandar determinadas enfermidades, cumprir os desexos e até predicir o futuro. Polo tanto -e agás no caso da sede- na curación, no cumprimento das arelas e na predición a través da auga interviña o mecanismo detonante da fe, sendo o deus da fonte o que proporcionaba a recompensa. E así que a poboación as tiña en grande consideración por ser un agasallo divino, realizando as súas ofrendas, ben pan e viño ou incluso anacos de roupa ou tecido que colgaban dalgún arbusto próximo⁶⁶; cousa esta última que aínda estamos a ver en diferentes puntos da Galiza e que amosan a vixencia destes costumes ancestrais, presentes hoxe na fonte das Virtudes.

Aferrada ás crenzas dos poderes salutíferos desta fonte e ás súas augas sulfurosas, portadoras de propiedades benéficas que sandan as doenzas dos ollos e as enfermidades da vista -entre outras⁶⁷-, a poboación-seguindo o recollido por

Blanco- lava os seus males cuns panos que logo deixan ao carón da fonte, xa que existe a crenza de que as súas doenzas desaparecen ao ritmo que van podrecendo os devanditos panos colgados⁶⁸.

A realidade actual amosa que o culto ás augas presenta unha continuación que semella inmutábel, preguntándonos a posíbel *interpretatio*-asimilación deste no mundo romano ao presentarse nas proximidades do enclave acuífero a ara votiva coa promesa de *Maxumus*.



Fonte das Virtudes. O Corgo, Lugo
© Carolina Casal



Panos colgados. Fonte das Virtudes. O Corgo, Lugo
© Carolina Casal

⁶⁵Ibidem
⁶⁶Ibidem

⁶⁷BLANCO 1996 : 58

Capacitado para múltiples artes ou talentos, como enumeramos con anterioridade, Mercurio⁶⁹ era tamén para César o inventor de todas as artes⁷⁰, o zapateiro do ceo e -o que é para o noso caso de máxima importancia- un ser luminoso⁷¹, acepcións todas elas que recolle a deidade indíxena *Lugus*⁷². É así que, tanto na *Galia* coma en determinadas áreas da *Hispania* ambos van estar asociados, aparecendo nas representacións coma un deus de tres cabezas -pola asimilación do Hermes grego- acompañado dos atributos propios do deus romano⁷³.

Sobre todos os achados un chama a nosa atención, unha pátera aparecida no santuario de Châteaubleu -Seine-et-Marne, Francia- que contiña a seguinte inscrición: *Deo Mercurio Solitumaro Aug(usto)*; sendo o significado do epíteto *Solitumaro* -segundo Hollard e Pilon- o “dos grandes ollos”, “da gran visión” ou “o que todo o ve”⁷⁴ e esta tiña que ver cos restos aparecidos a escasa distancia desta, unha imaxe cuxa principal característica era a esaxeración dos ollos do deus⁷⁵ e os diferentes exvotos oculares empregados para solicitar ou agradecer unha curación con intervención da divindade⁷⁶. O conxunto de restos englobábase, polo tanto, nun mesmo concepto relixioso: a sobrehumana capacidade ocular do deus e a súa habilidade para sandar as afeccións da vista⁷⁷.

E aínda que a nosa inscrición se presenta sen epíteto indíxena, é canto máis que curiosa a relación de Mercurio coa fonte “milagreira” de Pedrafitas e os beneficios desta coas afeccións da vista que nos fai expor se *Maximus* foi un devoto sandado polas augas e a ara votiva a promesa realizada á divindade pola súa curación. En todo caso, a relación de Mercurio coas augas salúferas ou termiais, constátase na *Gallaecia* nas diferentes aras votivas aparecidas en centros reputados como Caldas de Reis e Caldas de

Vazina, ambas sen epíteto local e na *Lusitania* en San Pedro do Sul -Viseo- co epíteto *Aguaecos*, “deus das augas [termiais]”⁷⁸.

Realmente Mercurio estaba unido á auga a través da súa propia festividade que recolle Ovidio en *Fasti*, nome que designaba os libros nos que o Pontífice Máximo anotaba os feitos do ano⁷⁹. Así o recolle na obra: “Día 15 Mercurio (...) / Neto de Atlante, a quen unha *Pleia* noutros tempos / Pariu de Xúpiter nos montes de Arcadia, estás presente. / (...) / Os Pais edificáronche Templos que miran ao Circo, en / Os *Idus*. Desde entón é este día de festa na túa honra. / Calquera que tenta vender as súas mercancías, ofrecido / O incenso, prégache que lle des ganancias. / Hai a *Aqua* de Mercurio preto da porta Capena: / (...) / Aquí ven o “mercader” levando cinxidas túnicas, e puro / Saca co cántaro sahumado a auga, que ten de levar. / De aquí se humedece o loureiro: co loureiro mollado se rocían / Todas as cousas, que teñen de ter novos donos. / E el mesmo rocía os seus cabelos co loureiro, que pinga: / E remata as prearias coa voz adoitada, (...) / E di: purifica os perxuros do tempo pasado: / Purifica as infieis palabras do día antecedente.”⁸⁰

Ovidio ofrécenos a visión do *dies festum mercatorum* e o ritual a Mercurio na capital do *Imperum*. Alí o “mercader” realiza as súas ablucións e as súas devocións na *Aqua* de Mercurio xunto á Porta Capena. Os ritos celebrábanse, entón, preto dunha fonte, sita preto do santuario no Circo Máximo, nun ritual de purificación coa auga; a auga tiña a facultade de limpar o mercado das faltas e dos enganados, purificando, deste xeito, toda a actividade mercantil.

Dato este que, de novo, nos está a falar da suplantación de deuses, de cultos e de festividade; de feito, e coma indica Ovidio, a festa de Mercurio inscríbese no calendario o día 15 de maio -“Pero ti -Mercurio- lle deches ao mes o nome da túa Nai -Maia-”⁸¹- e a romaría das Virtudes no día da Ascensión do Señor, que hai que calcular dependendo da coincidencia do Domingo de Resurrección a partir do que haberá que contar 40 días para achar a data da

⁶⁹BLANCO 2000 : 38

⁶⁹D'ARBOIS 1996 : 117 e 199-200

⁷⁰CAESAR *Bellum Gallicum*, IV, 16: “*Deum maxime Mercurium colunt. Huius sunt plurima simulacra, hunc omnium inuentorem atrium ferunt, hunc viarum atque interum ducem, hunc ad quaestus pecuniae mercaturasque habere uim maximam arbitratum*”.

⁷¹Particularidade que recolle de Apolo

⁷²OLIVARES 2002:205

⁷³Ibidem

⁷⁴GRICOURT, HOLLARD E PILON 1999 :132-137

⁷⁵Ibidem 138-140

⁷⁶LIVARES 2002 : 208

⁷⁷GRICOURT, HOLLARD E PILON 1999 :145-146. OLIVARES 2002: 208-209

⁷⁸OLIVARES 2002 : 210

⁷⁹MOYADELBAÑO 1997 : 245

⁸⁰OVIDIO *Fasti T. XII, Liber V*; SUÁREZ 1738 : 86-87

⁸¹Ibidem 56-57.



Anotación Alfredo Lorenzo. "Ara votiva de "Adai"
© Mdc

festividade; cousa que varía todos os anos e que, regularmente, vén coincidir a mediados do mes de maio.

Coma suxeriu Gómez, no seu día, descoñecemos si finalmente a fonte das Virtudes compartiu ou simultaneou ambos rituais⁸², o propio das actividades comerciais e o da sandazón, mais, o compoñente salutífero presente nas súas augas e o ritual inmemorial practicado até o día de hoxe nesta fonte sulfurosa, subliñan a *interpretatio* dunha dimensión cultural pretérita que se fusiona ou asimila á *aqua* de Mercurio co Imperio e pasa á nova relixión convertida na fonte das Virtudes, advocación coa que este culto inmemorial ás augas chega aos nosos días.

O ESPAZO CULTURAL. A DICOTOMÍA ENTRE O PRIVADO E O PÚBLICO

A maioría das aras ofrecidas testemuñan unha iniciativa a nivel persoal en función de circunstancias peculiares propias da vida cotiá de cada dedicante, cousa que referenda a ara votiva de "Adai".

Mais, xa sexa privado ou público, o monumento inscrito, remite a un contexto controlado pola comunidade, revelando un comportamento relixioso tomado de Roma e onde sobresa a omnipresencia da relixión e das divindades en

consonancia coa vida política e social das comunidades⁸⁴. É no marco xeral da comunidade cívica onde as e os devotos, calquera que fosen, desenvolvían as súas prácticas relixiosas imitando os actos públicos e integrándoas nas estruturas sociais básicas coma as das familias⁸⁵.

Así, unha vez decidido a facer unha ofrenda ou a cumprir cunha promesa, aínda que fora a título privado, o devoto -ou devota- debía seguir as regras establecidas polos sacerdotes do culto con respecto aos ritos e aos actos, así coma respectar os momentos axeitados, entre eles o día da festividade; polo demais, a persoa ficaba libre de dicir, pensar e ofrecer o que quixera. De feito, cada individuo tivo a posibilidade de venerar ás entidades divinas que elixira sen ningunha obriga, agás a de non perturbar os cultos públicos instituídos pola clase dirixente, porque a relixión constituía un dos elementos máis fortes de pertenza á comunidade étnica⁸⁶.

Coma é o caso da nosa ara, a maioría destes monumentos foron descubertos en condicións pouco favorábeis: por "casualidade", descoñecendo o contexto arqueolóxico en primeira instancia ou reempregadas en cimentos, dosadas en muros e casas particulares e moitas delas en ermidas, capelas, igrexas, e sobre todo en santuarios. A nosa manifesta ter sido reempregada, ao atopar rebaixes na cara frontal, tanto na base -desaparecida neste plano- coma no lateral esquerdo, mais, descoñecendo onde.

Este tipo de altares adoitaban estar rodeados por un pequeno espazo consagrado, o *sacellum*, resgardado por unha reixa ou un pequeno muro. Normalmente o culto levábase a cabo con independencia de toda representación da divindade, ficando a ara adscrita a un templo ou santuario. E aínda que as súas evidencias son escasas⁸⁷ e estes poderían ser moi simples e modestos, constatando o predominio das fundacións individuais de natureza privada, a supervivencia do centro cultural, -reconvertido na Ermida das Virtudes- e do culto -á Virxe e á súa auga- no noso caso, lévanos a formular o culto público ou comunitario.

⁸²GÓMEZ 2012: 77.

⁸³LE ROUX 2009: 275.

⁸⁴Ibidem 276.

⁸⁵Ibidem 279.

⁸⁶Ibidem 279-280

⁸⁷Ibidem 271

Coma indica Le Roux, en realidade existe un silencio incómodo ao redor destes santuarios, xa que en principio as aras e as inscricións -como o é a nosa- non mencionan espazos ou edificios relixiosos, nin estatuas de divindades; tampouco referendan a ofrenda dun sacrificio ou dunha *libatio* con auga, leite, viño ou incenso, incluso de froitos e flores e menos empregan os verbos *dare* e *dedicare*. Con todo, o santuario de Panóias -Vila Real, Portugal- fálanos de santuarios rupestres ordenados e arranxados mediante construcións arquitectónicas, hoxe desaparecidas, e onde os vestixios da *area sacra* deixan claro que houbo un templo ou outras superestruturas enriba das rochas e cuxas cavidades e escadas indican un ritual complexo, moi similar a outros exemplos documentados no Imperio romano⁸⁸.

E aínda que se acha nun espazo urbano a “Fonte do Ídolo” en Braga -Portugal-, amósanos un culto ás augas sito nunha fonte que se presenta baixo o aspecto dunha rocha esculpida distribuída entre dous elementos: unha estatua dun deus barbudo con longa vestimenta e, á dereita, un busto dun home novo nun nicho con frontón triangular que



“Fonte do Ídolo”. Braga, Portugal
© Carolina Casal

⁸⁸Ibidem 272

lembra a fachada dun templo; os datos epigráficos aínda que, en mal estado de conservación, semellan indicar que a estrutura actual pertencera a un complexo máis importante⁸⁹, sito preto dunha necrópole. Dato este que relacionaría a fonte de Pedrafitas coa ara votiva a Mercurio e a estela funeraria atopada en “Adai” -Museo Provincial de Lugo-.

En todo caso as dimensións⁹⁰ da nosa ara votiva revelan que esta podería ser portada⁹¹, desprazando a *promesa* a Mercurio, sen ningunha dificultade e podendo facer nunha nova localización as libacións, os sacrificios, as ofrendas ou as cremacións de perfumes, que nas cerimoniais se fixeran sobre ela.

CONCLUSIÓNS

A ara votiva de “Adai” preséntase coma unha testemuña da cosmovisión cultural do Corgo, entre o século I e o IV d.n.e. Reliquia dun pasado multiseccular a *promesa* de *Maxumus* está a subliñar o culto inmemorial á auga e ao seu compoñente salutar na fonte de Pedrafitas; sendo Mercurio⁹² un elo máis na *interpretatio*-asimilación da divindade que, como se indicou, chega aos nosos días transformada no culto ás Virtudes e á súa “milagreira” fonte, continuando, así, o *costume dos nosos devanceiros e devanceiras*.

⁸⁹Ibidem

⁹⁰Alto = 34 cm.; Longo = 22 cm.; Grosa = 12 cm

⁹¹HERNÁNDEZ 2004 : 156

⁹²Lembramos que Mercurio adáptase ao cristianismo na figura de san Cristovo e este é o santo protector da parroquia de Chamoso, a escasa distancia de Pedrafitas. De feito, cando san Martiño Dumiense -*De Correct. Rust.*, 7.17- vese na obriga, no século VI, a condenar os cultos aos deuses das encrucilladas, estanos a indicar o grande arraigo das crenzas indixenas que permaneceron durante todo o Imperio, sobrevivindo co paso do Mercurio romano ao san Cristovo cristián. Este paso fica probado na vida e milagres de Cristóforo -1.º ½ século III d.n.e.- e nas súas calidades de protector dos viaxeiros na que plenamente se identifica co deus latino. Aquel xigante que axudaba a vadear o río, preto da cidade de Samos, e que un día pasou a Cristo-neno pode vincularse, por unha banda, á faceta de Mercurio psicopompo coma divindade que guiaba as almas até as portas do Hades ou até a beira do Aqueronte e que asistía ao xuízo supremo ante o tribunal de Minos -función ctónica- e, pola outra, á iconografía de Mercurio xunto a Baco neno. GROS 1961 : 65-68. GUERRA 2006: 81 e 85. GARCÍA 2001 : 122. MOYAMALENO 2009 : 108-109.

BIBLIOGRAFÍA

Hispania Epigráfica. Madrid: Ed. Universidad Complutense de Madrid, 1990-2000. (= HEP).

ACUÑA CASTROVIEJO, F. "Contribución al estudio de las religiones indígenas en Galicia: el culto a Mercurio". *Boletín Auriense*. Museo Arqueológico Provincial de Ourense. 1977, vol. VII, 199-212.

ABASCAL PALAZÓN, J.M. *Los nombres personales en las inscripciones latinas*. Murcia: Universidad de Murcia, 1994.

ALBERTOS FIRMAT, M.^a L. "Mercurio, ¿divinidad principal de los celtas peninsulares?". *Emerita*. CSIC. 1956, n.º 24, 294-297.

ALBIZU, J.L. *Diccionario de Mitología griega y romana*. Madrid: Rioduero, 1981

ARES VÁZQUEZ, N. "Mercurio y Rea en la epigrafía lucense". *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*. Comisión Provincial de Monumentos. 1966, vol. VIII n.º 63-66, 104-107.

ARIAS VILAS, F. "La religión en la Galicia Romana". *Liceo Franciscano*. Eco Franciscano. 1974, vol. XXVII, 69-77; ID. "Castros lucenses de época romana". *Memorias de Historia Antigua*. Universidad de Oviedo 1987, n.º 8, 7-16; ID. *La romanización de Galicia*. Vigo: ANosa Terra, 1992.

ARIAS VILAS, F.; LE ROUX, P. e TRANOY, A. *Inscriptions romaines de la province de Lugo*. París: Centre Pierre Paris, 1979. (= IRPL).

BAÑOS RODRÍGUEZ, G. *Corpus de Inscripciones romanas de Galicia II*. Provincia de Pontevedra. Santiago de Compostela: G. Baños Rodríguez, 1994. (CIRG II)

BARATTA, G. *Il culto di Mercurio nella Penisola Iberica*. Barcelona: Universitat de Barcelona, 2001.

BAYET, J. *La religión romana*. Madrid: Cristiandad, 1984

BEARD, M.; NORTH, J. e PRICE, S. *Religions de Rome*. París: A. et J., 2006

BLANCO PARDO, J.M. "O santuario da Virxe das Virtudes [Pedrafita, O Corgo, Lugo]". *Lucus*. Deputación Provincial de Lugo. 1996, n.º 43, 51-58; ID. "Lendas sobre algúns santuarios da provincia de Lugo". *Croa*. Xunta de Galiza. 2000, n.º 10, 38-43; ID. *Las enfermedades de la vista y de las lombrices en la provincia de Lugo. Ensalmos y rituales etnomédicos*. ?/01-06/2008 <http://www.culturaspopulares.org/textos6/articulos/blanco.pdf> (04/2014); ID. "O complexo artístico e relixioso de San Breixo (Palas de Reis, Lugo)". *Boletín del Museo Provincial de Lugo*. Deputación de Lugo. 2009/2010/2011, vol. XIV, 119-136; ID. "O santuario da Virxe das Virtudes (Pedrafita)". *Corga. Centro de Estudos do Corgo*. 2011, n.º 2, 58-65.

BLÁZQUEZ MARTÍNEZ, J.M.^a *Religiones primitivas de Hispania I: Fuentes literarias y epigráficas*. Roma: CSIC, 1962a; ID. "Cabezas célticas inéditas del castro de Yecla, Salamanca". *VII Congreso Arqueológico Nacional*. Universidad de Zaragoza. 1962b, 217-226; ID. *Diccionario de las religiones prerromanas de Hispania*. Madrid: Istmo, 1975.

CARRO CARBAJAL, E.B. *Aguas legendarias (7)*. 6/11/2013. http://cvc.cervantes.es/el_rinconete/ant_eriores/noviembre_13/06112013_01.htm (08/04/2014)

CEBRIÁN FRANCO, J.J. *Guía para visitar los Santuarios Marianos de Galicia*. Madrid: Encuentro, 1989.

COMBET-FARNOUX, B. *Mercure Romain*. Roma: École Française de Rome, 1980.

D'ARBOIS DE JUBAINVILLE, H. *El ciclo mitológico irlandés y la mitología céltica*. Barcelona: Edicomunicación, 1996. (1.^a Ed. Madrid: Alia 1984).

DE LA PEÑA SANTOS, A. "Consideraciones sobre las vías romanas de la provincia de Pontevedra". *Castrelos*. Museo Municipal "Quiñones de León". 1990-1991, n.º 3-4, 217-241.

DELGADO BORRAJO, M. e GRANDE RODRÍGUEZ, M. "La *Gallaecia* antigua: diversidad, paisaje rural, estructura social y poblamiento", *Herakleion*. CSIC-Universidad Complutense de Madrid. 2009, n.º 2, 61-92.

- DIEGO SANTOS, F. *Inscripciones romanas de la Provincia de León*. León: CSIC, 1986.
- DÍEZ PLATAS, F. "Breviario de imágenes paganas: la iconografía de los dioses y el mito en la Galicia romana". *Semata*. Universidade de Santiago de Compostela. 2002, n.º 14, 207-251.
- ELIADE, M. *Tratado de la historia de las religiones*. Madrid: Instituto de Estudios Políticos, 1954. ID. *Tratado de la historia de las religiones. Morfología y dialéctica de lo sagrado*. Madrid: Ediciones Cristiandad, 2009. (1.ª Ed. 1949).
- GAMER, G. *Formen römischer Altäre auf der Hispanischen Halbinsel*. Mainz am Rhein: Madrider Beiträge 12, 1989.
- GARCÍA GUAL, C. *Introducción a la mitología griega*. Madrid: Alianza, 2001
- GÓMEZ VILA, J. *Vías romanas de la actual provincia de Lugo*. Tese doutoral inédita. Santiago de Compostela. Universidade de Santiago, 2005; ID. Epigrafía romana en la provincia de Lugo. 2009, pp...; ID. "As divindades da auga na Provincia de Lugo: A Fonte das Virtudes". *Corga. Centro de Estudos do Corgo*. 2012, n.º 3, 36-45.
- GRICOURT, D.; HOLLARD, D. e PILON, F. "Le Mercure Solitumaros de Châteaubleau [Seine-et-marne]: Lugus macrophtalme, visionnaire et guérisseur". *DHA. CNRS*. 1999, vol. XXV n.º 2, 127-180.
- GROS Y RAGUER, J. *Vidas de Santos*. Barcelona: Hnos. Gosso, 1961
- GUERBER, H.A. *Greece and Rome. Myths and Legens*. Londres: Senate Studio, 1994.
- GUERRA GARCÍA, P. "Ideología y comunicación prerromana y romana en el valle del Eresma. A propósito de la localización de un supuesto "Iar" en el Puente de Piedra". *V Encuentro de Jóvenes Investigadores*. Echeverría Rey, Fernando e Montes Miralles, M.ª Yolanda. 2006, 75-85.
- HERNÁNDEZ GUERRA, L. "Pequeños altares en el área de la meseta septentrional". *HAnt*. Universidad de Valladolid. 2004, n.º 28, 153-168.
- HUMBERT, J. *Mitología Griega y Romana*. Barcelona: Gustavo Gili, 1984
- JIMÉNEZ SALVADOR, J.L. "¿Mercurio o Hypnos? Un ejemplo de la ambigüedad iconográfica en la pintura mural romana procedente de Valencia". *Anales de Arqueología Cordobesa*. Universidad de Córdoba. 1999, n.º 10, 201-216.
- LE ROUX, P. "Rome et le droit latin". *RHD. Editions Dalloz*. 1998, vol. LXXVI n.º 3, 351-341; ID. "Cultos y religión en el noroeste de la Península Ibérica en al Alto Imperio Romano: Nuevas perspectivas". *Veleia*. Euskal Herriko Unibertsitatea. 2009, n.º 26, 265-285.
- MANGAS MANJARRÉS, J. "Hispania Romana". *En Historia de España II*. Madrid: Historia 16, 1980; ID. "Hispania Romana". *En Historia de España I / dir. Tuñón de Lara, Manuel*. Barcelona: Labor, 1987.
- MOYA DEL BAÑO, F. "Los "Fastos"". *Historia de la literatura latina / coord. Codoñer Merino, C. Cátedra*. 1997, 245-256.
- MOYA MALENO, P. "Mercurio en la epigrafía Hispanorromana: el ara votiva de Laminium [Alhambra, Ciudad Real]". *RECM*. Centro de Estudios del Campo de Montiel. 2009, n.º 1, 101-123.
- OLIVARES PEDREÑO, J. *Los dioses de la Hispania celta*. Alicante: Real Academia de la Historia-Universitat d'Alicant, 2002. ID. "Reflexiones sobre las ofrendas votivas a dioses indígenas en Hispania: ámbitos de culto y movimientos de población". *Veleia*. Euskal Herriko Unibertsitatea. 2003, n.º 20, 297-313; ID. "Cultos romanos e indigenismo: elementos para el análisis del proceso de romanización religiosa en la Hispania céltica". *Lucentum*. Universitat d'Alicant. 2006, vol. XXV, 139-157.
- OUTEIRO IGLESIAS, M. "Os sartegos do Corgo". *Croa*. Xunta de Galicia. 2009, n.º 19, 44-57; ID. "Estudo das sepulturas antropides altomedievais". *Corga. Centro de Estudos do Corgo*. 2010, n.º 1, 12-25.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. "Los "castella" de Susarros y Gigurros en el Noroeste Hispánico y sus primeras relaciones con Roma a través del bronce de Bembibre y otros documentos de reciente aparición". *El Bronce de Bembibre: un edicto del emperador Augusto del año 15*

- a.C./coord. Grau, L. e Hollas, J. Luís. Junta de Castilla y León. 2001, 67-95; ID. "Lucus Augusti y los inicios del urbanismo en el noroeste hispánico". *Actas de los XII Cursos Monográficos sobre el Patrimonio Histórico*/coord. Iglesias Gil, J.M. Universidad de Cantabria. 2002, 335-355; ID. Lucus Augusti: *La ciudad romano-germánica del Finisterre Ibérico. Génesis y evolución histórica* (14 a.C.-711 d.C.). Lugo: Concello de Lugo, 2011.
- RODRIGUÉZ GARCÍA, P. e ACUÑA CASTOVIEJO, F. "Culto e imagen a Mercurio en Gallaecia". En *Carlos Alberto Ferreira de Almeida in memoriam*/coord. Barroca, M. J. Faculdade de Letras da Universidade do Porto 1999, vol. II, 325-333.
- ROSE, Herbert J. *Mitología Griega*. Barcelona: Ed. Labor, 1973
- SÁNCHEZ SALOR, E. "El Latín de Extremadura a partir de las inscripciones". *Anuario de Estudios Filológicos*. Universidad de Extremadura. 1988, vol. 11, 371-387.
- SARTORI, A. "Epigrafía sacra e appariscenza sociale". *Religio Deorum*. Actas del Coloquio Internacional de Epigrafía. "Culto y Sociedad en Occidente"/coord. Mayer, Marc e Gómez Pallares, Joan. AUSA. 1983, 423-434.
- SUÁREZ DE FIGUEROA, D. *P. Ovidio Nason. Fastos Libro IV. V. y VI. Le comenta, e ilustra el doctor don Diego Suárez de Figueroa, Capellán de Honor de su Magestad, su Teniente de Limosnero Mayor, y Calificador del Santo Oficio*. T. XII. Madrid: En la Imprenta de los Herederos de Francisco de el Hierro, 1738.
- TABOADA CHIVITE, X. *Etnografía Galega. Cultura espiritual*. Vigo: Galaxia, 1972.
- THEVENOT, E. "Les eaux thermales et les soucer guèrisseuses en Gaule". *Archeologia*. Archeologia Ed. 1966, n.º 10, 20-27.
- TRANOY, A. *La Galice Romaine*. París: Centre Pierre Paris, 1981
- VAN ANDRINGA, W. "Pretrises et cites dans les Trois Gaules et les Germanies au Haut-Empire". *Charlier Cites, municipales, colonies. Les processus de municipalisation en Gaule et en Germanie sous le Haut-Empire romain*. Col. Histoire ancienne et medievale. Dondin-Payre, Monique et Raepsaet, Marie-Therese. 1999, n.º 53, 425-446. ID. *La religion en Gaule romaine. Piété et politique (Ier-IIIe siècle apr. J.C.)*. París: Editions Errance, 2002.
- VÁZQUEZ SACO, F. e VÁZQUEZ SEIJAS, M. *Inscripciones romanas de Galicia II*. Provincia de Lugo. Santiago de Compostela, 1954. (= IRGII).
- VELASCO, H. "Las leyendas de hallazgos y de apariciones de imágenes. un replanteamiento de la religiosidad popular como religiosidad local". *La Religiosidad Popular II. Vida y Muerte: La imaginación religiosa*. en Álvarez Santaló, C.; Buxo, M.ªJ. e Rodríguez Becerra, S. *Anthropos*. 1989, 401-410.
- VEYNE, P. *L'Empire greco-romain*, Paris: Seuil "Des Travaux", 2005
- VIVES, J. *Inscripciones latinas de la España romana I-II*. Barcelona: CSIC-Universitat de Barcelona, 1971-1972.



RESUMO

Este artigo pretende amosar ao lector unha panorámica da cultura castrexa nesta zona. Ademais da catalogación dos castros existentes na zona, amósalle ao lector as características xerais desta época facendo especial énfase na influencia que Roma tivo sobre este período da nosa historia.

PALABRAS CLAVE

Cultura castrexa, cultura galaico-romana, castro, poboación.

1.0 CONTEXTO HISTÓRICO: CULTURA CASTREXA – CULTURA GALAICO ROMANA

Podemos explicar a cultura castrexa como ese conxunto de elementos ideolóxicos, sociais e materiais que se desenvolveron no noroeste da península ibérica a partir da Idade do Bronce e que ten no castro a súa característica mais particular.

Estamos a falar dunha época moito mas chuviosa e húmida que a actual que provocaría unha enorme abundancia de bosques o que obrigaría aos primeiros castrexos, en certo modo, a buscar un hábitat en zonas medias ou altas. Unha cultura que comezaría cara o século VII a.C. e remataría sobre o século II d.C. Polo tanto preto de 1000 anos de existencia, pero que en ningún caso, podemos considerar dun xeito uniforme, xa que a chegada de Roma no cambio de era mudou totalmente a mentalidade, usos e hábitos dos castrexos producindo axiña unha aculturación de elementos romanos. Tan rápida foi que, xa nas primeiras décadas do século I, xa temos indíxenas vestindo, actuando e falando como auténticos romanos, como se pode apreciar na estela de Crecente (Museo Provincial de Lugo). De feito, a esta etapa romana se lle coñece xa como cultura Galaico-romana e que paradoxalmente é cando aparecen as manifestacións artísticas de índole tipicamente indíxena.

A conquista romana non supuxo o abandono inmediato e total dos castros de feito, moitos foron construídos *ex novo* nesta época. Sen embargo, a finais do século I si que se empezan a abandonar algúns recintos castrexos, sobre todo os que estaban situados en terras altas, para instalarse esta poboación en zonas baixas. Este fenómeno migratorio foi unha constante ó longo de toda a

Javier Gómez Vila

info@javiergomez.org.

www.javiergomez.org

Doutor en Arqueoloxía e Hª Antiga

Profesor ensino secundario I.E.S. N. S.

dos Ollos Grandes. Lugo

dominación romana acentuándose a partir do século II grazas a introdución de novos hábitats rurais tipicamente romanos como a *villae* ou mesmo os ARS (Aglomerados Romanos Secundarios, Pérez Losada, F. 2002).

Pero hai que ter en conta que o abandono dos castros nin moito menos foi total nin definitivo, atestiguándose moitos casos de ocupación e reocupación de recintos castrexos en época tardorromana (ss III – IV) como por exemplo Viladonga.

1.1. ORGANIZACIÓN SOCIOECONÓMICA.

A economía castrexa tiña unha forte base agrícola e gandeira de cereais, vacas, porcos e cabalos pero tamén se practicaba a caza, pesca e marisqueo nos castros costeiros, así como a recolleita de froitos como landras e castañas. Tampouco debemos esquecer tanto o traballo da pedra, sobre todo durante a época romana, como as actividades mineiras e metalúrxicas, sendo a ourivería o seu máximo expoñente. O emprego de xoias, ademais do consabido valor ornamental, temos que velo como un elemento de distinción social. Ademais das arracadas, colgantes, brazaletes... destacan os torques que a modo de colares abertos colocábanse posiblemente nos pescozos dos guerreiros.

Outra actividade tamén importante, sobre todo si a xulgamos pola abundancia de restos nas escavacións, foi a cerámica. Existe unha ampla diversidade dentro de ela pero a grandes trazos faise necesario distinguir entre cerámica castrexa propiamente dita e a romana, como veremos no apartado 2.2.

1.2. A ORGANIZACIÓN POLÍTICA.

A nivel superior sitúase unha estrutura política denominada *Civitas* ou *Populus* formada por unha alianza entre varios castros atopándose, iso si,

subordinados uns a os outros en función do seu tamaño. Non se coñecen exactamente cales eran as fronteiras destas case 40 *civitates* existentes na Gallaecia pero probablemente os habitantes castrexos da antiga terra do corgo pertencerían ao *populus dos Copori* ou a o dos *Cibarci*.

Nun nivel inferior estaría cada castro, tamén chamado nas fontes epigráficas *castella*, que tería obviamente un nome, Miobro ou Circine por exemplo, e comprendía o poboado e o territorio circundante. No *Castella* principal residían as autoridades locais denominadas nas mencionadas fontes príncipes. Temos un exemplo na Provincia de Lugo destas elites sociais grazas a un epígrafe atopado na muralla de Lugo como material de recheo (ERPL, 73). Tamén é moi coñecido o atopado en Asturias onde figura que *Nicer Clutosi* era príncipe dos Albións e residía no castro Cariaca (ERPL, páx.170).

Nestes castros principais habería un lugar de reunión a onde acudirían periodicamente os representantes do resto dos *castella da civitas*. Este lugar de reunión foi descrito polo xeógrafo grego Estrabón como un edificio alongado, de maiores dimensións co resto, e que tería un banco pétreo pegado as paredes.

Ao nivel mais baixo estaría a familia propietaria dunha zona concreta do castro, chamada barrio, onde edificarían as súas vivendas. En algúns grandes castros, ou citanias, como Briteiros (Braga, Portugal), colocábase o nome de esta familia no lintel das portas das cabanas precedido da palabra casa, deste xeito "*domus coroneri*" ou "*domus camali*". O feito de estar o recinto castrexo comprimido dentro dunha muralla sen posibilidade de ampliación provocou que o espazo que contaban estas familias fose moi limitado, sen posibilidade de expansión. Isto explica á aglomeración das pallozas, rozando unhas cas outras, presentando un mínimo urbanismo, agás nas grandes citanias.

1.3. A ORGANIZACIÓN RELIXIOSA

Cada *civitas*, mesmo incluso cada castro, posuiría os seus propios deuses indíxenas ao mesmo tempo que tamén se lle fan dedicatorias aos deuses romanos.

No caso das terras do Corgo tan so temos constancia dunha dedicatoria ao deus romano do comer-

cio Mercurio (ERPL, 68). Noutras zonas da provincia si que se descubriron nos propios castella dedicatorias ao que parecen ser os seus deuses protectores. Este podería ser o caso das dedicatorias á deusa Navia atopadas na zona de Guntín; unha na propia croa do castro, e a outra, no de San Mamede, esta ca particularidade de indicar ben o nome da comunidade ou o do propio castro¹.

2. O CASTRO COMO ELEMENTO DEFINITORIO

Esta aldea asentada en altura rodeada de muralas foi o elemento vertebrador e característico desta etapa que incluso lle deu o seu propio nome.

No seu emprazamento nun cerro, ladeira ou ribazo dun curso fluvial resultaban determinantes tanto as facilidades de abastecemento de auga potable como os condicionantes defensivos óptimos.

2.1. O SISTEMA DEFENSIVO.

Esta formada por unha acumulación de terra e pedras dunha altitude de entre 6 a 10 metros, que presenta na súa cara interior muros pétreos cimentados no chan a través dunha banquetea. Grazas a un corte artificial na muralla do castro de Lence puidemos comprobar o material de recheo empregado. Neste caso, ademais das consabidas pedras e terra, empregaron multitude de fragmentos de téglulas e de outros obxectos de uso cotiá, como por exemplo muíños de man.



Fig. 1. Reconstrución da Citania de San Cibrán de Las. Apréciase o sistema defensivo e a estrutura urbanística dos barrios familiares. No centro a Croa con muralla propia.

¹Vid. Gómez Vila, Javier (2009): Epigrafía Romana de la Provincia de Lugo (ERPL). ERPL, 138 atopada na croa; ERPL, 47 no castro de S. Mamede: NAVIA ARCONVNIEGAE SVLP(icius) MAX(imus) EX VOTO.

Nalgúns casos, como en San Cibrán de Las, a muralla adquire un imponente aspecto e tamaño, contando con escaleiras de acceso e paseo de rolda na súa parte superior.

As portas desta muralla están franqueadas por dous recintos cuadrangulares onde posiblemente estivese o corpo de garda encargado de vixiar o acceso o recinto, deste xeito aparece por exemplo en Castromaior (Portomarín).

Nalgúns casos tamén aparece por fora desta unha segunda muralla de menor altitude.

Outro sistema defensivo situado entre as murallas é o foxo. Ten forma de U ou V e pode ter unha profundidade de dous metros. No caso dos xacementos da Terra do Corgo é un elemento moi habitual que ademais presenta unha anchura similar, en torno aos 5,5 metros, como por exemplo en Farnadeiros e Reveirao.

Nalgúns casos aparecen os antecastros que a modo de terrazas acoutadas están bordeadas por parapetos no exterior da muralla. Teñen distintos usos tanto como zona de cultivo e pastoreo como de habitación, xa que era o único lugar dispoñible para construír cando unha familia esgotaba o seu espazo no barrio.

Todas estas defensas artificiais se completan cos desniveis e terrapléns naturais do propio terreo, nalgúns casos resaltados con pequenos muros e parapetos.

A parte central do castro denomínase Croa, que en infinidade de ocasións deixou a súa pegada na toponimia como podemos apreciar en varios xacementos da zona que nos ocupa.

Esta croa como punto central do recinto é a mais importante e a que estaría ocupada polas edificacións mais senlleiras do poboado. De feito, no castro de Viladonga ou mesmo no de San Cibrán de Las, aparece separada do resto do castro por muros pétreos onde se abrían unha serie de portas.

Xa falamos anteriormente do escaso urbanismo presente nos castros que, na maioría dos casos, queda reducido á propia croa. Elemental e rudimentario pero efectivo, baseado nunha serie de construcións agrupadas formando os barrios deixando entre eles espazos libres para circular a modo de rúas. Nestes grupos de edificios dunha

mesma familia, entre as que están as vivendas, almacéns, currais, obradoiros..., é perceptible a aplicación dun módulo base, que no caso de Viladonga é de 5x10 m para cada conxunto.

2.2 As construcións

Destacan sobre todo as vivendas que poden ter planta circular - oval ou cuadrangular con diversas variantes. Tradicionalmente, considérase ás de planta circular como as mais antigas, típicas da época prerromana, pero que se seguiron a empregar coexistindo as cuadrangulares, tipicamente romanas, e incluso en épocas moito mais recentes, como se pode apreciar nas pallozas, hórreos e pendellos das comarcas orientais de Galicia.




Fig. 2. Casa castrexa circular con teito de colmo. (Fonte: Museo do Castro de Viladonga, 76, 2013)

Estas vivendas circulares posuían unha cuberta feita de materiais vexetais (palla, ramas, xestas..), denominada "colmo". Dispónse en varias capas sobre armazóns de madeira con forma de cono que apoian nos muros e nun pe central. Para suxeitar esta cuberta empréganse cordas, que saíndo dos pontóns centrais caen sobre os diferentes vexetais facendo certa presión xa que no outro extremo colgaba unha pedra, chamada pesa de colmo, perfectamente identificables xa que teñen un burato para amarrar a corda.

As vivendas cuadrangulares foron introducidas pola cultura romana e estaban cubertas por dous tipos de tellas de barro:

- Tegulas, tellas planas que asentaban directamente sobre o armazón lígneo.



Fig. 3. Fragmentos de tégulas e cerámica común encontradas no castro de San Cosme.

- Ímbrices tellas curvas que apoiaban sobre os rebordes das tégulas e impedían que entrara a auga polas xuntas.

É típico que estas tellas presenten marcas dixitais, feitas cos dedos sobre o barro fresco polos operarios do respectivo obradoiro e, casos pegadas de algún animal como por exemplo can, cabra, ovella, gato.

Se o xacemento foi arado para tarefas agrícolas ou mesmo, se é o caso, nos propios muros de separación de fincas, e doado atopar fragmentos destas tégulas. No noso estudo as localizamos nos castros de Farnadeiros, Bergazo, Castrillón, San Cosme, A Grova e Castros de Lence. Que non fosen atopadas nos outros xacementos non quere dicir que non existisen, simplemente que hoxe en día non son visibles.

As casas mais tardías son moito mas grandes, de varias habitacións cuadrangulares de esquinas redondeadas. Isto foi posible xa que nesta época de crise do baixo imperio os castros foron abandonándose pouco a pouco quedando casas abandonadas que foron derruídas para facer grandes mansións que mencionábamnos antes.

A disposición destas vivendas dentro do castro semella caótica. Algunhas aparecen illadas; outras

ampliadas mediante engadidos; tamén están as construcións auxiliares para uso agrícola ou gandeiro e mesmo as que non teñen porta, que quizais fosen almacéns con entrada superior quen non se conserva accesible a través dunha escaleira.




Fig. 4. Casa de influencia romana tellada con tégulas e ímbrices. (Fonte: Museo do Castro de Viladonga, 76, 2013)

Moitas destas casas teñen diante da entrada un espazo de forma mais ou menos oval, chamado vestíbulo, que tería diversos usos como, por exemplo, almacén de leña, currais para animais como aves ou porcos ou mesmo como obradoiro artesanal de tecido.

O certo e que os muros medianís so aparecen no caso de construcións da mesma familia, mentres que cando correspondes a barrios diferentes os muros son sempre independentes iso si, separados por moi poucos centímetros.

Os paramentos destes muros son todos de pedra de lousa ou de xisto. Nalgúns casos na base aparecen grandes bloques de cuarzo ou seixo branco ca función de asentelos e fortalecelos.

No interior da vivenda, no centro ou nun lateral, destaca o fogar cun chan de barro pisado, cocido ou mesmo de pedras. Ten outras fincadas no chan para cercar o lume e abrigalo das correntes de aire ao mesmo tempo que protexía o resto da casa.

É habitual atopar, espalladas polo castro, multitude de buratos feitos na rocha de diferentes formas e tamaños. A maioría foron empregados como

furados para fincar os postes do teito. Cando son mais grandes é probable que se empregasen como depósitos para a auga ou para almacenar outros produtos.

A cerámica é o elemento arqueolóxico mais abundante entre os achados dos castros aparecendo, iso si, moi fragmentada. En termos xerais, ademais da de construción mencionada anteriormente, podemos distinguir tres tipos:

- Castrexa. Tipicamente indíxena esta elaborada a man ou en torno con paredes alisadas que semellan ter un verniz agrisado ou negro. Ten multitude de usos. No caso de ter decoración adoita poñerse nos bordes, colos ou paredes empregando temas xeométricos ou esquemáticos como incisións en forma de liñas oblicuas, horizontais ou verticais paralelas, ou

ben compoñendo triángulos, así como estampacións en forma de espiña de peixe, estrixilos, “eses” ou figuracións entrelazadas

- Común romana. Ten sobre todo uso doméstico. Esta feita a torno con cores grises e avermellados con escasa decoración. Dentro deste grupo tamén podemos incluír as ánforas que servían para transportar e almacenar os típicos produtos romanos: viño, aceite e trigo. Este tipo de cerámica a localizamos nos castros de San Cosme e de Castrillón.
- Terra Sigillata. Cerámica fina de verniz avermellado empregada sobre todo como vaixela de mesa. Denota un alto nivel socioeconómico e un certo luxo debido o seu prezo. Sempre aparece en menor cantidade que os outros dous tipos.

3. OS CASTROS DO CORGO



Fig. 5. Mapa dos castros do Concello do Corgo.

O primeiro problema que se nos formula á hora de analizar os xacementos castrexos do Corgo é a total ausencia de escavacións arqueolóxicas neles. Este hándicap condiciona totalmente a investigación xa que impide coñecer todo un conxunto de datos claves para interpretar e valorar a ocupación castrexa desta zona. Datos, como por exemplo, os paleobotánicos que nos informarían da posible cronoloxía de ocupación do recinto así como dos costumes alimenticios; os pétreos que amosarían os materiais usados e polo tanto as actividades da comunidade, tanto as artesanais como as relixiosas como as cotiás. En fin, a solución pasa por coller estes datos doutras zonas escavadas e extrapolalos aquí, asumindo polo tanto todos os riscos que este tipo de formulación leva consigo

O segundo problema refírese a destrución sistemática e paulatina á que foron obxecto moitos destes xacementos. Un fenómeno provocado por causas naturais nalgúns ocasións pero a maioría das veces debido a actuacións humanas. Deste xeito, dos 21 supostos castros salientados no PXOM que posiblemente existisen neste concello, hoxe en día non queda ningún rastro de catro deles:

- C-01 Agra dos Castros de Arxemil
- C-02 Anseán
- C-03 Os Castros de Arxemil
- C-07 O Castro –As Croas de Gomeán

E de outros dous, o de Queizán e a Croa de Chamoso, practicamente non queda ningunha testemuña.


Esta destrución non so se refire o aspecto arqueolóxico, senón tamén o da memoria colectiva do poboado, xa que os propios veciños non teñen constancia da existencia deles. Queda polo tanto tan so a súa testemuña na toponimia.

Polo tanto quedan 17 castros para una superficie de 157 km² o que significa que hai 1 castro por cada 9,23 km², cifra moi similar á que presenta os castros do concello de Lugo. Densidade moi alta se a comparamos con outras zonas das que se teñen datos:

- Ribeiro do Avia de 1 por cada 7,14 km²
- Concello de Lugo 1 por cada 8,5 km².
- Barbanza de 1 por cada 11,81 km²
- Concellos de Outes, Muros e Carnota 1 por cada 17,4 km²

- Terra Cha é de 1 por cada 18,96 km²
- Lobeira e na terra de Celanova 1 por cada 22,85 km²

Hai que ter en conta que o último índice reflexa unha das zonas mais pobres de castros de toda Galicia, sen coñecer moi ben o motivo desta escaseza. O índice do primeiro representa o de maior cantidade. O que si sabemos é que a densidade castrexa aumenta en razón directa da fertilidade e das boas condicións para a vida de cada territorio.




En canto o tamaño dos recintos ocupan unha superficie total aproximada de 20 Ha, sendo o de Gomeán o que presenta as dimensións mais reducidas e o de Ramil o de maior tamaño. Predominan de maneira absoluta os castros con dimensións comprendidas entre 0,5 e 1,5 Ha que serían o 83 %, mentres que os comprendidos entre 1,5 e 2,0 Ha tan so son o 17,6%.

Cada castro exercería o seu control sobre un círculo de case 1,72 km de radio, ampliándose este espazo aos 2,5 km da Terra Cha e os 3,05 km do Barbanza por exemplo.

O Corgo, polo tanto, presenta unha alta densidade de recintos castrexos. De feito, se consideramos os 21 supostos xacementos que habería, e non os 17 conservados na actualidade cos que fixemos os cálculos, estaríamos dentro do grupo das zonas con mais recintos deste tipo, similar a Ribeiro do Avia por exemplo.

En canto a altitude, predominan os asentados en terras entre 400 – 500 m. que alcanzan case o 65% do total. Despois lle seguen en importancia os

asentados entre 500 – 600 m. que representan case o 24%, quedando con valores residuais os situados fora destas altitudes, tan so o 12%. Datos estes similares a outras zonas do interior, como por exemplo a Terra Cha, onde os localizados entre 400-500 chegan case o 71%. Outro tema



importante e coñecer o tamaño da poboación que tería a Terra do Corgo durante este período da cultura Castrexa e Galaico-romana. Este é un tema realmente complexo xa que carecemos de datos fiables para elaborar o seu cálculo polo que teremos que recorrer a oportunas estimacións. Como a información que dispoñemos para a nosa área de estudo e nula empregaremos comparacións especulativas que, no mellor dos casos, nos darán aproximacións a uns resultados reais nada doados de comprobar.

Para o cálculo desta poboación castrexa compre coñecer a superficie dos castros. Hai que ter en conta que esta superficie non é exacta xa que o non contar con escavacións arqueolóxicas vémonos no obriga de facer tamén aproximacións sobre o tamaño dos recintos. É mais que probable que a superficie real dos poboados fora sensiblemente inferior a sinalada. O total dos 17 conservados é de sobre 200.000 m², o que da unha media de 11700 m².

Para coñecer o tamaño desta poboación ao principio da dominación romana, é dicir, sobre o

século I partimos do suposto que os 2/3 dos castros foron sincrónicos nesta fase, ou sexa 134000 m². A partir de aquí podemos usar diferentes métodos.

- FÓRMULA DE NARROLL. Segundo os datos de outros xacementos podemos supoñer que tan so a metade da superficie do castro tivo estruturas de habitación polo que:

$$P \frac{2}{3} = \frac{S}{2} \times \frac{1}{10}; \frac{134200}{2} \times \frac{1}{10} = 6710 \text{ habitantes} = 42,64 \text{ h/km}^2$$

- FÓRMULA DE KRAMER. Obtida dos traballos no Próximo Oriente, onde P é o tamaño da poboación e A o tamaño en hectáreas do hábitat.

$$P = 146x\sqrt{A}; P = 146x\sqrt{13,42} = 535 \text{ habitantes} = 3,39 \text{ h/km}^2$$

- FÓRMULA DOS ÍNDICES 100 / 200. Derivadas da aplicación ós poboados da Idade do Ferro de Inglaterra de índices estimativos de poboacións do Próximo Oriente.

$$P = \frac{134200}{10000} \times 100 = 1342 \text{ habitantes} = 8,52 \text{ h/km}^2$$

$$P = \frac{134200}{10000} \times 200 = 2684 \text{ habitantes} = 17,05 \text{ h/km}^2$$

- APLICACIÓN DO FACTOR DE CORRECCIÓN: 0,79. Os resultados de Narroll son un pouco altos se os comparamos cos valores doutras zonas de Galicia onde si contan con escavacións arqueolóxicas e teñen datos fiables. O cálculo que fixemos desta desviación permítenos aplicarlle o índice de Narroll un factor de corrección do 0,79 para adaptalo á realidade galega. Deste xeito, teríamos que a poboación da Terra do Corgo sería de case 5300 habitantes, cunha densidade de 33 h/km², por riba dos 4046 do censo do 2008. Uns datos parellos á poboación castrexa do concello de Lugo que sería de 4600 ou a do norte da Terra Cha de 3954 habitantes.

Polo tanto unha poboación moi alta para a época, das maiores do norte de *Gallaecia*. Este feito é facilmente explicable se temos en conta as bondades da propia terra e as facilidades para as tarefas agrícolas e gandeiras.

4. CATÁLOGO DE CASTROS

C-01 AGRADOS CASTROS

Arxemil (San Pedro de)

PXOM: 1-04

UTM: 29 T 625967.82 4758888.58

PROTECCIÓN: Respeto, grado III

Alt: 443 m.

Este suposto castro estaría situado o Noroeste de Arxemil na paraxe coñecida como Agra dos Castros, un terreo que actualmente esta cuberto de vexetación e rodeado de gándaras. Hoxe en día non se aprecia ningún elemento arqueolóxico en superficie que indique a existencia dun castro neste lugar. Preguntados os veciños do lugar tampouco teñen constancia da existencia dun recinto castrexo nesta zona.

Polas inmediacións pasa a vía romana XX e documéntase a existencia dun miliario.

C-02 ANSEÁN

Castro (Santa Catalina de Anseán)

PXOM: 1-31

UTM: 29 T 625975.97 4752349.73

PROTECCIÓN: Respeto, grado III

Alt: 401 m.

En teoría este castro estaría situado na paraxe denominada As Croas, no lugar de Castro. Sen embargo, na actualidade non se observa ningún elemento que permita pensar na existencia dun castro neste lugar. Non presenta configuración de recinto castrexo, nin hai restos de estruturas defensivas. Hoxe en día esta zona está constituído por unhas fincas dedicadas a pasto. A prospección superficial tampouco desvelou a existencia de ningún tipo de cerámica nin doutro material arqueolóxico.

C-03 ARXEMIL, Os castros de.

Arxemil (San Pedro de)

PXOM: 1-06

UTM: 29 T 627307.53 4757841.51

PROTECCIÓN: Respeto, grado III

Alt: 436 m.

A suposta situación deste castro sería no cumio dun esporón sobre o río Outeiro a carón do camiño medieval e a escasos metros da ponte de Galiñeiros sobre o río Chamoso. Apréciase un recinto elevado e unha ampla terraza cunha

especie de terraplén ó nordeste pero actualmente non se aprecia ningún elemento definitorio dun castro. O recinto principal elevado foi rotulado para convertelo nunha plantación de pinos polo que sufriu unha profunda transformación que puido alterar os supostos vestixios. Non se aprecian restos defensivos nin de outro tipo polo que hoxe en día non é posible afirmar da existencia dun recinto castrexo neste lugar.

C-04 BARRIO

O Castro, Santiago de Fonteita

PXOM: 1-07

UTM: 29 T 632335.74 4758074.68

PROTECCIÓN: Integral, grado II

Perímetro apróx: 340 m

Área apróx: 8400 m²

Alt: 507 m.

Poboación estimada: 330 habitantes.

Esta localizado xunto a carón da estrada, o norte do lugar de Barrio, nun pequeno outeiro de forma ovalada delimitado por muralla e terraplén. Ó leste pódese apreciar dobre liña defensiva cun foxo estreito entre elas.

As defensas da parte norte do recinto foron afectadas polas obras de ensanche da estrada.

Non se percibiron elementos cerámicos nin de outro tipo na prospección superficial.





C-05 BERGAZO

San Fiz - Bergazo

PXOM: 1-10

UTM: 29 T 629561.57 4756824.78

PROTECCIÓN: Integral, grado II

Perímetro apróx: 350 m

Área apróx: 9400 m²

Alt: 450 m.

Poboación estimada: 370 habitantes.

Situado na paraxe denominada Castro o leste do pobo de Bergazo no cumio dun pequeno outeiro de forma circular. Dentro do recinto está situada a igrexa e o cemiterio.

Presenta unha muralla de certa entidade o sur complementada por un foxo e antecastro que actualmente fai as veces de pista de acceso á igrexa.



Esta moi afectado polas tarefas agrícolas que se levan a cabo dentro do recinto e que posiblemente foran a causa do derrube das defensas da parte oeste.

Na prospección superficial constatouse gran cantidade de material tegulario no interior do recinto tanto espaxado pola terra como parte do muro que separa a igrexa e o cemiterio da finca.

Xusto a carón da cancela que dá acceso o cemiterio, constatouse a existencia dun fragmento de granito sen inscrición de forma cilíndrica duns 30 cm de diámetro que ben puidera ser parte dunha columna.

C-06 CASTRILLÓN

O Salvador de Castrillón

PXOM: 1-15

UTM: 29 T 631591.80 4755019.04

PROTECCIÓN: Integral, grado II

Perímetro apróx: 430 m

Área apróx: 13900 m²

Alt: 463 m.

Poboación estimada: 540 habitantes.

Situado na carballeira de San Bernabé, no cumio dun outeiro, ó suroeste da autovía e o noroeste – norte do lugar de Castrillón.

Ten unha forma sensiblemente circular e altos terrapléns con restos de murallas ó suroeste. No interior esta situada a capela do Salvador. Xusto diante da súa porta de entrada atópase un miliario (Gómez Vila, J. 2006, 158; Gómez Vila, J. 2010, 43) que fai as funcións de pe de altar. Pertence a la vía romana XX que pasa polas inmediacións do castro. Ten unha altura de 110 Cm y un diámetro de

45 Cm presentando unha cruz pintada de vermello no seu frontal. Estivo no interior da capela cumprindo a mesma función ata que en época recente foi trasladado á situación actual. Non presenta ningún tipo de inscrición.

Xa comentamos noutra ocasión (Gómez Vila, J. 2010, 41) que esta é unha zona moi rica en miliarios. De feito, os seis exemplares documentados, convértena na de maior densidade do norte de Galicia.



C-07 CASTRO (o) – AS CROAS

Castro, Santiago de Gomeán
PXOM: 1-29
UTM: 29 T 631656.04 4752935.49
PROTECCIÓN: Respeto, grado III
Alt: 482 m.

Na actualidade non se observa ningún elemento que permita pensar na existencia dun castro neste lugar. Non presenta configuración de recinto

castrexo, nin hai restos de estruturas defensivas. Actualmente esta zona está constituído por unhas fincas dedicadas a pasto. A prospección superficial tampouco desvelou a existencia de ningún tipo de cerámica nin doutro material arqueolóxico

Tampouco o suposto topónimo As Croas parece ser de difusión popular entre os veciños do lugar xa que era descoñecido polos que foron preguntados sobre o tema. Así mesmo eran totalmente descoñecedores da existencia dun castro neste lugar.

C-08 CERDEIRIÑA C-17 REVEIRAO

Vilanova, Pedro Fiz de Paradela
PXOM: 1-20
PXOM: 1-19
UTM: 29 T 622117.99 4754219.70
UTM: 29 T 622324.72 4754335.34
PROTECCIÓN: Integral, grado II
PROTECCIÓN: Integral, grado II
Perímetro apróx: 430 m
Área apróx: 14600 m²
Alt: 501 m.
Poboación estimada: 570 habitantes.
Perímetro apróx: 400 m
Área apróx: 12500 m²
Alt: 494 m.
Poboación estimada: 490 habitantes.

Creemos oportuno analizalos de xeito conxunto xa que comparten características común e a mesma localización nun outeiro, denominado Monte dos Castros. Dominan visualmente o contorno e atópanse rodeados por varios cursos fluviais, entre eles o propio río Miño ó oeste. O acceso é relativamente doado a través dun camiño terreo que chega xusto a carón do castro de Reveirao.

O castro de Cerdeiriña, que ocupa a parte superior do mencionado Monte, presenta un recinto de forma oval defendido con muralla perimetral reforzada cun foxo e acceso ao leste en rampla. Non é posible facer unha valoración mais detallada debido a densa vexetación que o cubre.

No caso do castro de Reveirao o feito de estar mais despexado de vexetación permite un mellor análise. Esta situado nun resalte granítico cun interesante anel defensivo constituído por tres estruturas concéntricas, presentando o foxo 5,5 m. de ancho, medida similar a outros castros da zona. O acceso faise polo leste en rampla.



C-09 CROA DE FOLGOSA

Coto, S. Martín de Folgosa
 PXOM: 1-08
 UTM: 29 T 636534.67 4757289.54
 PROTECCIÓN: Integral, grado II
 Perímetro apróx: 300 m
 Área apróx: 6800 m²
 Alt: 603 m.
 Poboación estimada: 260 habitantes.

Situado nun esporón do terreo no lugar de Coto, no marco do concello de Castroverde. Trátase dun castro de reducidas dimensións moi despexado de vexetación que facilita a súa contemplación. Presenta un único recinto amurallado de considerable altitude e de forma oval.

C-10 CROA DE CHAMOSO

San Cristovo de Chamoso
 PXOM: 1-11
 UTM: 29 T 626943.51 4756482.52
 PROTECCIÓN: Integral, grado II
 Perímetro apróx: 270 m
 Área apróx: 5800 m²
 Alt: 448 m.
 Poboación estimada: 220 habitantes.

Situado na paraxe denominada da Croa, nun outeiro de forma circular que destaca sobre o seo contorno. Foi convertido en pradería, circunstancia que posiblemente provocara a destrución das defensas polo que actualmente non pode verse ningún elemento definitorio dun recinto castrexo.

Aínda que hoxe non se aprecien as murallas é posible que tivese un antecastro cara o leste.



C-11 FARNADEIROS

San Estevo de Farnadeiros

PXOM: 1-40

UTM: 29 T 622586.74 4750217.88

PROTECCIÓN: Integral, grado II

Perímetro apróx: 390 m

Área apróx: 11800 m²

Alt: 441 m.

Poboación estimada: 460 habitantes.

Situado no cumio dun outeiro, na paraxe coñecida como Monte do Castro, presenta unha muralla perimetral con foso de 5,5 m.

Aparece en superficie material tegulario. O interior esta dedicado á plantación de pinos e carballos. A entrada localízase polo sur onde parte da estrutura defensiva perdeuse debido a explanacións agrícolas.

C-12 GOMEÁN

A Croa, Santiago de Gomeán

PXOM: 1-18

PROTECCIÓN: Integral, grado II

UTM: 29 T 631139.26 4754284.49

Perímetro apróx: 275 m

Área apróx: 5800 m²

Alt: 439 m.

Poboación estimada: 220 habitantes.

Trátase dun pequeno castro perfectamente visible desde a N-VI. Situado nun pequeno outeiro que destaca sobre o seu contorno chan, presenta un único recinto de forma oval con defensas aterraplenadas. O seu interior usouse como canteira como o testemuña os buratos das brocas aínda perceptibles nas rochas. Este feito desfigurou a superficie do interior. Está franqueado ó suroeste polo regato de Tordoia.



C-13 GROVA

Vilanova, Pedro Fiz Paradela
 PXOM: 1-30
 PROTECCIÓN: Integral, grado II
 UTM: 29 T 623086.78 4753037.05
 Perímetro apróx: 430m
 Área apróx: 14000 m²
 Alt: 506 m.
 Poboación estimada: 550 habitantes.

Sitúase nunha plataforma elevada sobre o contorno. Presenta un terraplén defensivo perimetral con un foxo ancho na parte norte. Na parte oeste foi arrasado para convertelo en zona cultivable. Sobre o terraplén do leste sitúase un vértice xeodésico. Apréciase material tegulario en superficie.

C-14 LENCE

Santa María de Marei
 PXOM: 1-37
 PROTECCIÓN: Integral, grado II
 UTM: 29 T 627066.78 4751686.17
 Perímetro apróx: 400m
 Área apróx: 12300 m²
 Alt: 382 m.
 Poboación estimada: 480 habitantes.

Presenta un recinto único de forma oval con terraplén perimetral aproveitando polo oeste o curso do río Maceda como defensa natural. A apertura dun camiño de servizo cortou parte do terraplén defensivo no sur o que puxo ao descuberto abundante material tegulario empregado como recheo do terraplén así como un fragmento do *catillus* dun muíño.



C-15 QUEIZÁN

Santa María de Queizán
 PXOM: 1-01
 PROTECCIÓN: Integral, grado II
 UTM: 29 T 630733.88 4760361.41
 Perímetro apróx: 490m
 Área apróx: 18700 m²
 Alt: 472 m.
 Poboación estimada: 730 habitantes.

Localizado no cumio dun outeiro ao noroeste de Queizán de Abaixo. Presenta uns desniveis moi suavizados con abundante vexetación e un bosque de carballos no seu interior. Esta peculiaridade impide apreciar a existencia de restos arqueolóxicos e mesmo as propias defensas.



C-16 RAMIL

Santiago de Laxosa
 PXOM: 1-09
 PROTECCIÓN: Integral, grado II
 UTM: 29 T 623730.71 4756910.92
 Perímetro apróx: 580 m
 Área apróx: 24300 m²
 Alt: 437 m.
 Poboación estimada: 950 habitantes..

Situado no paraxe de Castro, no lugar de estación, no cumio dun outeiro entre o río Chamoso e o trazado do ferrocarril. Presenta forma de ovalo e un terraplén defensivo de certa entidade na parte oeste, onde tamén se sitúa o antecastro. Presenta graves alteracións tanto polo leste, debido á construción da liña férrea, como polo sur debido á existencia dunha canteira que provocou o arrasamento desta zona. O interior está cuberto de abundante vexetación. É o castro de maior tamaño do concello do Corgo.



C-18 SAN COSME

San Cosme de Manán
 PXOM: 1-22
 PROTECCIÓN: Integral, grado II
 UTM: 29 T 624757.89 4753841.33
 Perímetro apróx: 400 m
 Área apróx: 11400 m²
 Alt: 443 m.
 Poboación estimada: 450 habitantes.

Atópase no lugar de Castro nun pequeno outeiro. Presenta unha forma oval de recinto único rodeado por un terraplén perimetral. En superficie aparece abundante material tegulario e cerámica común romana.

A parte oeste do xacemento está bastante deteriorada polos traballos de rebaixe do terreo para a creación de pastos.

C-19 TRAS DAZARRA

Lousado, Santiago de Laxosa
 PXOM: 1-13
 PROTECCIÓN: Integral, grado II
 UTM: 29 T 624276.72 4756361.93
 Perímetro apróx: 460 m
 Área apróx: 16700 m²
 Alt: 452 m.
 Poboación estimada: 650 habitantes.

Situado nun outeiro de pequena entidade con importantes alteracións nas súas defensas debido á la construción de vivendas unifamiliares. Presenta un recinto de forma oval con muralla perimetral polo oeste moi deteriorada que sen embargo gaña altitude polo seu lado leste grazas a un desmonte realizado na ladeira do outeiro.

C-20 VIGO

Eirexe, Santa Eulalia do Alto
 PXOM: 1-39
 PROTECCIÓN: Integral, grado II
 UTM: 29 T 632098.30 4751097.23
 Perímetro apróx: 300 m
 Área apróx: 7000 m²
 Alt: 582 m.
 Poboación estimada: 270 habitantes.



Este castro de pequenas dimensións esta situado no borde dunha pequena meseta, coñecida co nome de Monte do Castro. Esta situación é ideal xa lle que permite excelentes vistas da contorna. De forma oval, presenta dobre muralla perimetral, de considerable altura a interior, chegando incluso ós 6 metros de altitude, cun estado de conservación aceptable. A propia pendente natural do terreo tamén contribúe a aumentar este carácter defensivo, sobre todo pola parte oeste.

C-21 VILANOVA

Santa Eulalia do Alto
 PXOM: 1-38
 PROTECCIÓN: Integral, grado II
 UTM: 29 T 629992.34 4751070.59
 Perímetro apróx: 310 m
 Área apróx: 7900 m²
 Alt: 456 m.
 Poboación estimada: 310 habitantes.

Situado no cumio dun outeiro que destaca sobre o lugar de Vilanova. Presenta unha muralla perimetral de certa entidade que se vai ampliando cara o noroeste creando una estreita terraza a menor altitude. O interior do recinto ten bosque de carballos e castiñeiros



3. CONCLUSIÓNS.

O estudo dos xacementos castrexos sempre ofrece datos esclarecedores e interesantes que axudan a despexar moitas incógnitas desa época tan afastada dos nosos tempos pero que pervive en multitude de pegadas na paisaxe galega. Deste xeito puidemos comprobar como a Terra do Corgo era das zonas mais poboadas do norte de Galicia, presentando unha inusitada abundancia de castros. Uns recintos que ademais tiñan un considerable tamaño.

Lamentablemente, non chegaron todos ata os nosos días. Como explicamos no corpo do artigo, de catro deles, xa non queda ningún rastro. Isto supón case o 20% e é realmente moito. Moitísimo. Temos que poñer todos os medios para evitar a destrución deste bens que constitúen unha parte esencial da Galicia histórica.

Estamos convencidos que unha boa maneira de logralo e dalos a coñecer: onde están, como foron, para que serviron e cal e súa importancia. Por iso, nunha época marcada pola tecnoloxía, o cloud computing e o móbil sempre na man, pareceunos interesante implementar unha web con todos estes datos. Pódese acceder a ela desde castroscorgo.arqueogalicia.com. Entre outros aspectos podemos consultar a situación dos xacementos grazas a tecnoloxía de Google Engine, velas fotografías mais senlleiras, coñecer as súas características... en fin, una ferramenta enfocada para gozalos de paso que os conservamos.

4. BIBLIOGRAFIA

AGRAFOXO PÉREZ, Xerardo. A cultura castrexa nos concellos de Outes, Muros e Carnota. Sementeira, 1991.

ARIAS VILAS, F et alii Museo do castro de Viladonga. Xunta de Galicia. 2013

ARIAS VILAS, F. A romanización de Galicia. A Nosa Terra. 1992.

CALO LOURIDO, F. A cultura castrexa. A Nosa Terra. 1993.

DOPICO CAÍNZOS, D. VILLANUEVA ACUÑA, M. A prehistoria en Lugo á luz das descubertas recentes. Deputación Lugo. 2009

GARCIAALVAREZ, R. Castros de un valle gallego. Los del Ribero del Avía. Zephyrus IV, Gredos, 75-95, 2000

GÓMEZ VILA, J. "A vía romana no concello do Corgo", en CORGA nº 1, páxs. 36-45. 2010

GÓMEZ VILA, J. "Epigrafía romana de la Provincia de Lugo. 2009. (ERPL)

GÓMEZ VILA, J. *Vías romanas de la Provincia de Lugo*. USC, Santiago, 2006

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, E. FERRER SIERRA, S. "Sustrato poboacional prerromano do entorno de *Lucus Augusti*", en *Lucus Augusti*. I. El amanecer de una ciudad. 329-417. 1996

KOLB, Ch. C. "Demographic Estimates in Archaeology: Contributions from Ethnoarchaeology on Mesoamerican Peasants". *Current Anthropology* 26: 581-599. 1985.

McGLADE, J. "Estabilitat I inestabilitat en demograia prehistòrica: una perspectiva de la modelizació dinàmica". *Cota Zero*, 13: 103-116. 2004

NARROLL, R. "Floor area and settlement population". *American Antiquity* vol. 27, nº. 4. Salt Lake City. Páx. 587-589. 1962.

NOVO GUISÁN, J. Miguel. Los castros durante la época visigoda y la primera reconquista. Deputación Lugo. 2000

PAINE, R. Demography. En Maschner, H.D. G. y Chippindale, C.: "Handbook of Archaeological Methods", vol II. Altamira Press. Lanham. 2005

PETERSEN, W., "A Demographer's View of Prehistoric Demographie". *Current Anthropology*, 16: 227-245. 1975.

PEREZ LOSADA, F. Entre a cidade e a aldea. Estudio arqueohistórico dos aglomerados secundarios en Galicia. *Brigantium* 13. 2002.

POMBO MOSQUERA, Xosé A. VÁZQUEZ VARELA, Xosé M. A prehistoria no noroeste da Terra Cha. Deputación Lugo. 1995,

RODRÍGUEZ COLMENERO, A. *Lucus Augusti*. La ciudad romano-germánica del finisterre ibérico. Génesis y evolución histórica. Concello de Lugo. 2001

VÁZQUEZ VARELA, Xosé M. GARCÍA QUINTELA, Marco V. A vida cotiá na Galicia castrexa. B. divulgación, 1998

Abreviaturas:

ERPL: GÓMEZ VILA, J. "Epigrafía romana de la Provincia de Lugo. 2009. .

RESUMO

Continuando o artigo anterior¹, preténdese amosar e divulgar pezas senlleiras da escultura galaico-romana, conservadas no Museo Provincial de Lugo² e vinculadas ao concello do Corgo, ademais de contextualizalas dentro das producións escultóricas autóctonas poñendo en valor obras individualizadas como fonte de información histórico-artística.

PALABRAS CLAVE

Patrimonio arqueolóxico, cultura castrexa, escultura romana, guerreiros galaicos, O Corgo, Museo de Lugo.

LIMIAR

A xustificación dunha revisión analítica para unha peza concreta ten por obxecto reunir todo o que se sabe dela recollendo o conxunto da súa bibliografía para emparellar os datos facilitados e estable-

Balseiro García, Aurelia

Museóloga e directora do Museo Provincial de Lugo. direccion@museolugo.org

cer o seu probable significado e función, coa imprescindible cautela que supón, neste caso concreto, a análise dunha peza incompleta ou fragmentada e descontextualizada ou os futuros achados e posteriores investigacións. Porén, serán continuas e necesarias as referencias á plástica castrexa, en xeral, e á estatuaría galaico-romana, en particular, xunto coa revisión das interpretacións publicadas ata o de agora.

Esta obra figura nas fichas catalográficas do MPL como atopada na parte baixa do castro de San Fiz de Bergazo por un veciño da Torre de San Xulián (O Corgo)³, en abril de 1951, segundo transcribe directamente M. Vázquez Seijas, daquela director do Museo Provincial de Lugo⁴. (Vid. imaxes 1,2,3).



Fig. 1.- Vista aérea do castro de Bergazo (O Corgo)

¹O relevo de O Corgo. Un exemplo da plástica provincial romana no Museo de Lugo", *CORGA n.º 4 Revista Anual do Centro de Estudos do Corgo*. 2013 pp. 6-13.

²Agradecemento especial ao Departamento de Arqueoloxía/Historia do MPL: Enrique Alcorta e Ofelia Camero.

³Non atopamos ningunha fonte oral na actualidade que nos puidera referir as circunstancias do achado, directa ou indirectamente, polo que só temos os datos devanditos.

⁴Ademais foi un dos promotores da creación do Museo de Lugo, en 1932, e o seu primeiro secretario, exercendo de director dende 1947 ata 1982.



Fig. 2 e 3.- Vistas parciais do castro de Bergazo actualmente

Incluída por algúns autores nos catálogos de esculturas de guerreiros⁵, co que xa vén explícita a súa posible función, ou ben de xeito máis obxectivo dentro da plástica xeral da cultura castrexa⁶. Outros adscribena á etapa galaico romana⁷, pero tamén como exemplo da estatuaria bélica galaica. En todo caso, é necesario revisar eses conceptos porque a propia denominación de “pés de guerreiro” xa indica a súa finalidade e caracterización, pero tan certa/incerta é esa posibilidade coma outra similar que se lle asigne, co que de entrada

suxerimos definila como “pés de estatua pétre” ou “pés de figura humana” e nomeala “pés de Bergazo”. Formara parte ou non dunha figura completa, veremos que estes elementos monumentais son produto do mundo castrexo xa inmerso na nova idiosincrasia romana onde existen uns modelos clásicos que aquí serán readaptados e personalizados nesa época de transformacións que se producen co cambio de Era.

Abondaremos, ao longo deste pequeno artigo, nas referencias aos guerreiros galaicos e á escultura⁸ castrexa⁹, por razóns comparativas obvias, pero xa adiantamos que estamos de acordo con Colmenero en canto a que sobre esta peza esnaquizada pode dicirse unha cousa ou a contraria porque “ante mostras tan singulares, cada quen é libre de opinar como prefira”¹⁰. Esa singularidade vennos dada, tamén, polo seu achado casual que deriva nunha descontextualización completa; por moito que os indicios de referencia apunten a un castro non é suficiente dato e a perda de información neste tipo de procedencias, máxime cando se atoparon xa a mediados do século pasado, é total.

Despois destes apuntamentos iniciais, comezaremos por destacar a materia prima porque o granito é o común denominador da plástica castrexa e galaico romana¹¹. Evidentemente, a abundancia desta roca fai que se converta no soporte recorrente non só da plástica senón tamén da construción, dende a prehistoria ata a actualidade. As súas calidades de resistencia, accesibilidade e abundancia fai que sexa a materia prima da arte moble, tal como se exemplifica tamén na estatuaria aquí estudada, polo que sinalamos en primeiro lugar como característica principal desta plástica o soporte granítico, que os nosos devanceiros aprenderon a utilizar e tallar, adaptándoo ás

⁵Orero (1986:102)

⁶Calo Lourido (1994:128-129)

⁷Rguez. Colmenero (2012:223)

⁸Segundo o dicionario da Real Academia Galega “escultura” é a arte de representar figuras ou obxectos en materiais diversos, namentres que “estatua” é unha obra de escultura que representa unha persoa ou animal.

⁹A división tradicional en esculturas antropomorfas, zoomorfas e decoración arquitectónica foi modificada por Calo Lourido (1994:667) quen diferencia: guerreiros, sedentes, cabezas humanas, cabezas animais, esculturas diversas, decoración arquitectónica e “pedras formosas”, catalogando todas elas de xeito rigoroso.

¹⁰Rodríguez Colmenero (2012:223)

¹¹Na plástica provincial romana hai algúns exemplos de utilización de mármore que se vinculan aos influxos da vertente culta, tanto na iconografía como nos acabados das obras, en época altoimperial. Como exemplo estarían o grupo escultórico da vila de Muradela (Mourazos, Verín) que representa un tema mitolóxico: Dionisos e Ampelos; un león funerario de Pedreira (Padrón, A Coruña) e no Museo Provincial de Lugo podemos ver a cabeza feminina vinculada a retratos da emperatriz Faustina Minor e o relevo do *signifer*, procedentes ambas de *Lucus Augusti*, pero esta última, aínda que aparece nalgunhas publicacións como mármore, é pedra calcaria cretácea.

FICHA TÉCNICA

Núm. de rexistro: 1758

Obxecto: pés dunha figura humana/estatua incompleta coa parte inferior a xeito de base ou peaña.

Material: granito

Dimensións: 113 x 32 x 43

Procedencia: Castro de Bergazo. San Fiz de Bergazo. O Corgo. Lugo¹²

Cronoloxía: s.s. I-II d.C.

Conservación: boa

Localización: Museo Provincial de Lugo

Forma de ingreso: donativo de D. Manuel Rivas Reiga

Data de ingreso: 22 novembro de 1951

Descrición: fragmento pétreo correspondente á parte inferior dunha escultura que representa uns pés espidos en posición frontal, en plano inclinado, separados 6 cm entre si, cos dedos ben marcados e debaixo un gran bloque tipo peaña ou base, sen labrar.



Fig. 4.- Medidas dos pés de Bergazo (MPL)

¹²Lat. 42° 57' 11,11" N - Long. 7° 24' 41,83" W. UTM.29 x 629.566 e 4756829. Distancia ao Corgo: 1.600 m.

ANÁLISE

Se estes pés foran parte dunha estatua completa a proporción daría unha altura duns 3 metros aproximadamente, sen contar coa peaña ou base, que sería un elemento de sustentación e, polo tanto, quedaría oculta. (Vid. figura 4 e 5). Calo Lourido (1994:129) considera que tanto pola desmesurada altura como polo feito de ter unha labra tan coidada, onde se representan con detalle as uñas e os dedos, non se incluíría dentro do grupo dos guerreiros galaicos. As estatuas de guerreiros galaicos, máis monumentais, chegan aos 206 cm, os exemplos máis destacados en altura son os portugueses de Lezenho e Sta. Comba de Basto, seguidos dos de Meixedo e Vilaverde (183 e 143 cm respectivamente). (Vid. Fig. 5).

Comparativa das dimensións das Estatuas. 1. Anlló (Cea, Orense); 2. Armea I (Allariz, Orense); 3. Armea II (Allariz, Orense); 4. Bergazo (O Corgo, Lugo); 5. Capeludos, (Vila Pouca de Aguiar, Vila Real); 6. Cendufe (Arcos de Valdevez, Vianado Castela); 7. Lezenho I (Boticas, Vila Real); 8. Lezenho II (Boticas, Vila Real); 9. Lezenho III o Campos I (Boticas, Vila Real); 10. Lezenho IV o Campos II (Boticas, Vila Real); 11. Monte Mozinho (Penafiel, Porto); 12. Ralle (Taboada, Lugo); 13. Río (Vilamarín, Orense); 14. Roriz (Barcelos, Braga); 15. San Jorge de Vizela (Filgueiras, Porto); 16. São Julião (Vila Verde, Braga); 17. San Paio de Meixedo (Viana do Castelo); 18. Sanfins (Paços de Ferreira, Oporto); 19. Santa Comba (Cabeceira de Bastos, Braga); 20. Santa Comball (Cabeceira de Bastos, Braga); 21. Santo Ovidio de Fafe (Fafe, Braga); 22. Vilarelhos (Alfândega da Fe, Brangança).
Fonte: Rodríguez-Corral (2012:89) a partir de Schattner, 2004:Fig.9.



Fig. 5.- Fonte: Rodríguez Corral (2012:89)

Dentro da devandita representación realista e minuciosa, tamén se poden apreciar unhas protuberancias laterais nos pés de Bergazo que parecen representar, máis que vestiduras talares, os propios nocellos, algo consecuente co gusto por un realismo pormenorizado ben apreciado no frontal. (Vid. Figs. 6,7,8).



Figs. 6 - 7 - 8.- Detalles dos pés de Bergazo (MPL)



En todo caso, parece claro que este fragmento sería parte dunha escultura enteira de vulto redondo, a pesar das proporcións resultantes, debido tanto ao toco inferior sen pulir que fai pensar en que sería a zona para cravar ou colocar no chan para a estabilidade da estatua, ao xeito doutras mostras escultóricas ou da estela de Crecente¹³ (Lugo), por exemplo, como tendo en conta que os paralelos que se indicarán posteriormente tamén se dispoñerían como elementos monumentais, en posición vertical, en espazos públicos de asentamentos castrexos.

Ademais da pericia do escultor, é salientable o feito de destacar os detalles dos pés nus porque en relación cos guerreiros castrexos moitos non se conservan, non porque non se representaran senón porque crebaron por esa delicada zona e/ou

13 A estela de Crecente posúe un apéndice inferior sen labrar coa función de ser enterrada e que o monumento permanecera de pé. As figuras da parte superior están labradas en altorrelevo, vestidos, peiteados e adornados á moda romana pero representan a unha familia indíxena a xulgar polos nomes da parte epigráfica desta monumental estela conservada no MPL.

desapareceron co paso do tempo. Nalgúns non se aprecia o detalle desta obra corguesa e noutros están calzados. A este respecto, sinalamos que na antigüidade a nudez reservábase para os deuses e os heroes ou personaxes heroicos; esta cuestión sería un dato significativo para esta peza? Ben é certo que no mundo celta tamén hai exemplos de persoeiros senlleiros plasmados na escultura cos respectivos símbolos de poder da panoplia bélica correspondente coma as estatuas de Hirschlanden (Hohenasperg, norte de Stuttgart) ou a máis tardía de Glauberg (tamén en Alemaña), asociadas a túmulos funerarios¹⁴ que representan personaxes nus convertidos en heroes dun xeito similar no que respecta á postura hierática cos brazos dobrados, altura (1,50 e 1,86 respectivamente), símbolos de poder como as armas, colares, cinto, gorro, etc... Nestes casos, a nudez e os símbolos devanditos son motivos para caracterizar as estatuas como personaxes convertidos en heroes (Vitali, 2007:40).

Os pés nus e na mesma posición inclinada seguirán aparecendo en figuras/esculturas románicas galegas¹⁵.

Con respecto ás estatuas castrexas conservadas cos respectivos pés son: dúas de Bastos, que se representan calzadas, e unha de Monte Mozinho, ambas atopadas en castros portugueses e datadas no s. I. d.C.

Nas sedentes aparecen os pés visibles na de Pedrafita (A Teixeira, Ourense) datada entre os s.s. I a.C.- I d.C. e as portuguesas do castro de Póvoa de Lanhoso (Braga) e a da Freguesía da Cidade (Braga).


Sobre os guerreiros galaicos: simbolismos e funcións

Ferreira de Almeida deu en chamar estas primeiras estatuas, atopadas en Portugal, guerreiros "Galaico-Minhotos" grupo no que Orero (1986:102) inclúe tamén os pés do Corgo por quedar tamén preto do río Miño¹⁶. (Vid. imaxe 9).

¹⁴Os outeiros de Hohenasperg e Glauberg son zonas con numerosos túmulos de tumbas principescas datadas entre os séculos VI-V a.C. Os guerreiros celtas da Idade do Ferro centroeuropea están asociados a eses túmulos funerarios, feito que leva a pensar nunha representación heroica do guerreiro nesa función funeraria.

¹⁵Nas catedrais de Ourense e Santiago de Compostela hai esculturas de factura mateana, datadas no século XII, algunhas acaroadas a columnas de apóstolos e outras figuras de corpo enteiro cos pés con sandalias ou nus que teñen esa mesma posición frontal lixeiramente verticalizada.

¹⁶Orero (1986:102) define este fragmento como parte dunha estatua de guerreiro do mesmo tipo que os aparecidos en Mózinho e Cendufe (Portugal).



Figs. 9.- Esculturas de guerreiros galaicos segundo Silva (1986)

Na definición destas estatuas de tamaño considerable como guerreiros galaicos, a teor do atavío e complementos indíxenas, hai en común a actitude de parada militar, as armas e adornos reiterados en diferentes mostras desta estatuaria e características como a utilización do granito, a frontalidade, a rixidez hierática ou o gusto polas representacións sinxelas e incluso rudas, pero efectivas. Estes guerreiros teñen un precedente afastado no mundo celta europeo á vista de paralelos, *mutatis mutando*, como os xa mencionados de Hirschlanden e Glauberg, realizados en pedra e preto de monumentos funerarios ou en ámbitos culturais distintos como nas estatuas de Capostrano en Piceno, Casale Marittimo en Etruria, Nesazio no Alto Adriático, ademais dos procedentes doutras áreas do mundo mediterráneo antigo que representan guerreiros de elite coa función de eleválos á categoría de heroes e renderlles homenaxe a eses persoeiros que tapan a súa nudez cos atributos de guerra e poder do século V a.C. en diante.

Os códigos de comunicación existentes na sociedade dos guerreiros galaicos sonnos descoñeci-

dos porque non aparecen reflectidos directamente e non chegaron ata nós fontes desa cultura ágrafa que comezaba, co proceso de romanización, a acoller o latín como lingua escrita e falada. Certamente, só podemos dicir que tanto as representacións artísticas como os propios obxectos protohistóricos portados identifican e contextualizan o individuo, sobre todo aqueles que consideramos como elementos de prestixio. Todo o conxunto forma parte dunha linguaxe visual entendida no seu contexto, posto que os signos representados tiñan todo o simbolismo necesario para a súa comprensión por parte do emisor e do receptor da época. Incluso expresións artísticas similares poden ter distintos significados en función do contexto xeográfico, cultural e cronolóxico. Ata nós só chegan parcialmente os significados completos ou os códigos entón elaborados e intelixibles para eles.

Na estatuaria bélica galaica de tradición castrexa, destácase intencionadamente a representación duns obxectos de prestixio xunto coa propia vestimenta porque forman parte da panoplia que marca os seus niveis de identidade. Tanto a indumentaria téxtil, ben marcada e identificada co *sagum*¹⁷, como as armas ofensivas (puñal¹⁸, espada...) ou defensivas (escudo redondo de pequeno tamaño tipo caetra con correas de suxeición e, en menor medida, protectores das canelas e cascos)¹⁹, obxectos de adorno/prestixio como torques, *viriae* ou brazaletes, marcan identidades como son a pertenza a unha comunidade/grupo, a súa condición de guerreiro/xefe e, tal como di Rodríguez Corral (2009:106), o que se representa nesas esculturas sinala niveis de información que se queren resaltar en función do contexto e do momento histórico, como sucede, concretamente, coas estatuas de guerreiros galaicos situadas na entrada dos castros. Entón, temos por unha banda unha tradición castrexa nos elementos representados e nos autores da propia representación e, por outra, unha nova concepción de monumento público de

influxo romano onde o resultado é a mestura de códigos e funcións de ambos os mundos, produto da inexorable aculturación.

As principais interpretacións sobre o seu significado son: heroes divinizados, deidades tuteladas, guerreiros ou príncipes históricos (Rodríguez-Corral, 2012:86).

Segundo Calo Lourido (1994:685), as funcións das esculturas de guerreiros están dentro dun contexto colaboracionista cos romanos, dátanse no s. I d.C. e imitan as romanas colocadas en espazos públicos como as dedicadas á familia imperial. Esta concepción semellante das súas funcións enténdese tamén no sentido dunha obra pública, aínda que costeada por particulares, que redundaría no prestixio social do individuo ou grupo dentro do castro respectivo. Este autor tamén descarta o seu carácter funerario²⁰, pero en todo caso “trataríase de notables dos castros que entran no xogo romano, que colaboran co invasor e deste xeito poden medrar en prestixio, servindo o seu exemplo vivo e as súas estatuas, colocadas nas entradas dos castros ao xeito da estatuaria pública das cidades romanas, de estímulo romanizador” (Calo Lourido, 1997:98). Non obstante, hai outras opinións; Rodríguez Colmenero (2011:303-304) fala dunha peculiaridade atribuíble ao ámbito de Gallaecia xa con anterioridade á conquista romana, expoñendo a posibilidade de interpretarse como representacións de figuras importantes (*principes*) dos respectivos *castella* ou *civitates*, sendo os guerreiros con inscrición de carácter funerario e, polo tanto, unha estatua conmemorativa na lembranza dun persoeiro importante. Pena Graña (2001:49) sostén que os guerreiros castrexos non son colaboracionistas romanos e que a súa adscrición cultural é celta, lateniana e prerromana. Rodríguez-Corral (2012:80) cre un erro considerar estas iconas nun contexto romano porque non se poden utilizar as inscricións como datacións dado que poden ser posteriores á estatua.

¹⁷Manto que se suxeitaba cunha fíbula

¹⁸Os puñais aparecen envaiñados no cinto e as espadas aparecen nas dúas estatuas de Armeá e na de Sta. Comba de Basto empuñadas na man dereita.

¹⁹A cabeza da Citania de Sanfins leva casco, tamén Ralle, máis dubidoso é o da estatua de Capeludos. As proteccións das canelas aparecen representadas nos guerreiros de Santa Comba de Basto, supoñendo que serían realizadas, en orixe, con materiais orgánicos porque non chegaron mostras ata nós, aínda que só están documentadas para os lusitanos. (Estrabón III,3,6).

²⁰Agás para as estatuas sedentes, cuxa iconografía, aínda que inmersas na plástica provincial romana, ten unha marcada influencia meridional e algunhas incluso foron consideradas representacións femininas. Desta tipoloxía, R. Colmenero enumera sete exemplos (tres de Ourense, dous de Braga e dous da Coruña) e dos catro exemplares sen cabeza analizados por Calo Lourido (1997:98), este interpretaos de carácter masculino e función funeraria.

Os guerreiros, a pesar da influencia romana, son unha orixinal *interpretatio* que se constitúe nunha mostra escultórica senlleira e específica do Noroeste peninsular²¹.

Ao fin e ao cabo, podemos resumir as funcións das estatuas de guerreiros galaicos principalmente de dous xeitos:

- Simbólica. A situación de esculturas de guerreiros nas portas das murallas de castros, como se constata no caso de Mozinho²² (Penafiel, Portugal), ten para algúns autores un significado apotropaico posto que son os puntos de confluencia (entrada/saída) máis destacados dos asentamentos castrexos, en relación coa súa protección ou defensa. Non obstante, o simbolismo máis reiterado é o relacionado cunha “ideoloxía de prestixio” que redundará na importancia do representado ou da súa comunidade.
- Identitaria. Independentemente da localización orixinaria das estatuas²³, o conxunto de elementos que se representan nelas identifican, como xa apuntamos, o seu portador e, por ende, a súa comunidade/grupo e o seu status.

Estas interpretacións do seu significado demostran que as imaxes dos guerreiros, ademais da propia representación, desempeñan, como di Rodríguez-Corral (2012:79), un papel no marco performático do castro contribuíndo non só a transmitir un significado senón a produci-lo, mantelo e reproducilo.

Paralelos

A pesar da identificación deste fragmento coas esculturas de guerreiros, a parte conservada da obra é tan pequena que non abonda para determi-

nar claramente unha cronoloxía exacta ou para unha reconstrución hipotética do seu tamaño e tipoloxía. Aínda que na bibliografía específica apareza definida como os pés dun guerreiro galaico²⁴, hai que lembrar outros exemplos coetáneos de esculturas pétreas identificadas co culto ao emperador, como logo veremos, polo que cómpre matizar e comparar todos os paralelos escultóricos sen esquecer tamén as restantes manifestacións plásticas como a estatuaria sedente, os relevos, as estelas, as cabezas humanas²⁵ e os fragmentos (de cabezas e pés sobre todo), pero excluindo a escultura zoomorfa.

Están catalogados máis de trinta exemplares de guerreiros²⁶ dos que a maior parte proceden de Portugal: Vilaverde (Braga), un sen cabeza nin pés, con inscrición no escudo, armas e *sagum* decorado e outro similar pero con cabeza e torques; 4 de Outeiro de Lezenho, Boticas (Vila Real), o máis coñecido está cortado debaixo dos xeonllos con barba, torques, *sagum* e escudo decorado; Meixedo (Viana do Castelo), con epígrafe latino²⁷, sen cabeza nin pés, con pulseiras en ambos os pulsos e puñal envaiñado; Sta. Comba de Basto (Braga), un moi reformado e outro sen cabeza²⁸; 2 de Monte Mozinho (Penafiel, Porto), sen epígrafe, incompletas, unha está partida pola cintura coas pernas e pés separados e descalzos e a outra son dous fragmentos separados (pés e perna); Cendufe (Arcos de Valdevez), varios fragmentos, con *sagum* decorado; castro de Capeludos (Vila Real), torso e cabeza con casco; Castromao (Calo

²¹Que se diferencia pero coexiste coa estatuaria clásica romana en vulto redondo de inspiración culta, como poden ser tanto a cabeza feminina de mármore como o togado romano, ambos os dous conservados no MPL. Estes e outros modelos clasicistas conviven coa estatuaria bélica que representaría xa unha arte autóctona romanizada.

²²Aquí atopáronse polo menos dous guerreiros que xunto coa parella do castro de Armeá (Allariz) failles supoñer a algúns autores que se situarían a ambos os lados das entradas dos castros.

²³Na citanía de Sanfins apareceron fragmentos dun guerreiro galaico xunto con dúas aras anepigráficas, nun edificio de planta rectangular e grandes dimensións, que debeu funcionar como espazo para o culto a finais da Idade do Ferro (Rodríguez Carral, 2009:178). Esta localización concreta pode ser a orixinaria para a escultura ou non, pero, ao igual que a documentada nas portas dun castro, son relevantes no conxunto dos máis de trinta exemplares (incluíndo fragmentos) que se conservan destas figuras exentas.

²⁴Así denominados, como xa se dixo, pola representación da súa correspondente panoplia bélica e suntuaria.

²⁵Con respecto ás estelas e relevos vid.: Balseiro García (2013) No que atinxe ás cabezas humanas só resaltaremos a enorme produción desta tipoloxía plástica na cultura castrexa datadas entre os séculos II a.C. e I d.C. e as súas funcións apotropaicas ou de protección nos poboados respectivos. Tamén son abundantes as mostras relacionadas coa decoración arquitectónica: cornixas, frisos, xambas... ou os couzóns e amarradoiras máis outros elementos asociados ás construcións ou as coñecidas “pedras formosas”. Todas elas xunto coa escultura zoomorfa están realizadas sobre todo en granito e forman parte do conxunto da plástica castrexa, pero nesta ocasión só nos centramos na estatuaria.

²⁶Algúns están en paradiro descoñecido como a atopada no século XVII no castro de Rubiás (Bande, Ourense) que polas descrições antigas conservadas tiña unha inscrición no escudo: *Adrono/Veroti*. F. Actualmente hai 32 guerreiros documentados por Calo (2003).

²⁷A inscrición neste caso faise sobre o lateral do *sagum* e sobre as pernas. Ao respecto das inscricións nos guerreiros galaicos, Rodríguez Colmenero (2011:300) apunta que os epígrafes nas estatuas de guerreiros están relacionados, en xeral, co soporte sendo sincrónicas e complementarias á vez que inclúen dúas facetas, a funeraria e a honorífica. Emporiso, conséntanse só cinco casos de guerreiros con epígrafe que Rodríguez-Corral (2012:82) considera engadidos e “exemplos de reutilización, singularización e reciclaxe simbólico en momentos posteriores ao uso primario destas estatuas”.

²⁸Este guerreiro leva o *sagum*, os protectores das canelas (“grebas”, “ócreas”), *calcei* e o escudo redondo ou *caetra* (sobre o que hai un texto epigráfico), tamén leva unha espada curta e un puñal na cintura así como *viriae* nos brazos.

1994: 669), con torques; guerreiro do castro de Vizela (Folgueiras, Porto), sen cabeza nin pés e moi reconstruído; guerreiro da citania de S. Julião (Vila Verde, Braga), sen cabeza nin pés; 4 fragmentos de dous guerreiros galaicos do castro de Sanfins (Paços de Ferreira, Porto).

En Galicia: un torso con escudo e *viriae* e sen cabeza e outro fragmento de cabeza do castro de Armeá (Allariz, Ourense); guerreiro de Sabanle (Crecente, Pontevedra), torso sen cabeza, con escudo e man no peito que Calo (1994:420) considera de influencia romana e outro torso de pequeno tamaño (Calo, 1994:498) do castro de Santa Águeda (Vilamarín, Ourense).

Outros fragmentos pétreos considerados parte de esculturas de guerreiros: cabezas de Rubiás (Bande, Ourense), Anllo (Cea, Ourense), Ralle²⁹ (Taboada, Lugo); cabeza de Castro de Río (Vilamarín, Ourense) similar á anterior; pé calzado de Saceda.

O paralelo máis identificado cos pés de Bergazo son os pés de Mozinho por tratarse tamén dunha base ou soporte sen desbastar e uns pés, agás que o exemplar portugués conserva uns signos que parecen un texto epigráfico³⁰ e existe un fragmento de perna de guerreiro atopada no mesmo xacemento que poderían ser dúas partes dunha mesma escultura, ambos os fragmentos foron atopados no decurso de escavacións. Outra diferenza é o tamaño³¹, máis monumental no caso da lucense e, por último, tampouco ten sinais de dedos o que lle indica a Calo Lourido (1994:343) que irían calzados. Non obstante, o outro guerreiro de Mozinho³² conserva os pés descalzos con dedos marcados e individualizados, sendo destacable ademais que ten as pernas abertas e polo tanto os pés ben separados. Tamén os pés de guerreiro do castro de Sanfins (Paços de Ferreira, Porto) é un paralelo moi significativo, sobre todo por atopalo na súa localización orixinal: encaixa-

dos nun penedo á entrada dun castro (Calo 1994:486) cun pedestal inserido na rocha e dous pés calzados apegados cunha altura de 56,5 cm e unha anchura máxima de 27 cm.

En Portugal consérvase unha ara ou pedestal cilíndrico de Somelhe (Braga) que parece a base dunha estatua a modo de columna baixa dedicada a Augusto. Outro pedestal de estatua procedente de Caldas de Tapias, preto da citania de Briteiros, tamén se denominou ara de Nerva ou Penedo da Moura, sería o pedestal dunha estatua de Traxano. Ambos os dous relacionados co culto imperial romano pero realizados neste *finis terrae* (R. Colmenero, 2012:294) e, xa que logo, son paralelos para ter en conta.

Son estas obras escultóricas outro exemplo máis de adaptación ou *interpretatio* dentro da romanización do Noroeste onde están a convivir elementos culturalmente foráneos como as estatuas anteriores froito do novo poder romano, con outras iconograficamente indíxenas que darán lugar a mesturas únicas, diferenciadas das demais provincias do Imperio e/ou á convivencia de modelos clásicos ou eruditos con outros autóctonos máis provinciais? Ou son un produto xa existente con anterioridade á conquista, do que non nos chegaron exemplos antigos por realizarse en materiais perecedoiros agás as nosas esculturas/ídolos prehistóricos³³ e mostras europeas afastadas³⁴?

Os pés de Bergazo son unha mostra das manifestacións artísticas de época galaico romana, onde conflúen a tradición autóctona castrexa coas tendencias da arte provincial romana, englobando tanto esculturas como relevos e sobre todo estelas, as obras máis representativas da plástica galaico-romana. Non obstante, hai claras diferenzas entre elas:

As estelas son claramente monumentos funerarios, os relevos presentan escenas votivas, de cultos ou crenzas; as cabezas humanas³⁵ son

²⁹ Con torques no pescozo

³⁰ Algúns autores relacionan as inscricións epigráficas destas esculturas cunha función funeraria ou votiva. Tamén existe polémica ao utilizar o criterio epigráfico como datación, posto que non se pode demostrar que as inscricións se realizaran ao mesmo tempo que as imaxes (Rodríguez-Corral 2012:80). Este mesmo autor defende a diacronía entre imaxe e texto

³¹ 60 cm de altura máxima de Mozinho e 113 cm a de Bergazo

³² Foi atopado en dous anacos, agora xa integrados, sendo a zona de rotura os xeonllos, a parte máis fráxil da escultura tal e como se aprecia noutros guerreiros dos que tampouco se conservan os pés. Presenta tamén parte inferior do *sagum*, decorado cunha orla con debuxos xeométricos

³³ Vid. Rodríguez Casal (1998) e sobre a relación entre as imaxes de guerreiros castreiros e as estatuas-menhir, do Bronce Final e principios do Ferro, Rodríguez-Corral (2012:83).

³⁴ Imaxes en Vitali, D.; *Los tesoros de las antiguas civilizaciones. Celtas*. National Geographic. 2007

³⁵ Tanto exentas como en relevos, este tipo de representacións son moi numerosas na plástica castrexa (Vid. nota 25).

interpretadas segundo os distintos autores de carácter funerario, honorífico ou votivo, pero tamén poden ser representacións dun guerreiro e das esculturas xa amosamos as súas funcións principais segundo a súa tipoloxía.

Creemos finalmente que as mostras escultóricas pétreas adscritas cronoloxicamente a datas preto do cambio da nosa Era é a opción da mestura entre o mundo castrexo e o romano, nuns casos terán un carácter máis romanizado, en función do grao de aculturación e, noutros, serán unha *interpretatio* onde se observan referencias de ambos os mundos.

Os artifices

Con respecto aos artesáns³⁶ que, de xeito individual ou colectivo, realizaban estes e outros traballos de modelado do granito, algúns investigadores establecen a existencia de “asociacións profesionais” documentadas epigraficamente para o Norte de Portugal (Silva, 1999:16) que poidan ocupar incluso espazos por áreas artesanais³⁷. En todo caso, non parece que sexa un só o *artifex* tendo en conta, ademais, que tamén puideran estar pintadas³⁸ co que requiriría dun traballo colectivo ou en equipo³⁹. Polo tanto, terían que existir obradoiros autóctonos que atendían a demanda de produción destas manifestacións artísticas. Esta cuestión deriva tamén na certeza de que se trata de man de obra indíxena que pode seguir a moda imperante pero adaptándoa á súa idiosincrasia de xeito que se conforma para o Noroeste peninsular esa plástica romana provincial diferenciada, con características específicas, da que xa falamos.

Contextualización e datación

Hai que ter en conta que a procedencia desta peza é un asentamento castrexo co que está claramente vinculada a un contexto indíxena aínda que fora un castro romanizado. A importancia da proximida-

de de *Lucus Augusti*, como centro romanizador, onde se difunden novos programas iconográficos e tipolóxicos con facturas e interpretacións autóctonas, de xeito que conviven unha corrente culta⁴⁰ e outra provincial, no sentido popular, e tamén como probable centro principal de produción e distribución, onde habería obradoiros abastecendo a demanda de arte moble pétreo, é evidente. Na contorna ou área de influencia de *Lucus Augusti*, tendo en conta toda a plástica atopada e conservada a día de hoxe, está claro que existiría unha escola ou varios obradoiros de fabricación local que fornecían as solicitudes de monumentos pétreos tendo como común denominador o material máis utilizado como soporte: o granito, pero seguindo os usos e costumes romanos.

En xeral, hai dúas correntes de opinión sobre a datación dos guerreiros: castrexos ou romanos, pero de momento ningunha certeza absoluta porque os contextos estratigráficos non son seguros nin determinantes ou xeneralizables.

Calo Lourido (1994:803) establece que a arte escultórica, en pedra, non se manifesta no Noroeste ata o cambio de era, momento no que florece inmersa xa no mundo romano⁴¹, aínda que o resultado final é un conxunto peculiar e diferenciado, con personalidade propia, que converte o Noroeste nunha verdadeira provincia artística dentro do Imperio Romano (1994:798). As esculturas de guerreiros galaicos deixarían de facerse a finais do s. I d.C., en consonancia coas transformacións da época Flavia⁴², sendo a época Xulio-claudia o momento de esplendor da plástica castrexa, polo que este especialista data toda a plástica castrexa en época romana. Aínda que

³⁶Calo Lourido sobre a plástica castrexa di que “as obras plásticas do Noroeste foron feitas por artesáns que tiñan habilidade para traballar a pedra” (1994:820) e “as artes plásticas eran unha habilidade artesanal” (1994:821).

³⁷como na actividade metalúrxica no caso da Citânia de Sanfins

³⁸Non se conservan restos de policromía na estatuaría de guerreiros fundamentalmente polo paso do tempo e os procesos erosivos que soportaron, non obstante, hai que recordar que, a pesar de como chegaran a nós, a escultura romana da época era pintada.

³⁹O guerreiro de Sta. Comba está asinado por dous artistas: Calubrigenses et Abianis (Calo, 1994:817)

⁴⁰Na escultura da *Gallaecia* hai que sinalar que a corrente culta da arte romana utiliza temas relacionados coa mitoloxía clásica e cos usos e costumes da sociedade romana e está presente en obras como: *Dionisos e Ampelos* (grupo escultórico da Vila de Muradela, Mourazos, Verín), *Os xemellos* e a *Loba capitolina* (estela bifronte da loba capitolina procedente do paramento da Muralla de Lugo, conservada no Museo Provincial de Lugo), *Hércules e as Hespérides* (estela bifronte de Hércules e o Centauro procedente do paramento da muralla romana de Lugo e conservada no MPL), *dextrarum iunctio* (nunha ara para ofrendas procedente de Vigo na que a divindade, Xuno Pronuba ou a Concordia, preside un acto nupcial cos esposos collidos da man), etc. Outras estelas bifrontes hai escenas cinxéticas (*venatio*), sacrificiais ou votivas, namentres que os anversos presentan figuras vestidas, peiteadas e/ou aderezadas á moda romana, etc. (Acuña Castroviejo, F. e Casal García, R.; “A plástica provincial romana en Galicia: notas introductorias a unha exposición” en *A plástica provincial romana no Museo de Lugo*. 2011. Páxs. 9-20).

⁴¹Este autor tamén establece a súa orixe mediterránea, pero esta hipótese non é compartida por outros investigadores como Rodríguez Colmenero (2011) quen, como xa vimos, deduce o seu carácter funerario, baseándose nos epígrafes, e establece a existencia destas estatuas con anterioridade á conquista romana.

⁴²O mesmo autor di que cando aparece, en época Flavia, xa o fai como material reaproveitado. Porén, deixarían de facerse no derradeiro terzo do s. I d.C. (1994:822).

outras hipóteses non eliminan a posibilidade dunha datación anterior no uso destas estatuas, no s. I a.C., nun contexto plenamente castrexo onde os asentamentos son monumentalizados e as relacións de intercambio intensificadas (Rodríguez-Corral, 2012:85). A primeira centuria da nosa era é a opción máis reiterada a pesar da controversia sinalada.

Atendendo a estas reflexións, sobre a cronoloxía, os pés de Bergazo se os consideramos parte dun guerreiro galaico poderían datarse no s. I d.C. ou incluírse na plástica castrexa e, incluso, situar o seu contexto de uso no s. I a.C., pero nalgúns publicacións tamén aparece do s. II d.C. en consonancia coa teoría de obra máis tardía, interpretación que segue Calo (1994:746) ao crer que se trata dunha mostra romana, tendo en conta esa diferenza na coidada labra do granito, parecéndose só aos pés de guerreiros galaicos no tema, polo tanto, posterior ao s. I d.C.

Entón, o que se deriva das consideracións anteriores é a súa probable realización, utilización e, sobre todo, amortización en época romana.

CONCLUSIÓNS

Ao longo desta reflexión, queda clara a contextualización das manifestacións plásticas analizadas nos primeiros intres do cambio de era dentro dun momento de cambio e adaptación por mor dun proceso lento, complexo e inexorable como é a romanización do noroeste peninsular. Esta deu como consecuencia unhas características peculiares e uns resultados senlleiros produto do contacto cunha realidade prerromana distinta á doutras zonas da península Ibérica, producindo a chamada “cultura galaico romana” onde se fonden as tradicións autóctonas cos novos xeitos de ocupación do territorio, novos sistemas de valores e crenzas, cambios socioeconómicos xunto con outras profundas transformacións.

É unha mágoa que tanto o relevo do Corgo⁴³ como estes pés de guerreiro sexan fragmentos, porque o conxunto completo das dúas pezas enteiras achegarían moitos máis datos sobre a plástica castrexa e/ou galaico romana nestas terras.

Tamén o seu achado casual nos resta información para unha contextualización e datación máis clara. Non obstante, grazas a estas pezas **establécese claramente unha ocupación continua do territorio corgués relacionada coa proximidade dun importante centro romanizador como é Lucus Augusti**. Este salientable feito debería ter como consecuencia, para o avance da investigación, a realización de prospeccións ou escavacións arqueolóxicas que deran máis datos concluíntes da protohistoria e a historia corguesa.

Así mesmo, esta peza evidencia que a estatuaria galaico romana non é exclusiva da *Gallaecia* meridional, feito así constatado pola maior abundancia destas mostras no *Conventus Bracarensis* e esperemos que, nun futuro, poidan aparecer máis exemplos no *Conventus Lucensis* que nos amosen outros indicios para o estudo desta tipoloxía no noso territorio⁴⁴.

Finalmente, ao igual que o soporte granítico da plástica, o modo e a técnica de execución son autóctonos; o xeito de traballar avala uns obradoiros indíxenas abertos a influencias romanas polo que é salientable reiterar que estamos ante **unha obra autóctona realizada in situ por artifices locais**.

En definitiva, rematamos coa conclusión de que o patrimonio arqueolóxico do Corgo é unha referencia para o estudo da ocupación do territorio, do proceso de romanización e da plástica galaico-romana.

BIBLIOGRAFÍA

ACUÑA CASTROVIEJO, F.; “Catálogo monumental selectivo de la Galicia Actual en época romana” *Estudios Cerámicos de Sargadelos*, 13-18.

-“Notas sobre la morfología y decoración en las aras y estelas de Galicia en época romana” en *Studia Archaeologica* XXXII Valladolid, 1974, páxs.17-31.

-“La escultura en la Galicia Romana” en *La romanización de Galicia*, 1976, C.S.E.C.S., n.º 16, Sada-Coruña, páxs. 63-76.

⁴³ Balseiro García (2013)

⁴⁴ Nun mapa de dispersión de achados era visible a menor presenza de estatuaria na provincia de Lugo

- “Escultura galaico romana”, *Actas de la I Reunión sobre escultura romana en Hispania*, Madrid. 1993. Páxs. 195-204.
- “A escultura da Gallaecia” en *Galicia Castrexa e Romana (Galicia Terra Única)* 1997 páxs. 238-245.
- CASAL GARCÍA, R.; “Revisitando la plástica galaico-romana” *VI Reunión sobre escultura romana en Hispania (Segóbriga 2008)*. Murcia 2010, páxs. 358-401.
- RODRÍGUEZ CASAL, P. “La plástica funeraria en la Galicia romana” en *Actas de la III reunión sobre escultura romana en Hispania* Ministerio de Cultura, Madrid, 2000 páxs. 197-209.
- ARRIBAS ARIAS, F., CUBA RODRÍGUEZ, X.R., REIGOSA CARREIRAS, A.; *Guía do Museo Provincial de Lugo*, Lugo: Deputación Provincial de Lugo, 2003.
- ALMEIDA, CARLOS ALBERTO BROCHADO DE; “A cabeza de guerreiro galaico da citânia de Roriz-Oliveira (Barcelos)”. *Barcelos Revista* I, n.º 2 Barcelos. 1983 páxs. 81-90.
- “Nova estátua de guerreiro galaico-minota (Refojos de Basto)” *Arqueologia*, n.º 3 G.E.A.P. Porto, 1981 páxs. 111-116.
- BALIL ILLANA, A.; “Sobre las esculturas de época romana en Galicia” *Studia Arqueologica*, 32. 1974 páxs. 1974.
- “Esculturas de Época Romana en Galicia (aspectos y problemas). *Revista Guimaraes*. LXXXVIII, Guimaraes. 1978 páxs. 147-157.
- BALSEIRO GARCÍA, A.; “O relevo de O Corgo. Un exemplo da plástica provincial romana no Museo de Lugo” *Corga n.º 4 Revista Anual do Centro de Estudos do Corgo* 2013 páxs. 6-13.
- BUJÁN GARCÍA, J.M.; “Los franciscanos en Lugo. Centenario de su restauración” en *Lucensia* t. VII, n.º 14. Lugo, 1995, páxs. 77-96
- CALO LOURIDO, F.; *A plástica da Cultura Castrexa Galego-Portuguesa*. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, conde de Fenosa. 1994.
- “Artes plásticas, cultos e ideoloxía na Galicia castrexa” en *Galicia terra única. Galicia castrexa e romana*. (catálogo exposición) Xunta de Galicia 1997 páxs. 97-99.
- “Catálogo”, *Madridener Mitteilungen* 44, 2003 páxs. 6-32
- Galicia no tempo (catálogo da exposición) Santiago de Compostela. 1990
- Gallaecia petrea. Catálogo da exposición. Cidade da Cultura de Galicia. Museo de Galicia. Xunta de Galicia, Consellería de Cultura. 2012.
- GARCÍA Y BELLIDO, A.; “Esculturas romanas de Galicia”, *CEG*, T. XXIV, 1969, páxs. 27-34.
- MANDER, J.; *Portraits of children on Roman funerary monuments* Cambridge. 2013.
- ORERO GRANDAL, L.; *Boletín Auriense* t. XVI. Ourense. 1986 páx. 102
- PENA GRAÑA, A.; “Estatuas de guerreiros galai-cos de granito con saios decorados” *Anuario Brigantino* n.º 24 2001 páxs. 39-61.
- PÉREZ MARTÍNEZ, M.; “Arquitectura mendicante en Galicia: el ejemplo de San Francisco de Lugo”, separata de *Estudios Mindonienses*, n.º 12, 1996 páxs. 13-190.
- “El claustro del antiguo convento de S. Francisco de Lugo” en *Lucensia*, n.º 14, 1997, páxs. 41-63.
- A plástica provincial romana no Museo de Lugo*. (catálogo exposición) Deputación de Lugo. 2011.
- RODRÍGUEZ CASAL, A. “Las estelas antropomorfas de Parxubeira en el contexto de la estatuaria megalítica del Noroeste de la Península Ibérica”. *Archèologie en Languedoc*, 22, 1998.
- “Imagen apotropaica y espacio ritual funerario en el megalitismo gallego (4000-2000 a. C.) en *Profano y pagano en el arte gallego*, *Sémata*, 14, 2003 páxs. 15-36.
- GONZÁLEZ LOPO, D. (edits.); *Muerte y ritual funerario en la Historia de Galicia*. *Sémata*, 17. USC. 2006.

- RODRÍGUEZ COLMENERO, A.: “Escultura en relieve y bulto redondo”, *Arte Prehistórico y Romano*, GALICIA-ARTE IX. Hércules de Ediciones, S.A., 1993, páxs. 373-475.
- “O mundo funerario galaico-romano” en *Galicia Castrexa e Romana (Galicia Terra Única)*. 1997 páxs. 246-254.
- “Epígrafes latinos sobre guerreros galaicos: una clave esencial para la interpretación de la estatua-bélica del Noroeste Ibérico”, en *L’Africa Romana. Acti del XIII congreso di Studio* (Djerba 10-13 dicembre 1998) 2000 e co mesmo título, en Miguel Romani y M.^a Nóvoa (edit), *Homenaje a José García Oro*, Santiago de Compostela 2002, páxs.267-286.
- “Guerreros galaicos con inscripciones latinas: ¿indigenismo o romanización? En Acuña Castroviejo, F., Casal García, R., González Soutelo, S. (Edit.) *Actas de la VII Reunión de Escultura Romana en Hispania. Homenaje al Prof. Dr. Alberto Balil*, 2011 páxs. 285-310.
- CARREÑO GASCÓN, C.: “A estela monumental de Crecente” en *Galicia Castrexa e Romana (Galicia Terra Única)*, 1997, páxs. 274-279.
- RODRIGUEZ CORRAL, J. A *Galicia castrexa* Lóstrego. Santiago 2009
- “Las imágenes como un modo de acción: las estatuas de guerreros castrejos” *Archivo Español de Arqueología*, 85 2012 páxs. 79-100.
- SILVA, A.C.E.; *A cultura castreja no Noroeste de Portugal*. Paços de Ferreira, 1986.
- “A cultura castreja no Norte de Portugal”. *Revista Guimarães*, volume especial 1 1999 Guimarães. páxs. 111-132.
- TABOADA CHIVITE, J.; *Escultura celto-romana*. 1965. Vigo
- TRANOY, A.; “Du heros au chef. L’image du guerrier dans les sociétés indigènes du Nord-Ouest de la Péninsule Ibérique (iie. Siècle avant J.C-Ier. Siècle après J.C.)” en *Actas du Colloque “Le monde des images en Gaule et dans les provinces voisines. Ecole Normale Supérieure. Sévres, 16 et 17 may 1987. Caesarodunum. Tome XXIII. Ed. Corance, 219-227.*
- VÁZQUEZ PARDO, E.; “El claustro del antiguo convento de San Francisco” *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Histórico-Artísticos de Orense*. Tomo VI, n.º 136, xaneiro-febreiro 1921.
- VÁZQUEZ SEIJAS, M.; “El claustro de San Francisco de Lugo”, *Boletín Auriense*, V, 1975, páxs. 339-341.
- “Nuevo edificio para el Museo Provincial”, en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Histórico Artísticos de Lugo*, VOL,4, n.º 33, 1950, Páxs. 236-238.
- VILLAAMIL Y CASTRO, J.; *Iglesia conventual de San Francisco de Lugo*, Lugo, Tip. de A. Villamarín, 1895.
- VITALI, D.; *Los Tesoros de antiguas civilizaciones. Celtas*. National Geographic. 2007.
- TRAPERO PARDO, J. ;“Mvseo. Claustro de San Francisco, Monumento Nacional y atractivo principal do Museo”, *Lucus*, n.º 15, 1989, páxs. 39-42.
- O claustro franciscano do Museo Provincial de Lugo*. MPL. Deputación de Lugo, 2011.
- Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. Madrid: Ministerio de Cultura, tomo IV, 1980, páxs. 26-28.
- Inscripciones romanas de Galicia II. Provincia de Lugo*. Santiago de Compostela, 1954, páx.110 e 384.
- A plástica provincial romana no Museo de Lugo*. Deputación de Lugo, 2011
- Autoría fotos pés de Bergazo: Museo Provincial de Lugo



Elías foi un crego e escritor galego, coñecido como “O cura do Cebreiro”. Naceu en Lier (Sarria), o 2 de febreiro de 1929, e finou o 11 de decembro de 1989. Licenciouse en Dereito Canónico na Universidade Pontificia de Comillas, en 1959, e seis anos despois doutorouse na Universidade Pontificia de Salamanca. Dende o ano 1959 foi párroco do Cebreiro, sendo o principal artífice da restauración do poboado do Cebreiro, que finou no ano 1971 coa inauguración do Museo Etnográfico. Nos anos sesenta, do século pasado, levou a cabo o primeiro estudo con rigor científico sobre o Camiño francés a Santiago, que a partir dos oitenta comezou a sinalar con frechas amarelas.

Para esta tarefa contou con importantes colaboradores ao longo do Camiño, que deron lugar con posterioridade ás diferentes asociacións de



amigos do Camiño existentes en España. Estas foron o xerme de que as peregrinacións a Santiago se intensificasen gracias a **ELÍAS VALIÑA SAMPEDRO** a partir do Xacobeo do ano 1993¹. Na súa ampla obra cómpre sinalar os seguintes traballos:

El Camino de Santiago, estudo histórico-jurídico, Lugo: C.S.I.C. Deputación Provincial, 1971. Premio Antonio de Nebrija, 1967.

¹Para ampliar o estudo da biografía e obra de Elías Valiña Sampedro é mester sinalar os seguintes traballos:

G. E. G. (*Gran Enciclopedia Galega*). T. 29, páx. 226. Biografía CELEIRO, Luis.: *Elías Valiña* en A Nosa Memoria. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura. Santiago de Compostela, 1996.

ARMAS VÁZQUEZ, Luciano.: “Nueva cartografía del Camino Francés”, en *Lucensia*, n.º 6. Biblioteca do Seminario Diocesano de Lugo, 1993.

Tamén nas seguintes webs:

www.diocesisdelugo.org/o-cebreiro/elias.html

[Galicia y el camino de Santiago.blogspot.com/...elias-valina-sampedro.html](http://Galicia.yelcamino.deSantiago.blogspot.com/...elias-valina-sampedro.html).

José Manuel Blanco Prado

Doutor en Historia

El Catálogo de los Archivos parroquiales de la Diócesis de Lugo, Lugo: Deputación Provincial, 1991. Premio José María Cuadrado, 1972.

La Guía del Camino de Santiago. Guía del Peregrino a Compostela, Vigo: Xunta de Galicia. Galaxia, 1992.

Finalmente, dirixiu a obra *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, que foi publicada entre os anos 1975 e 1983. Esta obra, de seis tomos, contou ademais cos seguintes colaboradores: Xosé Manuel González Reboredo, Nicanor Rielo Carballo e Sebastián Santos San Cristóbal.

Neste artigo, pretendo dar a coñecer os arquivos parroquiais do Concello do Corgo, segundo a obra de Elías Valiña Sampedro, *O Catálogo de los Archivos Parroquiales de la Diócesis de Lugo*.

FONDOS DOS ARQUIVOS PARROQUIAIS DA DIÓCESE DE LUGO		
LIBROS SACRAMENTAIS	LIBROS ADMINISTRATIVOS	LEGAJOS
LIBRO DE BAUTIZADOS	LIBRO DE FÁBRICA	
LIBRO DE MATRIMONIOS	LIBRO DE CONFRARIAS	
LIBRO DE DEFUNTOS	LIBRO DE REITORAIS	
LIBRO DE CONFIRMADOS	LIBRO DE PRIMICIAS E DÉCIMOS	
LIBRO DE STATU ANIMARUM	LIBRO DE FUNDACIÓN PÍAS, MISAS E ANIVERSARIOS	
	LIBROS ADMINISTRATIVOS	
	LIBRO DE VEREDAS	
	LIBRO DO REYNO DE GALICIA	


O Concilio de Trento, que tivo lugar entre os anos 1545 e 1563, ordenou na sesión 20, canons 1 e 2, que todas as parroquias posúan Libros Sacramentais: Bautismo, Confirmación, Matrimonio, Defunción, aconsellando ademais o de *Statu Animarum*².

Nestes libros, vanse sinalando as diferentes funcións que a Igrexa realiza cos seus fieis; ademais, reflíctense importantes datos relativos ás diferentes comunidades parroquiais existentes naqueles intres.

I. LIBROS SACRAMENTAIS

1. LIBRO DE BAUTIZADOS

Faise constar a data; o lugar de nacemento e bautismo; o nome adscrito; o lugar de nacemento e veciñanza dos pais, avós e padriños. O amanuense pode tamén intercalar algúns acontecementos que afectaron á parroquia, como treboadas, invasión das tropas francesas etc.



²VALIÑA SAMPEDRO, Elías.: *Catálogo de los Archivos parroquiales de la diócesis de Lugo*, Lugo: Deputación Provincial, 1991, pág.8.

2. LIBRO DE MATRIMONIOS

Faise fincapé no día da celebración do matrimonio; da hora; das razóns; se son xoves, vellos, viúvos; do lugar, templo ou capela; dos nomes dos cónxuxes, pais e testemuñas e do seu lugar de nacemento; da dote da filla...

3. LIBRO DE DEFUNTOS

Menciónase a idade, lugar de orixe e veciñanza do finado; fillos; testamento; legados; lugar de sepultura...

4. LIBRO DOS CONFIRMADOS

Faise alusión á data e lugar na que se celebra a confirmación; o bispo que a leva a cabo. Finalmente, unha relación dos confirmados.

5. LIBRO DE STATU ANIMARUM

É o que menos vitalidade tivo. Ao longo dos anos foi reemprazado polos padróns parroquiais.

II. LIBROS ADMINISTRATIVOS

1. LIBRO DE FÁBRICA

Reflicte a administración da igrexa: arranxos do edificio, compras de diferentes obxectos relixiosos. Por medio deles, podemos saber cal era o importe dunha xornada de traballo; se as colleitas foran boas ou malas; de cultivos; de fontes; camiños; de montes parroquiais... Son de sumo interese no ámbito socio-económico.

2. LIBRO DE CONFRARÍAS

Fai referencia, unicamente, á dinámica da Confraría; aos dereitos e deberes dos confrades; aos litixios entre os socios cos administradores e mordomos da asociación.

3. LIBRO DE PRIMICIAS E DÉCIMOS

Fai alusión ao sistema de décimas e primicias que os fregueses lle pagaban ao párroco. Constitúe unha valiosa fonte para analizar a situación social e económica do campesiñado galego ata ben entrado o século XIX.

4. LIBRO DE VEREDAS

Fai mención ás disposicións recibidas dos superiores eclesiásticos e civís

5. LIBRO DE FUNDACIÓNS PÍAS, MISAS E ANIVERSARIOS

Fai unha descrición dos legados píos, da súa administración e das obrigas que pesan sobre eles.

6. LIBRO DO REYNO DE GALICIA

Trátase dunha especie de censo tributario que, a mediados do século XVIII, se lle enviou a todas as

parroquias. Polo tanto, constitúe unha relevante fonte para coñecer o número de veciños parroquiais e os seus bens e a carga que tiñan que tributar.

III. ATADOS DE DOCUMENTOS

Os asuntos desta documentación son moi variados. Así, faise mención a foros, suforos; aos litixios dos párrocos por conservar o igrexario; aos conflitos de pasos, servidumes, augas, décimos, primicias; aos preitos duns veciños con outros. Trátase dunha documentación que podemos relacionar con datas anteriores aos libros parroquiais.

OS ARQUIVOS PARROQUIAIS DO CONCELLO DO CORGO

Na relación numérica, que amoso, comezo en primeiro lugar polo nome da parroquia e o seu titular e, logo, o nome da filial ou filiais – tamén chamados anexos- no caso de que a parroquia as teña.

1. **ADAI, Santiago (parroquia). PIÑEIRO, Santa María (Filial).**

- 1.1. Libro de Bautizados, pergamiño, 12 novembro de 1765, 27 febreiro de 1852, folios. 1-177v., brancos.
- 1.2. Libro de Bautizados, Matrimonios, Defuntos, sen pasta, deteriorado
Bautizados, 6 de marzo de 1852-22 marzo de 1879, folios. 1-124
Defuntos, 1 de abril de 1852-28 marzo de 1894, folios. 1-108
Matrimonios, 26 de xuño de 1852-27 xaneiro de 1894, folios. 1-37
- 1.3. Libro de Bautizados, holandesa, 26 de decembro de 1880-8 decembro de 1912, folios. 1-152.
- 1.4. Libro de Bautizados, holandesa, 11 de decembro de 1912-29 novembro de 1938, folios. 1-93.
- 1.5. Libro de Bautizados, pasta, 23 de xaneiro de 1939
- 1.6. Libro de Matrimonios, pergamiño, 1739-13 de decembro de 1851, folios. 1-58
- 1.7. Libro de Matrimonios, holandesa, 19 de novembro de 1894

- 1.8. Libro de Defuntos, holandesa, 9 de novembro de 1894
- 1.9. Libro de Confirmados, holandesa, 15 de xaneiro de 1845
- 1.10. Libro de Fábrica, pergamiño, 1705-1825, sen foliar
- 1.11. Libro de Fábrica, pergamiño, 1827
- 1.12. Libro de Fábrica, Piñeiro, pergamiño, 1705-1797, sen foliar
- 1.13. Libro de Fábrica, Piñeiro, pergamiño, 1799-1891, sen foliar
- 1.14. Libro da Confraría do Santísimo, holandesa, 1915
- 1.15. Libro da Confraría do San Roque, Piñeiro, pergamiño, 1737-1865, sen foliar

2. **ANSEÁN, Santa Catarina (parroquia). MANÁN DE ABAIXO, S. Cosme (Filial).**

- 2.1. Libro de Bautizados, pergamiño, deteriorado, 1678-1715
- 2.2. “ “ “ “ 27 de febreiro de 1785- 22 de xullo de 1851, folios. 1-93.
- 2.3. “ “ “ “ 20 de febreiro 1852-14 agosto de 1934, folios. 1-105
- 2.4. “ “ “ “ 6 de novembro 1935
- 2.5. Libro de Bautizados, Manán, 1 de xaneiro 1892-25 setembro de 1945, folios. 1-89
- 2.6. “ “ “ “ 9 de decembro de 1945
- 2.7. Libro de Matrimonios, 30 de xullo de 1885
- 2.8. Libro de Defuntos, pergamiño, 15 setembro de 1776-26 decembro de 1850, folios. 1-47.
- 2.9. Libro de Defuntos, 14 de agosto de 1852
- 2.10. Libro de Confirmados, pergamiño, 9 outono de 1798-12 febreiro de 1885, folios. 1-36.
- 2.11. Libro de Fábrica, pergamiño, 1799-1892, folios. 1-77
- 2.12. “ “ “ “ 1692-1798, folios. 1-226
- 2.13. “ “ “ “ 1816
- 2.14. Libro da Confraría do Santísimo e do Sto. Anxo, pergamiño, 1799

- 2.15. Lista de Confrades Santísimo e Sto. Anxo, sen data
- 2.16. Lista de Confrades, atado, 1916
- 2.17. Lista de Confrades, atado, 1936
- 2.18. Lista de Confrades, atado, 1945
- 3. ARXEMIL, San Pedro (Parroquia). PEDRAFITA, San Miguel (Filial)**
- 3.1. Libro de Bautizados, Matrimonios, Defuntos, Confirmados, pergamiño:
Bautizados, 4 de xaneiro de 1655-26 decembro de 1727, folios. 1-61
Matrimonios, 24 de xaneiro 1655-3 xuño de 1697, folios. 99-107
Defuntos, 14 de febreiro 1655-1697, folios. 70-94
Confirmados, 16 de maio de 1670, 2 folios. Fundacións de misas, 4 folios
- 3.2. Libro de Bautizados, Matrimonios, Defuntos, Confirmados, pergamiño:
Bautizados, 6 de febreiro de 1701-20 agosto de 1720, folios. 1-40
Fundacións de misas e aniversarios, 6 folios
Matrimonios, 7 de febreiro de 1701-11 maio de 1716, folios. 160-177, Aniversarios, 3 folios.
Defuntos, 9 de agosto 1701-5 xaneiro de 1716, folios. 284-303
Confirmados, 7 de novembro 1722, 6 folios
- 3.3. Libro de Bautizados, pergamiño, deteriorado, 27 de xaneiro 1717-2 xuño de 1799. folios. 1-175.
- 3.4. Libro de Bautizados, pergamiño, 8 de agosto de 1799-29 outono de 1851, folios. 1-124.
- 3.5. “ “ “ , pasta, 10 de abril de 1852-13 maio de 1871, folios. 1-202
- 3.6. “ “ “ ,holandesa, 20 de xaneiro de 1875-27 outono de 1892, folios. 1-100.
- 3.7. “ “ “ , holandesa, 10 de novembro de 1892-22 abril de 1923, folios. 1-144.
- 3.8. “ “ “ , pasta, 20 de maio de 1923
- 3.9. Libro de Matrimonios, pergamiño, deteriorado, 7 de xullo 1715-15 abril de 1847, folios. 1-76.
- 3.10. Libro de Matrimonios, holandesa, 10 de xaneiro de 1872-29 novembro de 1902, folios.1-41.
- 3.11. Libro de Matrimonios, holandesa, 15 de xaneiro de 1903
- 3.12. Libro de. Defuntos, pergamiño, 19 de decembro de 1717-15 xullo de 1851, folios. 1-144.
- 3.13. “ “ “ , holandesa, 29 de xaneiro de 1883-14 xaneiro de 1912, folios. 1-100.
- 3.14. “ “ “ , pasta, 4 de maio de 1912-2 setembro de 1957, páxs. 200
- 3.15. “ “ “ , pasta, 30 de setembro de 1957
- 3.16. Libro de Confraría, pergamiño, 18 de xuño de 1780
Libro de Matrimonios, 12 de xaneiro de 1835-10 maio de 1889, 3 fol.
- 3.17. Libro de Fábrica, pergamiño, deteriorado, 1680-1738, folios. Irregulares
- 3.18. “ “ “ 1805-1880, folios. 1-41, sen foliar
- 3.19. “ “ “ holandesa, 1858-1923, sen foliar
- 3.20. Libro de Fábrica de Arxemil e Pedrafita, holandesa, 1858-1893, sen foliar
- 3.21. Libro de Fábrica, pasta, 1923
- 3.22. Libro de Fábrica, Pedrafita, rústico, 1864 1893, sen foliar
- 3.23. Libro de Fábrica San Bartolomeu de Chamoso, pergamiño, 1702-1880, folios. 1-384.
- 3.24. Libro de Fábrica San Bartolomeu de Chamoso, holandesa, 1858-1898, sen foliar
- 3.25. Libro da Capela das Virtudes, Pedrafita, holandesa, 1827-1873, sen foliar
- 3.26. Libro da Capela das Virtudes, Pedrafita, pergamiño, 1827-1945, folios. 1-39, sen foliar.

- 3.27. Libro da Confraría do Santísimo, pergamiño, 1742-1804, folio deteriorado
- 3.28. “ “ “ “ “ 1776-1828, sen foliar. (É unha lista de confrades).
- 3.29. Libro da Confraría do Santísimo e do Rosario, sen pastas, 1829, páxs. 90
- 3.30. Libro da Confraría do Santísimo, holandesa, 1898-1934, sen foliar
- 3.31. Libro da Confraría do Rosario, pergamiño, deteriorado, 1767-1898, folios. 1-333
- 3.32. Libro da Relación “Reyno de Galicia”, pergamiño, sen data, folios. 1-180
- 3.33. Atado. Escritura compra casa reitoral, notario Sr. López Páramo, 6 de xullo de 1920.
- 4. O CORGO, San Xoán (Parroquia). CHAMOSO, San Cristovo (Filial). BERGAZO, San Fiz (Filial).**
- 4.1. Libro de Bautizados, 1600
Matrimonios, 1662-26 setembro 1791
Defuntos, pasta, 16 de xaneiro de 1637-13 novembro de 1791
- 4.2. Libro de Bautizados, pasta, 28 de outono de 1787-1851, folios. 1-84
- 4.3. Libro de Bautizados, holandesa, 21 de febreiro de 1852-29 setembro de 1862, folios. 1-25.
Defuntos, 3 de marzo de 1852-9 setembro de 1872, folios. 1-23
Matrimonios, 30 de xullo de 1855-25 maio de 1870, folios. 1-25
Defuntos, 21 de marzo de 1852-29 decembro de 1888, folios. 1-25
Matrimonios, 2 de setembro de 1854-2 marzo de 1882, folios. 1-25
Defuntos, 2 de abril de 1852-17 setembro de 1899, folios. 1-21
Matrimonios, 28 de agosto de 1853-22 outono de 1883, folios. 1-10
- 4.4. Libro de Bautizados, holandesa., 25 de outono de 1862-24 novembro de 1930, folios. 1-304.
- 4.5. “ “ “ “ , holandesa, 11 de decembro de 1882
- 4.6. Libro de Bautizados, San Cristovo, holandesa, 9 de novembro de 1626-12 decembro de 1785, folios. 1-44.
Matrimonios, 14 de decembro de 1637
Defuntos, 1671-27 de xuño de 1794
- 4.7. Libro de Bautizados, San Cristovo, holandesa, 1 de decembro de 1870-25 decembro de 1900, folios. 1-45.
- 4.8. Libro de Bautizados, pergamiño, 18 de outono de 1658-19 decembro de 1786, folios. 1-61.
Matrimonios, 26 de febreiro de 1660-1 agosto de 1792, folios. 62-81.
Defuntos, 10 de xaneiro de 1657-1 abril de 1789, folios. 82-111.
- 4.9. Libro de Matrimonios, Defuntos, holandesa
Defuntos, 3 de febreiro de 1792-3 xaneiro de 1852, folios. 2-59.
Matrimonios, 1793-22 decembro de 1851, folios 2-38
Defuntos, 2 decembro de 1789-22 decembro de 1849, folios. 1-22.
- 4.10. Libro de Matrimonios, holandesa, 18 de febreiro de 1871
- 4.11. Libro de Defuntos, holandesa, 18 de outono de 1872-7 xuño de 1966, folios. 1-171
- 4.12. Libro de Defuntos, pasta, 30 de novembro de 1966
- 4.13. Libro de Confirmados, pel, 22 de agosto de 1764
- 4.14. Libro de Fábrica, O Corgo, pergamiño, 1679-1788, sen foliar
- 4.15. “ “ “ “ 1853-1864, 7 folios
- 4.16. “ “ “ “ ,holandesa, 1855
- 4.17. Libro de Fábrica, San Cristovo, pergamiño, 1747-1881, sen foliar
- 4.18. Libro de Fábrica, Bergazo, pergamiño, 1747-1892, sen foliar
- 4.19. Libro de Fábrica, Bergazo, rústico, 1855-1863, 4 folios
- 4.20. Libro da Confraría do Carme, San Cristovo, pel, 1771, lista confrades, contas, 1786, sen foliar.
- 4.21. Libro da Confraría do Carme, San

4.2.2. Cristovo, pasta, 1901-1923, sen foliar
Expediente xudicial referente ao igrexario desta freguesía, pergamiño, 1764, sen foliar, voluminoso.

5. CHAMOSO, Santo André (Parroquia)

5.1. LIBROS

- 5.1.1. Libro de Bautizados, pergamiño, 1672-1787, folios. 1-114
Matrimonios, 1 de xaneiro de 1664-6 marzo de 1787, sen foliar
Defuntos, 22 de marzo de 1671-30 marzo de 1786, folios 1-43
- 5.1.2. Libro de Bautizados, pergamiño, 11 outono 1788-3 setembro 1807, folios. 1-61
Matrimonios, 1 decembro 1788-30 decembro 1831, folios. 1-6
Defuntos, 30 setembro 1788-16 setembro 1814, folios.1-40
- 5.1.3. Libro de Bautizados, pergamiño, 30 setembro 1807-3 novembro 1851, folios. 1-109.



- 5.1.4. Libro de Bautizados, holandesa, 1 de febreiro de 1852-19 xaneiro de 1872, folios. 1-70.
- 5.1.5. “ “ “ , 8 de abril 1872-9 novembro de 1896, folios. 1-85
- 5.1.6. “ “ “ , 22 novembro 1896-27 de xaneiro de 1920, folios. 1-94.
- 5.1.7. “ “ “ , 29 de xaneiro de 1920
- 5.1.8. Libro de Matrimonios, pergamiño, 27 xaneiro de 1816-21 novembro de 1849, folios. 1-25.
Defuntos, 1 de febreiro de 1816-14 decembro de 1851, folios. 1-57
- 5.1.9. Libro de Matrimonios, holandesa, 16 de febreiro de 1863
- 5.1.10. Libro de Defuntos, holandesa, 30 de marzo de 1852-24 abril de 1872, folios. 1-52.
- 5.1.11. “ “ “ , 28 de abril 1872-9 febreiro de 1912, folios. 1-96
- 5.1.12. “ “ “ , 10 de xullo 1912-10 marzo de 1972, folios. 1-86
- 5.1.13. “ “ “ , 8 xullo 1972
- 5.1.14. Libro de Confirmados, pergamiño, 30 de maio de 1818
- 5.1.15. Libro de Fábrica, rústico, 1675, sen foliar
- 5.1.16. Libro de Fábrica, pergamiño, 1809-1924, folios. 1-111, sen foliar
- 5.1.17. Libro de Fábrica, pergamiño, 1926
- 5.1.18. Libro da Confraría San Ramón, constitucións, pergamiño, 1761, 3 folios
- 5.1.19. Libro de Tarxas ou Charidades, confrades, Carne, San Ramón, rústico, 1772, folios. 1-84.
- 5.1.20. Libro da Confraría do Carne, Santísimo, pergamiño, 1861-1954, sen foliar
- 5.1.21. Libro da Confraría do Carne, San Ramón, pergamiño, 1933. Lista de confrades
- 5.1.22. Libro da Confraría do Carne, pel, sen data. Lista de confrades
- 5.2. ATADOS DE DOCUMENTOS
- 5.2.1. Copia do testamento de Xoán Alonso e a súa muller, 1597
- 5.2.2. Lista dos décimos que pagan as freguesías da comarca do Corgo, 1700

- 5.2.3. Venda que lle fai André López Meixide, veciño do couto de Chamoso, a Antón López, do lugar de Garandelas, no couto de Chamoso, 20 de xaneiro de 1713, 1 folio.
- 5.2.4. Comunicación que lle fai ao bispado o párroco D. Antón Valcarce González, referente ao cumprimento da fundación de misas, esmolos etc. de D. Xoán Alonso de Hospital e a súa muller, que fixeran no ano 1597, Chamoso, 1729, 2 folios.
- 5.2.5. Reclamación de D. Antón Valcarce, crego de Chamoso, que lle fai a Manoel Oteiro para que este ceda os terreos que o igrexario ten en Vilapene, 1738.
- 5.2.6. Información dada polo párroco de Chamoso, D. Antón Valcarce, diante do meiriño e xustiza do couto de Chamoso, sobre os bens do igrexario, 1747, sen foliar.
- 5.2.7. Apeo do igrexario de Chamoso, 1728, sen foliar
- 5.2.8. Carta de venda de Francisco de Bande, veciño de Sotolibán, a Xoán Bande, clérigo, da parte de herdanza de Antón Bande e Catarina Fernández, a súa muller, 18 de febreiro 1761.
- 5.2.9. Testamento de André López Meixide no que ordena que o seu corpo sexa sepultado no templo, se oficien 24 misas, etc. 8 de xaneiro de 1763.
- 5.2.10. Declaración que levan a cabo varios veciños do Hospital sobre a súa pertenza á parroquia de Chamoso, 18 de maio de 1779.
- 5.2.11. Litixio do crego de Laxosa, D. Domingo Antón, co crego de Chamoso, D. Pedro López, sobre a percepción de décimos, 1788, 23 folios.
- 5.2.12. Lista de misas de pensión de parroquia, 1802, 2 folios
- 5.2.13. Documento de venda de centeo, que varios veciños lle debían pagar á igrexa de Chamoso e a de Anseán, 25 de decembro de 1825.
- 5.2.14. Escritura de venda de varios terreos que lles realiza Matías López, veciño de Anseán, a varios veciños de Chamoso, 25 de decembro de 1826, 1 folio.
- 5.2.15. Comunicación notarial que o párroco de Chamoso, D. Xoán Fernández, lle fai a Xosé Abuín, referente ás augas do prado do igrexario do Rigueiral, na zona de Cachavide, 1832.
- 5.2.16. Conciliación de D. Xoán Domingo Fernández, crego de Chamoso, e Xosé Abuín, de Manán de Arriba, sobre as augas do Rigueiral, no arroio Cachavide. Chamoso, 22 novembro 1832, 2 folios.
- 5.2.17. Permuta que realiza D. Xoán Domingo Fernández, párroco e Xosé Ramón Freiro, de varias terreos, 23 de decembro de 1840.
- 5.2.18. Fábrica 1852-1862, 12 folios.
- 6. ESCOUREDA, Santa María (parroquia). MACEDA, San Pedro (Filial). ABRAGÁN, San Bartolomeu (Filial). CELA, San Xoán (Filial).**
- 6.1. ESCOUREDA**
- 6.1.1. Libro de Bautizados, sen cuberta, 15 setembro de 1672- 2 de setembro de 1775, folios. 1-39.
Matrimonios, 22 de maio de 1730-18 de xaneiro de 1775, folios. 64-73
Defuntos, 22 de decembro de 1675-21 de febreiro de 1724, folios 40-63
- 6.1.2. Libro de Bautizados, pergamiño, 22 de setembro de 1775-15 de novembro de 1853, folios. 1-159.
- 6.1.3. Libro de Bautizados, pergamiño, 23 de marzo de 1852-12 de agosto de 1880, folios. 1-47.
- 6.1.4. “ “ “ ,holandesa, 6 de setembro de 1880-14 de outubro de 1928, folios. 1-95.
- 6.1.5. “ “ “ “ ,14 de outubro de 1928...
- 6.1.6. Libro de Matrimonios, pergamiño, 11 de xaneiro de 1802-21 de febreiro de 1852, folios. 1-20.
- 6.1.7. Libro de Matrimonios, pergamiño, 27 de febreiro de 1854-28 de xaneiro de 1888, folios. 1-16.
- 6.1.8. “ “ “ ,holandesa, 28 de novembro de 1811...

- 6.1.9. Libro de Defuntos, pergamiño, 26 de setembro de 1852-1 de setembro de 1880, páxinas. 29.
- 6.1.10. “ “ “ , holandesa, 27 de xullo de 1881-1951, folios.1-99.
- 6.1.11. “ “ “ , pasta, 21 de febreiro de 1951...
- 6.1.12. Libro de Confirmados, pergamiño, 1790-1809, folios. 1-12
- 6.1.13. Libro de Fábrica, Escoureda, Maceda, pergamiño, 1889...
- 6.1.14. Libro da Confraría do Santísimo, pergamiño, 1765-1800, sen foliar
- 6.1.15. Libro da Confraría do Santísimo, pergamiño, 1808-1950
- 6.2. **MACEDA**



- 6.2.1. Libro de Bautizados, Matrimonios, Defuntos, Maceda, Cela, Camposo, pergamiño.
Bautizados, 3 de febreiro de 1763-6 de outubro de 1800, folios. 1-81
Defuntos, 8 de xuño de 1769-12 de xullo de 1800, folios. 1-30
Matrimonios, Atado adxunto, 1801-1805, 24 folios

- 6.2.2. Libro de Bautizados, Maceda, Camposo, pergamiño, 28 de xullo de 1775-2 de marzo de 1852, folios. 2-131.
- 6.2.3. Libro de Bautizados, Confirmación, Maceda, Camposo, pergamiño, 27 de xuño de 1852-5 de agosto de 1854, 3 folios.
- 6.2.4. Libro de Bautizados, Maceda, Camposo, holandesa, 6 de xuño de 1876-1 de novembro de 1920, folios. 1-101.
- 6.2.5. Libro de Bautizados, holandesa, 20 de xaneiro de 1921...
- 6.2.6. Libro de Matrimonios, Maceda, Camposo, pergamiño, 16 de novembro de 1771-16 de febreiro de 1852, folios. 2-30.
- 6.2.7. Libro de Matrimonios, Camposo, Maceda, pergamiño, 14 de agosto de 1852-11 de febreiro de 1907, folios. 2-41.
- 6.2.8. Libro de Matrimonios, holandesa, 23 de setembro de 1907...
- 6.2.9. Libro de Defuntos, Camposo, Maceda, pergamiño, 2 de outubro de 1725-20 de decembro 1851, folios. 1-46.
- 6.2.10. Libro de Defuntos, Camposo, Maceda, pergamiño, 3 xaneiro de 1853- 1 de xaneiro de 1885, folios. 2-44.
- 6.2.11. Libro de Defuntos, Camposo, Maceda, holandesa, 9 de xaneiro de 1885-16 de xaneiro de 1949, folios. 1-100.
- 6.2.12. Libro de Defuntos, Camposo, Maceda, holandesa., pasta-tea, 20 de xaneiro de 1949...
- 6.2.13. Libro de Confirmación, Maceda, Cela, Camposo, pasta, 24 de abril de 1889...
- 6.2.14. Libro de Fábrica, 1788-1941, folios. 70-81, folios. 80-94
- 6.2.15. Libro de Fábrica, holandesa, 1848-1892, sen foliar
- 6.3. **CELA**
- 6.3.1. Libro de Bautizados, pergamiño, novembro de 1637-18 de marzo de 1722, folios. 1-104.
- 6.3.2. Libro de Bautizados, Matrimonios, Defuntos, pergamiño
Bautizados, 14 de marzo de 1726-4 de xaneiro de 1763, folios.1-91

- Matrimonios, 14 de maio de 1726 –24 de febreiro de 1799, folios. 50-83
Defuntos, 14 de setembro de 1726-6 de agosto de 1768, folios 92-123
- 6.4. **ABRAGÁN³**
- 6.4.1. Libro de Fábrica, pergamiño, 4.º fol. 1694-1768, sen foliar
7. **FARNADEIROS, San Pedro (parroquia). FARNADEIROS, San Estevo (Filial). QUINTE, Santa Eulalia (Santalla) (Filial).**
- 7.1. *FARNADEIROS, San Pedro e San Estevo*
- 7.1.1. Libro de Bautizados, pergamiño, deteriorado, 12 de abril de 1888-22 de xullo de 1929, folios. 1-246.
- 7.1.2. “ “ “ 9 de decembro de 1806-8 de novembro de 1847, folios. 1-147.
- 7.1.3. “ “ ,pasta, 21 de xaneiro de 1848-6 de xaneiro de 1852, folios. 4-13.
- 7.1.4. “ “ ,deteriorado, pasta,1 de marzo de 1852-8 de abril de 1888, folios. 1-149.
- 7.1.5. “ “ ,deteriorado, pasta, 12 de abril de 1888-22 de xullo de 1929, folios. 1-246.
- 7.1.6. “ “ ,holandesa, 23 de xullo de 1929-7 de abril de 1958, folios. 190.
- 7.1.7. “ “ , pasta-tea, 3 de agosto de 1958...
- 7.1.8. Libro de Matrimonios, pergamiño, 21 de xuño de 1717-31 de xaneiro de 1848, folios. 1-98.
- 7.1.9. Libro de Matrimonios, Confirmación, holandesa
Matrimonios, 7 de febreiro de 1848-30 de decembro de 1851, folios 2-6
Confirmación, 1854...
- 7.1.10. Libro de Matrimonios, holandesa, 21 abril de 1852-9 de novembro de 1944, folios. 1-98.
- 7.1.11. “ “ “ ,7 de abril de 1945...
- 7.1.12. Libro de Defuntos, pergamiño, 9 de decembro de 1716-20 de marzo de 1851, folios. 1-144.
- 7.1.13. “ “ ,deteriorado, pasta, 24 de xaneiro de 1852- 8 de xaneiro de 1903, folios. 1-148.
- 7.1.14. “ “ ,holandesa, 28 de xaneiro de 1903...
- 7.1.15. Libro de Fábrica, deteriorado, 1853-1893..
- 7.1.16. Libro de Fábrica, pasta, 1889...
- 7.1.17. Libro da Confraría do Santísimo, pasta-tea, 1901...
- 7.2. *QUINTE, Santa Eulalia*
- 7.2.1. Libro de Bautizados, pergamiño, 26 de novembro de 1704-17 de outubro de 1814, folios. 1-125.
- 7.2.2. Libro de Bautizados, Confirmación, pergamiño
Bautizados, 16 de decembro de 1814-30 de xaneiro de 1852, folios. 1-55
Bautizados, 22 de abril de 1852-26 de marzo de 1880, folios. 1-60
Confirmados, 1852-1903, 7 folios.
8. **FOLGOSA, S. Martiño (parroquia)**
- 8.1. Libro de Bautizados, deteriorado, pasta, 4 de xaneiro de 1688-18 de decembro de 1774, folios. 1-192.
- 8.2. “ “ ,pel, deteriorado, 26 de decembro de 1774-1 de outubro de 1837, folios. 1-194.
- 8.3. “ “ ,holandesa, 30 de setembro de 1837-14 de decembro de 1851, folios. 1-46.
- 8.4. Libro de Bautizados, Matrimonios, Defuntos, holandesa
Bautizados, 1 de xaneiro de 1852-10 de maio de 1870, folios. 1-115
Matrimonios, 22 de abril de 1852-13 de setembro de 1875, folios. 1-30
Defuntos, 9 de marzo de 1852-4 de xullo de 1867, folios. 1-79
- 8.5. Libro de Bautizados, Defuntos, pasta
Bautizados, 14 de xaneiro de 1872-10 de abril de 1878, sen foliar
Defuntos, 16 de novembro de 1877-20 de abril de 1878, folios. 1-21

³Abragán é unha parroquia suprimida

- 8.6. Libro de Bautizados, holandesa, 5 de xuño de 1870-7 de marzo de 1896, folios. 1-111.
- 8.7. “ “ “ ,2 de marzo de 1896-10 de maio de 1930, folios. 1-184.
- 8.8. Libro de Bautizados, holandesa, 21 de setembro de 1930...
- 8.9. Libro de Matrimonios, pergamiño, 6 de xullo de 1704-29 de marzo de 1792, sen foliar.
- 8.10. Libro de Matrimonios, Defuntos, pergamiño
Matrimonios, 31 de marzo de 1792-16 xuño de 1851, folios. 1-74
Defuntos, 24 de outono de 1846-28 de agosto 1848
- 8.11. Libro de Matrimonios, holandesa, 1 de setembro de 1878-5 de setembro de 1968, folios. 1-86.
- 8.12. Libro de Defuntos, pergamiño, deteriorado, 1712-20 de agosto de 1803, sen foliar
- 8.13. “ “ “ ,27 de setembro de 1803-22 de decembro de 1845, folios. 1-53.
- 8.14. Libro de Defuntos, Bautizados., pergamiño
Defuntos, 16 de novembro de 1867-25 de abril de 1872, folios. 1-71
Bautizados, 14 de xaneiro de 1872-31 de outono de 1877, folios. 71-92
- 8.15. Libro de Defuntos, holandesa, 5 de xuño de 1878-28 de setembro de 1904, folios. 1-98.
- 8.16. “ “ “ ,17 de novembro de 1904-18 de xaneiro de 1965, folios. 1-143.
- 8.17. “ “ “ , pasta, 1 de marzo de 1965...
- 8.18. Libro de Confirmados, holandesa, 3 de maio de 1886...
- 8.19. Libro de Fábrica, holandesa,1795-1955, folios. 1-122
- 8.21. Libro de Fábrica, pasta, 1955...
- 8.22. Libro da Confraría do Santísimo, San Caetano, Ánimas, pergamiño, 1736-1881, folios. 1-114.
- 8.23. Libro da Confraría do Santísimo, holandesa, 1880...
- 8.24. Libro de Capelanías, holandesa, deteriorado, 1674, sen foliar
- 8.25. Libro de Apuntamentos da Historia parroquial, pasta-tea, 1949...
- 8.26. Libro de Matriz Parroquial, pasta, impreso 1957...
- 8.27. Libro de Casas Reitorais do Picato, rústico, 1868-1913, folios. 1-216.
- 9. FONTEITA, Santiago (parroquia)**
- 9.1. Libro de Bautizados, pergamiño, 15 de febreiro de 1712-21 de setembro de 1807, folios. 1-134.
- 9.2. Libro de Bautizados, Confirmados, pergamiño
Bautizados, 7 de decembro de 1807-21 de setembro de 1826, folios. 1-59
Confirmados, outono de 1853-1912
- 9.3. Libro de Bautizados, pergamiño, 6 de febreiro de 1830-2 de febreiro de 1852, folios. 1-50.
- 9.4. Libro de Bautizados, Matrimonios, Defuntos, holandesa,
Bautizados, 1 de marzo de 1852-22 de marzo de 1886, folios. 1-142
Defuntos, 6 de decembro de 1852-1 de marzo de 1906, folios. 143-247
Matrimonios, 8 de xullo de 1852-11 de xaneiro de 1873, folios. 283-302
- 9.5. Libro de Bautizados, holandesa, 12 de maio de 1886-1 de marzo de 1906, folios. 1-88.
- 9.6. “ “ “ ,30 de abril de 1906-25 de febreiro de 1940, folios. 1-199.
- 9.7. “ “ “ ,15 de abril de 1943-30 de novembro de 1964, folios. 1-200.
- 9.8. “ “ “ ,19 de marzo de 1964...
- 9.9. Libro de Matrimonios, pergamiño, deteriorado, 1717-31 de decembro de 1829, folios.1-29.
- 9.10. “ “ “ ,22 de febreiro de 1830-10 de novembro de 1851, folios. 1-13.

- 9.11. “ “ ,holandesa, 24 de febreiro de 1873-4 de novembro de 1963, folios. 1-93.
- 9.12. Libro de Matrimonios, pasta, 10 de febreiro de 1964...
- 9.13. Libro de Defuntos, deteriorado, pergamiño, 30 de maio de 1717-27 de xullo de 1812, folios. 1-69.
- 9.14. “ “ ,pergamiño, 28 de agosto de 1812-26 de xaneiro de 1852, folios. 1-44. 12 folios. Misas. Aniversarios.
- 9.15. Libro de Defuntos, holandesa, 10 de febreiro de 1964...
- 9.16. Libro de Confirmados, pasta, deteriorado, 1952...
- 9.17. Libro de Fábrica, pergamiño, 1721-1807, sen foliar
- 9.18. Libro de Fábrica, pergamiño, 1808-1927, folios. 1-80, sen foliar
- 9.19. Libro de Fábrica, pasta, 1927...
- 9.20. Libro da Confraría do Santísimo, pel, 1830...
- 9.21. Libro de Reitoral, pasta, 1951...
- 9.22. Libro do Padrón parroquial, pasta, 4.º folio, 1950.
- 10. FRANQUEÁN, Santa María (Parroquia). GOMEÁN, Santiago (Filial). CASTRILLÓN, S. Salvador.**
- 10.1. FRANQUEÁN*
- 10.1.1. Libro de Bautizados, pergamiño, 28 de xullo de 1717-5 de outono de 1804, folios. 1-115.
- 10.1.2. “ “ “ ,6 febreiro de 1805-10 de febreiro de 1852, folios. 1-64.
- 10.1.3. “ “ ,holandesa, 8 de marzo de 1852-1 de novembro de 1855, folios. 1-79.
- 10.1.4. “ “ “ ,20 de xaneiro de 1885-9 de febreiro de 1920, folios. 1-127.
- 10.1.5. Libro de Bautizados, Franqueán, Gomeán, pasta-tea, 22 de setembro de 1961...
- 10.1.6. Libro de Matrimonios, pergamiño, 8 de outono de 1717-16 de febreiro de 1852
- 10.1.7. “ “ ,holandesa, 6 de setembro de 1852-20 de outono de 1928, folios. 1-54.
- 10.1.8. “ “ “ ,14 de agosto de 1929...
- 10.1.9. Libro de Defuntos, pergamiño, 15 de agosto de 1717-9 de marzo de 1852, folios. 1-69.
- 10.1.10. “ “ , holandesa, 9 de marzo de 1852-12 de abril de 1890, folios. 1-77.
- 10.1.11. “ “ “ ,7 de maio de 1890-14 de febreiro de 1951, folios. 1-101.
- 10.1.12. Libro de Defuntos, Franqueán, Gomeán, holandesa, 25 de outono de 1951...
- 10.1.13. Libro de Confirmados, pergamiño, 20, 21 de agosto de 1764-8 de xullo de 1926, sen foliar.
- 10.1.14. Libro de Confirmados, pasta, 16 de abril de 1958...
- 10.1.15. Libro de Fábrica, pergamiño, 1702-1798, folios. 1-101, sen foliar
- 10.1.16. Libro de Fábrica, pergamiño, 1799...
- 10.1.17. Libro da Confraría do Santísimo, holandesa, 1872...
- 10.2. GOMEÁN*
- 10.2.1. Libro de Bautizados, pasta, 25 de maio de 1896-7 de maio de 1923, folios. 1-200.
- 10.2.2. “ “ ,holandesa, 8 de xullo de 1923-18 de xuño de 1961, folios. 1-146.
- 10.2.3. Libro de Matrimonios, holandesa, 17 de outono de 1896...
- 10.2.4. Libro de Defuntos, pasta, 25 de maio de 1896-12 de agosto de 1951, páxinas. 1-351.
- 10.2.5. Libro da Confraría do Santísimo, holandesa, 1897...
- 10.3. CASTRILLÓN⁴*
- 10.3.1. Libro de Bautizados, pergamiño, 20 de xullo de 1773-30 de decembro de 1834, folios. 1-54.
- 10.3.2. Libro de Bautizados, holandesa, 28 de xaneiro, 1836-25 de novembro de 1852, folios. 1-24.
- 10.3.3. Libro de Bautizados, holandesa, 23 de marzo de 1852-1 de xaneiro de 1893, folios. 1-57.

⁴ Castrillón é unha parroquia suprimida

- 10.3.4. Libro de Matrimonios, pergamiño, 20 de xaneiro de 1818-21 de febreiro 1852, folios. 1-11.
- 10.3.5. Libro de Matrimonios, holandesa, 9 de xuño de 1855-16 de xaneiro de 1893, folios. 1-16.
- 10.3.6. Libro de Defuntos, pergamiño, 12 de xaneiro de 1818-13 de febreiro de 1853, folios. 1-22.
- 10.3.7. Libro de Defuntos, holandesa, 18 de decembro de 1852-8 de xaneiro de 1893, folios. 1-29.
- 10.3.8. Libro de Fábrica, pergamiño, 1816-1893, folios.1-49.
- 11. LAPÍO, San Miguel (parroquia). SABAREI, STA. María Madalena (Filial)**
- 11.1. Libro de Bautizados, Matrimonios, Defuntos, pergamiño, 4.º fol., 1720-1733, folios deteriorados.
- 11.2. Libro de Bautizados, pergamiño, 19 de xullo de 1728-17 de novembro de 1814, folios. 1-139.
- 11.3. “ “ “ ,11 de decembro de 1814-12 de xullo de 1851, folios. 1-91.
- 11.4. Libro de Bautizados, Confirmados, pergamiño, 9 de maio de 1852-4 de febreiro de 1882, folios. 1-100.
- 11.5. Libro de Bautizados, holandesa, 1 de abril de 1882-21 de novembro de 1903, folios. 1-97.
- 11.6. “ “ “ ,13 de xaneiro de 1904-4 de xuño de 1924, folios. 1-139.
- 11.7. “ “ , pasta, 4 de xuño de 1924...
- 11.8. Libro de Matrimonios, pergamiño, 1732-27 de setembro de 1851, folios. 1-62.
Conta da Capela de San Carlos Borromeo, 1875-1887, folios. 65-81.
- 11.9. Libro de Matrimonios, Defuntos, pergamiño
Defuntos, 2 de marzo de 1852-10 de decembro de 1887, folios. 1-78. Matriz. 3 de novembro de 1852-5 de febreiro de 1895, folios. 1-39.
- 11.10. Libro de Matrimonios, pasta, 20 de febreiro de 1895...
- 11.11. Libro de Defuntos, pergamiño, xaneiro de 1734-6 de novembro de 1851, folios. 1-107.
- 11.12. “ “ ,holandesa, 29 de decembro de 1887-14 de marzo de 1918, folios. 1-89.
- 11.13. “ “ “ , 24 de xuño de 1918...
- 11.14. Libro de Confirmados, pergamiño, 14 de outono de 1864...
- 11.15. Libro de Fábrica, deteriorado, 1648-1713, sen foliar
- 11.16. Libro de Fábrica, deteriorado, 1724-1760, sen foliar
- 11.18. Libro de Fábrica, holandesa, 1864...
- 11.19. Libro de Fábrica, Sabarei, pergamiño, 1691-1788, folios. 1-100
Libro de Fábrica, 1788-1826, folios. 11-87
- 11.20. Libro da Confraría do Santísimo, pergamiño, deteriorado, 1741-1864, folios.1-74.
- 12. LAXOSA, Santiago (parroquia). CABREIROS, Santa Mariña (Filial)**
- 12.1. LAXOSA
- 12.1.1. Libro de Bautizados, pel, 1714-1815, folios. 1-159.
- 12.1.2. Libro de Bautizados, Confirmados, holandesa,
Bautizados, 1 de febreiro de 1816-5 de decembro de 1851, folios. 1-141.
Confirmados, 1853...
- 12.1.3. Libro de Bautizados, pergamiño, 7 de febreiro de 1852-13 de decembro de 1875, folios. 1-95.
- 12.1.4. “ “ ,holandesa, 25 de decembro de 1875-18 de agosto de 1901, folios.1-149.
- 12.1.5. “ “ “ ,10 de setembro de 1901-27 de marzo de 1932, folios. 1-207.
- 12.1.6. “ “ “ ,1 de maio de 1932...

- 12.1.7. Libro de Matrimonios, pel, 17 de setembro de 1714-4 de decembro de 1816, folios.1-43.
- 12.1.8. Libro de Matrimonios, pergamiño, 12 de febreiro de 1817-1 de xullo de 1851, folios. 1-38.
- 12.1.9. Libro de Matrimonios, Defuntos, pergamiño
Matrimonios, 14 de febreiro de 1852-29 de abril de 1869, folios 1-47
Defuntos 9 xaneiro de 1852-10 de xaneiro de 1874, folios. 1-60
- 12.1.10. Libro de Matrimonios, Defuntos, holandesa
Matrimonios, 26 de febreiro de 1870-9 de febreiro de 1881, folios. 1-12
Defuntos, 14 de xaneiro de 1874-23 de agosto de 1915, folios. 1-90



- 12.1.11. Libro de Matrimonios, holandesa, 28 de febreiro de 1881...
- 12.1.12. Libro Defuntos, pel, 7 de abril de 1714-5 de maio de 1815, folios. 1-45
- 12.1.13. “ “ “ ,23 de decembro de 1815-29 de outono de 1851, folios. 1-62.
- 12.1.14. “ “ , holandesa, 21 de maio de 1916...
- 12.1.15. Libro de Fábrica, pel, 1678-1736, sen foliar

- 12.1.16. Libro de Fábrica, pergamiño, 1776-1815, folios. 1-45
- 12.1.17. Libro de Fábrica, pergamiño, 1816...
- 12.1.18. Libro da Confraría do Santísimo, 1894...
- 12.2. **CABREIROS**
- 12.2.1. Libro de Bautizados, holandesa, 5 de febreiro de 1892...
- 12.2.2. Libro de Matrimonios, holandesa, 11 de xuño de 1892...
- 12.2.3. Libro de Defuntos, holandesa, 5 de marzo de 1892...
- 12.2.4. Libro de Fábrica, pergamiño, 1800-1892, folios. 1-39
- 12.3. **MANÁN DE BAIXO, San Cosme⁵**
- 12.3.1. Libro de Fábrica, pergamiño, 1668-1738, sen foliar
- 12.3.2. Libro de Fábrica, pergamiño, 1757-1815, folios. 1-57.

13. **MAREI, Santa María (Parroquia)**

- 13.1. Libro de Bautizados, Defuntos, Confirmados, pergamiño
Bautizados, 3 de decembro de 1535, 15 de xaneiro de 1644, folios. 1-12
Confirmados, 1617-1638, folios. 13-30
Bautizados, 3 de outono de 1639-26 de marzo de 1659, folios. 30-59
Defuntos, 28 de agosto de 1598-1637, folios. 60-68
- 13.2. Libro de Bautizados, pergamiño, 3 de agosto de 1640-5 de agosto de 1764, folios. 1-127.
- 13.3. “ “ “ ,6 de outono de 1764-27 de novembro de 1827, folios. 268.
- 13.4. “ “ “ , 13 de decembro de 1827-15 de febreiro de 1852, folios. 1-112.
- 13.5. “ “ “ , 22 de marzo de 1852-10 de abril 1858, folios. 2-59.
- 13.6. “ “ , holandesa, 29 de abril de 1858-15 de novembro de 1864, folios. 2-100.

⁵A freguesía de San Cosme de Manán foi filial de Laxosa ata o ano 1891. Logo pasou a ser filial de Anseán e Cabreiros, filial de Laxosa.

- 13.7. “ “ “ , 26 de novembro de 1864-27 de novembro de 1874, folios. 2-200.
- 13.8. “ “ “ , 2 de decembro de 1874-21 de febreiro de 1887, folios. 1-200.
- 13.9. “ “ “ , 26 de febreiro de 1887-18 de novembro de 1896, folios. 1-131.
- 13.10. “ “ “ , 2 de febreiro de 1897-6 de abril de 1921, folios. 1-127.
- 13.11. “ “ “ , pasta, 18 de agosto de 1921...
- 13.12. Libro Matrimonios, pergamiño, 12 de maio de 1664-29 de marzo de 1820, folios. 1-123.
- 13.13. “ “ “ , 31 de maio de 1820-30 de outono de 1851, folios. 1-45.
- 13.14. Libro de Matrimonios, holandesa, 14 de xuño de 1852-15 de agosto de 1887, folios. 2-126.
- 13.15. “ “ “ “ , 10 de setembro de 1966...
- 13.16. Libro de Defuntos, pergamiño, 15 de maio de 1663-8 de setembro de 1791, folios. 1-131.
- 13.17. “ “ “ “ , 30 setembro de 1791-21 de febreiro de 1852, folios. 1-135.
- 13.18. “ “ “ “ , 1 de marzo de 1852-5 de maio de 1855, folios. 1-35.
- 13.19. “ “ “ , holandesa, 13 de xuño de 1855-3 de xullo de 1867, folios. 1-101.
- 13.20. Libro de Defuntos, holandesa, 13 de xullo de 1867-21 de xullo de 1887, folios. 2-200.
- 13.21. “ “ “ “ , 30 de agosto de 1887-3 de novembro de 1905, folios. 1-111.
- 13.22. “ “ “ “ , 18 de novembro de 1905...
- 13.23. Libro de Confirmados, pergamiño, 12 de agosto de 1764...
- 13.24. Libro de Fábrica, pergamiño, 1663-1893, folios. 1-292
- 13.25. Libro de Fábrica, holandesa, novembro de 1893...
- 13.26. Libro do Apostolado de Oración, 4.º folio, pasta, 1909-1958, sen foliar
- 13.27. Libro da Irmandade do Santísimo, 4.º folio, pasta, 20 de abril de 1910.
- 14. PARADELA, San Pedro Fiz (Parroquia). MANÁN DE RIBA, Santa María Madanala (Filial).**
- 14.1. PARADELA*
- 14.1.1. Libro de Bautizados, pergamiño, 24 de xaneiro de 1656-21 de marzo de 1756, folios. 1-270.
- 14.1.2. “ “ “ “ , 9 de outono de 1777-15 de setembro de 1846, folios. 1-161.
- 14.1.3. “ “ “ “ , holandesa, 21 de decembro de 1846-10 de abril de 1862, folios. 1-99.
- 14.1.4. “ “ “ “ “ , 4 de setembro de 1863-3 de xullo de 1883, folios. 1-100.
- 14.1.5. “ “ “ “ “ , 9 de xullo de 1883-21 de decembro 1897, folios. 1-101.
- 14.1.6. “ “ “ “ “ , 6 de febreiro de 1898-28 de novembro de 1943, folios irregulares
- 14.1.7. “ “ “ “ “ , 18 de agosto de 1921...
- 14.1.8. Libro de Matrimonios, Confirmados, pergamiño Matrimonios, 6 de decembro de 1656-23 de febreiro de 1852, folios. 126-295 Confirmados, 1676-1678
- 14.1.9. Libro de Matrimonios, holandesa, 24 de setembro de 1864-14 de novembro de 1929, folios. 2-80.
- 14.1.10. Libro de Matrimonios, holandesa, 26 de febreiro de 1930...
- 14.1.11. Libro de Defuntos, pergamiño, 23 de xullo de 1656-15 de xullo de 1800, folios. 1-225.
- 14.1.12. “ “ “ “ “ , 26 de febreiro de 1801-12 de xaneiro de 1852, folios. 1-63.
- 14.1.13. Libro de Defuntos, holandesa, 17 de setembro de 1863- 3 de marzo de 1888, folios. 1-100.

- 14.1.14. “ “ “ ,15 de marzo de 1888-6 de maio de 1921, folios. 1-106.
- 14.1.15. “ “ “ ,28 de agosto 1921...
- 14.1.16. Libro de Confirmados, pel, 14 e 15 de agosto de 1764...
- 14.1.17. Libro de Fábrica, holandesa, 1893...
- 14.1.18. Libro da Confraría do Santísimo, holandesa, 1860...
- 14.1.19. Libro de “Reyno de Galicia”. Couto de Paradela. Freguesía de San Fiz, pergamiño, sen data, folios. 1-192. Adxunto: escritura, pasada na Coruña diante do escribán André López sobre foros e apeos en San Fiz e outras comunidades, 23 de abril de 1567, sen foliar.
- 14.2. **MANÁN**
- 14.2.1. Libro de Bautizados, Defuntos, holandesa Bautizados, 5 de decembro de 1842-30 de novembro de 1851; 21 de marzo de 1937-11 de marzo 1964.
Defuntos, 21 de outono de 1840-16 de decembro de 1851, folios. 1-9; 31 de xaneiro de 1945...
- 14.2.2. Libro de Bautizados, pergamiño, 29 de abril de 1852-12 de xuño de 1935, folios. 1-96.
- 14.2.3. Libro de Matrimonios, holandesa, 15 de xaneiro de 1853...
- 14.2.4. Libro de Defuntos, holandesa, 29 de setembro de 1853-18 de novembro de 1944, folios. 1-47.
- 14.2.5. Libro de Confirmados, 22 de xuño de 1898.
15. **QUEIZÁN, Santa María (parroquia). CAMPELO, San Xulián (Filial)**
- 15.1. Libro de Bautizados, Matrimonios, Defuntos, pergamiño, deteriorado
Bautizados , 1737-5 de decembro de 1781, folios deteriorados
Matrimonios, 27 de decembro de 1736-1 de abril de 1795, folios. 1-32
Defuntos, 14 de maio de 1736-3 de marzo de 1783, folios. 1-38
- 15.2. Libro de Bautizados, pergamiño, 18 de decembro de 1781-26 de decembro de 1851, folios. 1-199.
- 15.3. Libro de Bautizados, holandesa, 15 de xaneiro de 1852-12 de xullo de 1881, folios. 1-100.
- 15.4. “ “ “ ,12 de agosto de 1881-29 de marzo de 1906. folios. 1-96.
- 15.5. “ “ , pasta, 19 de maio de 1906-16 de xullo de 1940, folios. 1-145
- 15.6. “ “ , pasta, 26 de xaneiro de 1941...
- 15.7. Libro de Matrimonios, pergamiño, 6 de abril de 1799-4 de marzo de 1851, folios. 1-125, sen foliar.
- 15.8. “ “ , pasta, 14 de febreiro de 1852-10 de febreiro de 1902, folios. 1-147.
- 15.9. “ “ ,holandesa, 27 de novembro de 1902...
- 15.10. Libro de Defuntos, pergamiño, 18 de xaneiro de 1788-26 de xaneiro de 1852, folios. 1-70.
- 15.11. “ “ ,holandesa, 25 de xuño de 1877...
- 15.12. Libro de Fábrica, pergamiño, 1736-1821, sen foliar
- 15.13. “ “ “ ,1878-1903, folios. 1-46
- 15.14. “ “ , pasta, 1903...
- 15.15. Libro de Fábrica, Campelo, pergamiño, 1801-1890, folios. 1-50
- 15.16. Libro da Confraría do Santísimo, pasta, 1924...
- 15.17. Libro da Confraría do Rosario, pergamiño, 1769-1900, folios. 1-23
- 15.18. Libro de Propiedades do igrexario, pasta, 1911...
- 15.19. Libro de Apostolado de Oración, pasta, 1896-1913, sen foliar
- 15.20. Libro da Casa Reitoral, pasta, 1906-1951, sen foliar.
16. **VILACHÁ DE MERA, S. Xiao (parroquia)**
- 16.1. Libro de Bautizados, pergamiño, 7 de abril de 1715-9 de xullo de 1803, folios. 1-161.

- 16.2. “ “ “ ,19 de outono de 1803-5 de xaneiro de 1852, páxinas. 1-394.
- 16.3. “ “ , holandesa, 27 de marzo de 1852-16 de decembro de 1865, folios. 1-80.
- 16.4. “ “ “ ,3 de xaneiro de 1866-28 de maio de 1884, folios. 1-99.
- 16.5. “ “ “ ,1 de xuño de 1884-29 de xaneiro de 1899, folios. 1-111.
- 16.6. “ “ , pasta, 7 de febreiro de 1899-5 de abril de 1923, folios. 1-137
- 16.7. “ “ , holandesa, 14 de abril de 1923-7 de xullo de 1952, folios. 1-97
- 16.8. “ “ , pasta-tea, 20 de xullo de 1950...
- 16.9. Libro de Matrimonios, pergamiño, 27 de setembro de 1724-28 de xaneiro de 1852, folios. 1-96.
- 16.10. “ “ ,rústico, 12 de xaneiro de 1853-27 de maio de 1868, folios. 1-30.
- 16.11. “ “ ,holandesa, 22 de xaneiro de 1870-7 de marzo de 1923, folios. 1-99.
- 16.12. “ “ ,holandesa, 18 de febreiro de 1924...
- 16.13. Libro de Rexistro Matrimonial, pasta, 3 de xullo de 1912-27 de agosto de 1919, folios. 1-3.
- 16.14. Libro de Defuntos, pergamiño, 20 de novembro de 1720-19 de xuño de 1848, folios. 1-162.
- 16.15. “ “ ,pasta, deteriorado, 31 de xullo de 1848-27 de marzo de 1864, folios. 1-50.
- 16.16. “ “ , holandesa, 1 de maio de 1864-10 de febreiro de 1891, folios. 1-99.
- 16.17. “ “ “ ,27 de marzo de 1891...
- 16.18. Libro de Confirmados, holandesa, 1888...
- 16.19. Libro de Fábrica, Misas, pergamiño, 1759-1887, folios. 1-171
- 16.20. Libro de Fábrica, pasta-tea, 1887...
- 16.21. Libro de Confirmados. Santísimo, pergamiño, 1807...

Por medio destes arquivos parroquiais pode reconstruírse a vida das parroquias, dende o século XVI, o seu ámbito relixioso baixo a dualidade espiritual e material, o amplo eido socio-económico, os trazos da súa lexislación hereditaria, tributaria, comunal de montes, augas... Os arquivos parroquiais son –segundo Elías Valiña- as fontes históricas da Galicia postridentina.


REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

VALIÑA SAMPEDRO, Elías. *Catálogo de los Archivos Parroquiales de la Diócesis de Lugo*, Lugo: Servizo de Publicacións da Deputación Provincial, 1991.

Gran Enciclopedia Gallega (GEG). “O CORGO” (Mapa). T. VII, pág. 141

Foto de ELÍAS VALIÑA SAMPEDRO. 1014* 677-jpg

baguete.over.blog.fr





RESUMO

As seguintes liñas pretenden dar a coñecer as feiras que houbo, e que hai, ao longo das terras do Corgo.

Partimos dunha pequena descrición dos elementos que encontramos nunha feira e cun pouco de historia internámonos na orixe e evolución de calquera feira galega dos séculos XIX e XX. Xa con esta perspectiva, feirearemos por Adai e Gomeán e lembraremos a memoria daqueles tempos cando, en Laxosa e Anseán, se escoitaban os e as feirantes que vendían o seu xénero, os tratantes o gando e as polbeiras o seu rico manxar.

PALABRAS CLAVE

Adai, Anseán, cabalo, feira, gando, Gomeán, Laxosa, polbo

1 INTRODUCCIÓN

Cobra relevancia a feira, a nivel histórico e etnográfico, polos centos de historias de noso que se poden contar, ao igual que no seu tempo tivo unha importancia vital na economía familiar da maioría das familias labregas e nas relacións sociais das paisanas e paisanos que acudían a ela para comprar ou vender e saber da vida da xente dos lugares máis próximos mentres se tomaba o polbo á hora de xantar.

As feiras eran importantes na época do Antigo Réxime e da Idade Moderna e xorden pola necesidade de vender aquilo que sobra na casa para obter pequenas ganancias ou outros produtos. Co paso do tempo, e co decorrer do XX, sufriron grandes transformacións debido aos cambios no mundo do agro e da economía galega.

Nos anos 60-70, moitas desapareceron e, pola contra, outras chegaron vivas a nós, como poden ser no Corgo as de Gomeán e Adai, nomeadamente. Esta última goza de moi boa saúde e de certa sona en toda a provincia luguesa nas feiras temáticas que se lles dedican á vaca rubia galega e ao cabalo.

Sanxurxo Rodríguez, Xema

xemasanxurxo@rocketmail.com

Licenciada en Filoloxía Galega

Mestrada en Servizos Culturais

A todos/as os/as feirantes/as do mundo
Para as persoas que me facilitaron
información e me fixeron descubrir as terras
do Corgo e o maravilloso universo das feiras.

“Feira sonada, onde todo se merca, aínda o
que non se ve” *Merlín e familia*, Álvaro
Cunqueiro

2 DEFINICIÓN

Cando falamos de feira o primeiro que se nos vén á mente é un mercado ao aire libre onde podemos atopar de todo ou unha serie de produtos específicos. Por outra banda, se imos á orixe da palabra, ao seu étimo latino, *FEIRAM* refírese a un 'día de festa'. E, abofé, un día de feira considérase un día fóra do normal, do cotián, no que vemos plasmadas estas dúas ideas, a do mercado e a da festa.

Numerosas son as caracterizacións do que pode ser unha feira, pero nós quedaremos cunha resumida descrición da *Gran Enciclopedia Gallega*¹, do ano 1974. Desde aquela altura até hoxe en día, a vida evolucionou en todos os aspectos e desas mudanzas non foi alleo o mundo da aldea: migración ás cidades, evolución tecnolóxica, xurdimento de cada vez máis establecementos nas vilas e cidades, desaparición de moitas feiras ao se controlar a venda de animais... Mais a definición da enciclopedia é unha das máis clarificadoras do termo en cuestión e amosa a grande importancia que tiña para a sociedade rural este tipo de mercados nesa época.

Introdúcesenos no tema mostrando a diferenza existente entre os termos “mercado” e “feira”:

¹VVAA. *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago-Xixón, 1974, tomo 11, pp. 230-231

“aunque las diferencias de concepto entre feira y mercado están confusas, en el momento actual hay una tendencia muy generalizada a sustituir la palabra feira por la de mercado [...]. Tienen como característica común que se celebran en lugares y días señalados, que son públicos y que a ambos acuden gentes de sitios próximos o lejanos, con productos de toda índole, que comerciantes, intermediarios o expositores, comercian, compran, venden o intercambian con mayor facilidad, pero que, referidos de forma general a las *feiras gallegas*, proceden o se destinan al medio rural. Las diferencias entre *feira* y *mercado* radican, fundamentalmente, en que la *feira* se celebra con intervalos de tiempo mayores, una o dos veces al mes, a veces anualmente o una en primavera y otra en otoño, coincidiendo siempre las fechas alejadas entre sí [...], concurren gentes, mercaderías o ganados de la zona o de tierras más alejadas; participan siempre varios tipos de productos a comerciar, y en cuanto a ganado, en las *feiras gallegas*, siempre concurren especies mayores, bóvidos o équidos. Las *feiras* tienen mayor importancia y solemnidad que los mercados. En el *mercado*, las fechas de celebración son semanales, a veces quincenales; la concurrencia procede de zonas más próximas, suelen tener instalaciones permanentes, sobre todo para los productos de consumo humano y casi siempre se indica el objeto más comerciado: principalmente mercado de ganado, mercado de cereales, mercado de abastos, mercado de frutas, etc; el término *feira*, en cambio, es más genérico.”

As dúas palabras, moitas veces, empréganse indistintamente e presentan unha realidade moi semellante. Se seguimos a estudiosa Rosario Miralbés², pode variar a percepción dunha a outra, no aspecto da periodicidade, semanal no caso dos mercados e mensual, até anual, nas feiras. Na actualidade, nos mercados non situados nas prazas de abastos das vilas ou dos centros comarcais de gran relevancia, conflúen vendedoras, principalmente, e vendedores da zona en cuestión, que fan desprazamentos de curta distancia para venderen os produtos da horta que sobran e que non se consomen na casa. Tampouco se concibe un mercado actual con

gando (agás animais domésticos como coellos, galiñas, cans e parrulos), único cando xa é denominado así, mercado gandeiro en referencia ás instalacións e ao propio comercio do gando.

Ademais da actividade comercial, na feira conflúen outros aspectos festivos e sociais máis relacionados co tempo de lecer das persoas: na feira non só se compra e se vende, tamén se fala, rexouba e até nalgunhas se pode desfrutar de espectáculos e acompañamentos musicais.



Feira de Adai

3 CARACTERÍSTICAS DUNHA FEIRA

Á parte das vertentes comercial e festeira, claves para entendermos o evento que nos ocupa, cómpre relacionar unha serie de constantes que se repiten en calquera feira galega:

1. Unha data fixada, normalmente unha vez ao mes (Adai, Gomeán, Anseán e Laxosa no noso territorio) ou dúas se se terza.
2. Un lugar, o chamado “campo da feira”, onde se desenvolve a actividade comercial e social. Decote, son ao aire libre, baixo carballeiras ou recintos rehabilitados como os que se encontran en Adai ou en Gomeán.
3. A distribución espacial dos postos de venda sempre é o mesmo, ben por costume que vén de vello, ben porque así se estipula desde a entidade local, máxima responsábel de calquera actividade que se realice nun sitio público. En tempos pasados non había feira sen animais e o lugar que

²MIRALBÉS BEDERA, M.R. *Las ferias de Galicia y su evolución. Distribución espacial, periodicidad y área de influencia*, Santiago de Compostela: Instituto de Geografía Aplicada, 1982.

ocupaba cada especie definía o seu espazo: a feira das mulas, a das ovellas, a das vacas...

De igual modo, os produtos da horta situábanse na denominada “feira das mulleres”³. Por outra banda, os feirantes coa roupa, o produto máis abondoso nas feiras actuais, adóitanse pór sempre no mesmo sitio xunto con aqueles que venden toallas, calzado, apeiros de labranza, cestos, folladelata, coitelos, antigüidades, olaría, xoguetes, churros...

4. Algunhas feiras do país teñen unha construción arquitectónica típica, os chamados alpendres. Constan dun mostrador de pedra cuberto, a unha ou dúas augas, para resgardar da chuvia as e os vendedores e as súas mercadorías. En Gomeán⁴, aínda lembran os que había na carballeira da feira e que hoxe están completamente derruídos.

Noutras zonas, hai un tipo de alpendres, ou casetos, que están completamente cubertos, cunha entrada e con asentos laterais no seu interior, nos que se servían comidas o propio día da feira. Á parte das polbeiras e das tabernas que arrodean o campo da feira, este tipo de establecemento diversificaba a oferta.

5. A estratexia de perseguir uns prezos reducidos, nas compras que se vaian facer, segue a ser un costume característico do intercambio comercial. O regateo ou releo consiste nunha situación comunicativa na que se dá a compra/venda dunha mercadoría (gando, produtos da horta...) e, mediante a técnica ritualizada entre as e os participantes do “tira” e “puxa”, acábase pagando o prezo que se considera xusto ou merecido. É un método ancestral de venda sen o cal non se conciben as transaccións económicas nunha feira tradicional, ao contrario do que acontece en mercados doutra índole (supermercados, grandes almacéns ou centros comerciais), onde o releo non se acostuma a facer porque está representado de forma indirecta con rebaixas, promocións ou ofertas especiais.

Cando falamos de compra e venda de gando mencionamos outra das relacións rituais existentes: o trato ou acordo ao que se chega. Péchase un negocio con esta fórmula antiga que se mantén na actualidade entre os tratantes de gando, principalmente. O prezo acordado non se asina nun papel nin nun contrato, é a propia palabra a que formaliza a transacción económica xunto cun apertón de mans.



Báscula en Gomeán

6. Outro elemento característico das feiras de gando era a báscula de pesar os animais, gardadas en pequenas construcións de pedra. Aínda que están en desuso, debido á práctica desaparición das vacas e becerros no campo da feira, en moitos lugares consérvanse en pé, como a que temos en Gomeán.

7. E, por último, é completamente necesario nunha feira non esquecer nin a hora de xantar nin o prato tradicional por antonomasia: o polbo (á feira). Na actualidade as polbeiras que traballan na zona do Corgo son todas dos arredores e mesmo do propio concello. Tomar o polbo é un costume moi enraizado e niso consiste hoxe por hoxe “ir á feira” en moitos lugares. En Gomeán, vinte e tres de cada mes, temos este único vestixio que nos fai

³Onde se comercializan todos os produtos da horta e da casa: ovos, queixos, verduras, touciños, cacheiras, mel, manteiga, unto e os “animais pequenos” (galiñas, cans, coellos e parrulos).

⁴Informacións tiradas en conversacións informais das xentes que foron á feira

lembrar que alí, noutrora, tamén había tratantes de gando, homes que vendían teas e mulleres os seus produtos.



Polbo á feira en Gomeán

4 EVOLUCIÓN HISTÓRICA DAS FEIRAS

Na provincia de Lugo, historicamente, a maioría da poboación vive dunha economía de subsistencia baseada no traballo do campo. Co gallo de procurar ingresos complementarios comézase a traballar coa materia prima que dá a terra (liño, madeira, pel, ferro, barro etc). A máis importante deste tipo de actividade relaciónase co básico que lle é necesario ao ser humano: a vestimenta e o que precise para o traballo. Entón, e como nos di Hortensio Sobrado⁵, por unha banda, temos todo o referente co téxtil e co coiro en oficios tales como as tecedeiras, curtidores ou alfaiates e, por outra, aquela que se dedica á elaboración de aparellos domésticos, calzado e apeiros de labranza nas mans de oleiros, ferreiros e zoqueiros.

Neste tipo de coordenadas socioeconómicas, xurdiu o intercambio do sobranse no autoconsumo. A orixe e as hipotéticas causas de que proliferasen as feiras por toda a xeografía galega radica na necesidade de comercializar estes excedentes e na subministración doutros beneficios que axudasen aos precarios bens e pertenzas familiares. O feito de que a poboación das aldeas

sexa moi dispersa, principalmente nas zonas da área luguesa e, sumado a isto, que as deficientes comunicacións non posibilitaban grandes desprazamentos co gando levado a pé ou no transporte de certas mercadorías, fai posíbel as concentracións para a compra/venda dos produtos agrarios en diferentes aldeas e parroquias. Por outro lado, e como comenta o antropólogo Lisón Tolosana⁶, á xente das aldeas cómprelle facer sociedade nun evento destas características unha vez á semana ou cada quince días: ir á feira é vital para estar no mundo socialmente e, en esencia, constitúe un recurso adicional ao principal sustento da economía da casa galega tradicional: a facenda e a terra.

Hai noticias da celebración de feiras en Monterroso, Navia e nas terras de Burón (A Fonsagrada), durante o século XVI, mais será no período do XVIII-XIX, segundo o historiador Pegerto Saavedra⁷, cando as feiras adquiren maior auxe por toda a xeografía galega.

Contemporaneamente, no decorrer do XVIII, documéntase este fenómeno de expansión de feiras en comunidades cunha situación socioeconómica moi semellante á nosa: Asturias, Cantabria, Euskadi, a Bretaña e zonas de París ou Toulouse.



Posto de roupa. Feira de Adai

⁵SOBRADO CORREA, H. *La ciudad de Lugo en el Antiguo Régimen, siglos XVI-XIX*, Lugo, Deputación Provincial de Lugo, 2001.

⁶LISÓN TOLOSANAC. *Antropología cultural de Galicia*, Madrid: Ed. Akal. 1990
⁷SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P. "La consolidación de las ferias como fiestas profanas en la Galicia de los siglos XVIII y XIX", *Semata. Ciencias Sociais e Humanidades*, 6, 1994, pp. 279-296

Nunha memoria de finais do XVIII, realizada por un deputado en Cortes, rexistraba na Galiza 43 mercados, 264 feiras mensuais e 88 anuais, das cales só na provincia de Lugo a súa distribución era a seguinte: 8 mercados, 46 feiras mensuais e 7 feiras anuais. Moitas delas desenvolvíanse en aldeas pequenas e isto vén xustificar a dificultade que había á hora de mover o gando duns lugares a outros e de transportar outras mercadorías ou, polo menos, este era o pretexto ao que aludían ás autoridades competentes cando se lles pedían permisos para a creación de novas feiras.

A xeógrafa Rosario Miralbés⁸ apunta que as feiras, no XIX, non sufriron grandes transformacións a causa das semellanzas co período anterior: a economía baseábase no mesmo e as redes viarias seguían mantendo illadas as parroquias rurais. Pode que algunha feira pequena desaparecese ou se vise trasladada en beneficio da freguesía á que pertencía e, noutros casos, aparecen novas en zonas nas que antes non había ningún tipo de mercado. Seguindo a mencionada autora, o principio do século XX trouxo consigo a fin do foro e supuxo que a propiedade da terra fose para quen a traballaba. Esta nova situación trae consigo unha serie de cambios na agricultura galega: comezan a prosperar as explotacións, cobran cada vez máis importancia o gando vacún e o porcino e o sistema de cultivos dá moitos máis rendementos. A partir da década dos 50, a paulatina modernización do agro na tecnoloxía e na especialización vai parella á chegada de infraestruturas nas redes de comunicación e do transporte.

Co paso do tempo continúan moitas feiras, mais ao redor dos anos 60 e 70 desapareceron a maioría das que existiron nesa época. As causas son variadas e as paisanas e paisanos que sufriron estes cambios comentan que o mercado que funciona hoxe en día son as tendas fixas ou as ambulantes que van polas casas. Tamén o feito de ter coche e estradas que te comuniquen facilita desprazamentos que noutros tempos eran impensábeis.

Outro problema consiste no de levar a vender o gando. Antigamente, levábase andando ou

carretando nel nun carro pero na actualidade unha serie de prerrogativas, e as indemnizacións oportunas, botan para atrás que se leve ás feiras: remolques axeitados e desparasitados, gando saneado, o control veterinario pertinente, entre outros aspectos. Cómpre salientarmos a concentración masiva do gando vacún en mercados gandeiros como o de Santiago de Compostela ou, na provincia de Lugo, o do concello de Castro de Rei.

Moitas delas lograron sobrevivir aos hipermercados e grandes áreas comerciais. A presenza de produtos, tradicionalmente vendíbeis, segue apreciándose pero os artigos de roupa e calzado ocupan masivamente os campos das feiras a día de hoxe.



Cartel anunciador

5 AS FEIRAS TEMÁTICAS

As feiras foron o punto de encontro entre a oferta e a demanda comercial, mais hoxe, aínda que manteñen esta función, a súa razón de ser converteuse, en determinadas ocasións, en escaparates onde a imaxe dun produto é o elemento que prima.

Esta orixe, marcadamente popular, mudou co paso dos anos e nalgúns ocasións a un tipo de evento cunha orientación máis profesional. Habitualmente teñen unha data fixa e incluso hai algunhas que permanecen abertas ao público varios días, por exemplo, as feiras de mostras ou as do libro. Adoitan seren organizadas por diferentes asociacións ou entidades locais e

⁸MIRALBÉS BEDERA, M.R. *Las ferias de Galicia y su evolución. Distribución espacial, periodicidad y área de influencia*, Santiago de Compostela: Instituto de Geografía Aplicada, 1982.

subvenciónanse grazas ás axudas doutras administracións.

Os contidos temáticos das diferentes feiras que bolen polo territorio galego son os seguintes: automoción (vehículos novos e usados), turismo e lecer, agrícola e maquinaria, cabalos, artesanía e cultura etc. As máis numerosas e fáciles de atopar, principalmente na época do verán, son as de exaltación, as gastronómicas e as denominadas medievais. Moitas delas nacen coa intención de protexer a marca de identidade dunha determinada comarca, como pode ser a Festa do Albariño en Cambados, outras procuran aumentar as vendas dun produto (augardente, empanada, queixo, mel, marisco...) e a maioría serven como reclamo turístico dunha zona.

No Corgo, temos dúas feiras temáticas que consisten, por un lado, na exhibición, concurso e poxa pública da vaca rubia galega e, por outro, na exaltación do cabalo que, xunto coa de Castroverde e Friol, son as tres feiras cabalares máis sonadas de toda a provincia de Lugo.



Poxa de Rubia Galega en Adai

Estes dous eventos desenvólvense en Adai no campo da feira tradicional e nas instalacións que hai para os animais. Conviven os actos propios deste tipo de feiras (xuntanza cabalar, exhibicións de novelas e cabalos, poxas etc) con outros máis festivos tales como xogos e xincanas, rodeos, actuacións musicais de charangas e cos elementos comúns dunha feira: os postos de venda de produtos de alimentación, de aparellos de labranza, e de “monta” na feira cabalar, e roupa,

calzado, cestos e as polbeiras que desde primeiras horas da mañá trasfegan no seu labor.

A Feira do Cabalo celébrase, normalmente, o terceiro domingo do mes de xuño na mesma fin de semana que a Feira da Raza Rubia Galega. A organización corre a cargo da entidade local e colabora a Asociación de Cabaleiros da Feira de Adai. Pola contra, o concurso e poxa do gando vacún é unha actividade da ACRUGA (Asociación de Criadores de Gando Vacún Selecto de Raza Rubia Galega). Á parte da poxa de principios do verán, tamén se organiza outra, polo mes de outono, con grande éxito entre os e as gandeiras do país.

6 AS FEIRAS DO CORGO

Desde épocas inmemorábeis, pódese ir á feira pola zona de Adai: temos documentado a súa existencia no século XVIII⁹ e de xeito colectivo, na memoria dos veciños e asiduos á feira, fálase dela como unha das máis antigas da contorna.

Conta a historia¹⁰ que alá polo ano 1940 unha parte da veciñanza de Adai solicitoulle á corporación local que se lles dese licenza para faceren a feira outro día máis ao mes, o 26. O permiso foi concedido pero co decorrer dos anos volveu quedar no mesmo día de sempre.

Coñecida tradicionalmente pola “Feira dos burros”, tivo gran tradición neste tipo de gando (mulas, burros e cabalos) como se pode apreciar no feito de que haxa anualmente unha feira cabalar e na existencia dunha asociación que exalte a afección da “monta” de cabalos. A boa reputación de Adai traspasaba fronteiras e noutros tempos viñan xentes da zona da Maragatería, León e Castela comprar este tipo de animais ademais, claro está, da zona de Lugo e dos concellos limítrofes.

Na actualidade segue a ser encontro, todos os días 13 de cada mes, de feirantes, tratantes, polbeiras e persoas dos arredores. Aínda que xa non se atopen os produtos da casa na “feira das mulleres”, noutrotra colocadas na banda do lado da escola, segue a haber unha gran variedade de

⁹Catastro de la Ensenada. 1749-1756

¹⁰Información das actas municipais do arquivo persoal de D. Jesús Abuín Arias

postos: o dos churros, roupa, calzado, utensilios para o traballo no campo, de froita e verdura, quincalla variada e animais como vacas, cabalos ou porcos.

Segundo as épocas e dependendo moito do clima, de se é verán ou inverno, ten máis ou menos concorrencia: o 13 de Santos considerábase a feira máis importante pero tamén é en xuño cando hai unha grande afluencia cando se fai conxuntamente na fin de semana das feiras da rubia galega/cabalo.



Cabalos en Adai

Outra boa feira foi Gomeán. Actualmente só queda un único vestixio vivo dela: a báscula do gando segue en pé, o campo da feira está recuperado para uso público, mais comer o polbo é no que consiste ir alí os días 23 de cada mes.

Se Adai tivo a sona co gando cabalar, os animais que se vendían en Gomeán eran vacas e becerros. Viñan buses desde Lugo e outros lugares da comarca, cargados con tratantes e as casas de comida, que había ao redor do campo, eran testemuñas da gran cantidade de xente que pasaba pola feira. A mediados dos anos 60, foi desaparecendo a venda de gando e os “tenderetes” típicos de calquera mercado e, hoxe por hoxe, segue índose á hora do xantar ou incluso hai quen leva unha tarteira para levar o polbo á casa.

Hai¹¹ constancia de que en xaneiro de 1914, unha serie de veciñas e veciños da parroquia pediron no

concello a concesión dunha feira os días 4 de cada mes. O permiso foi denegado baixo o argumento de que xa había dúas feiras moi próximas (en Adai e en Laxosa) e dez nunha circunferencia de dez quilómetros. Á entidade local daquela época debeulle parecer esaxerado crear unha nova ante semellante panorama xa que tocaba unha feira por cada quilómetro, feito que nos vén dicir, unha vez máis, a grande importancia que tiña este tipo de mercados para a economía galega do momento. Unha década despois, foilles concedida unha feira de gando vacún e de produtos do mes os días 23.

Por outra banda, a feira de Laxosa tivo tamén a súa importancia ao se situar o campo da feira moi preto da estación do tren. Polos camiños de ferro ían e viñan moitas mercancías, de sitios diversos e de longas e curtas distancias. Laxosa foi un punto neuráxico e axudoulle ao seu mercado a ter boa accesibilidade tanto ás persoas coma aos produtos.

Polos anos 10 do pasado século, varias veciñas e veciños do lugar solicitábanlle ao goberno municipal unha feira e un concurso de gando para darlles uso a unha serie de leiras particulares: a Chousa Grande, situada no ramal que ía dar á estación, doábase de balde para tal evento. A feira chegou a realizarse os días 21 de cada mes pero pouco tempo debeu ter vixencia pois as informacións que tiramos dunha acta do concello¹², con data de marzo de 1914, conta que nesa altura só hai unha feira existente no municipio, Adai, e a creación inminente da de Gomeán.



Campo da feira de Gomeán

¹¹Información das actas municipais do arquivo persoal de D. Jesús Abuín Arias

¹²Do arquivo persoal de D. Jesús Abuín Arias

Queda por mencionar a cuarta feira, a de Anseán. En documentos municipais¹³, de 1909, infórmase de que a Sociedade Agrícola da parroquia lle pedía á corporación, entre outros asuntos como a compra dunha báscula, a construción dunha escola, dunha estrada que chegase a Castroverde e, incluso, dun apeadoiro-estación, permiso para celebrar o 27 de xuño unha feira e un concurso de gando con exposición de produtos agrícolas e industrias rurais da localidade. Tamén se pretendía unha feira mensual o día 21. A data segue a ser dubidosa, pois nas conversas informais coas persoas que lembran, ou oíron historias da feira de Anseán, falan non do 21 senón do 23. Sexa como for, esta feira durou moi pouco tempo pois pasou a Laxosa entre os anos 1912-1914, como xa vimos, ao ser un sitio estratéxico e con mellor comunicación para o tránsito da xente, os tratantes e os e as comerciantes.

E, xa por último, temos noticia¹⁴ de que no ano 1840 houbo unha tentativa de facer unha feira na parroquia de Arxemil, os días 2 e 23 de cada mes. A nivel documental, nas actas do concello, non volveu aparecer ningún dato que nos diga se ao final se levou a cabo o dito mercado ou se o goberno municipal chegou a conceder algún permiso.

Os campos destas feiras xa desaparecidas, a de Anseán e a de Laxosa, son fáciles de localizar, no entanto o seu uso é de propiedade privada. Os de Adai e Gomeán son os lugares onde se desenvolven as feiras cada mes. Ao seguiren sendo unha parte esencial da historia viva destas aldeas, as administracións (Deputación provincial, Concello do Corgo, Xunta de Galiza etc.) recuperáronos e rehabilitáronos a través de, entre outros xeitos de intervención, diferentes obradoiros de emprego chamados “Ponte de Neira”, para que a veciñanza, en xeral, os puidese desfrutar no seu tempo libre con outro tipo de actividades. O exemplo máis claro vese en Gomeán, posto que a carballeira tradicional na que se vendían os xatos pasou a ter novos usos: unha “pista” de baloncesto, os aparellos de facer ximnasia ao aire libre ou un novo espazo cuberto para degustar o polbo á feira, existente desde novembro de 2011



Campo da feira de Anseán



Campo da feira de Laxosa

7 CONCLUSIÓNS

Ao igual que as feiras xurdiron pola xeografía galega, a finais da época do Antigo Réxime, no XIX ou a primeiros do XX, e tiveron anos de pleno auge, tamén desapareceron en moitas aldeas pequenas como poden ser Anseán e Laxosa. Os cambios estruturais na economía das parroquias galegas fixeron evoluir o tipo de comercio, concentrándoo nas feiras comarcais máis importantes como a nosa Adai, por exemplo, e en tendas ou supermercados e en vilas pequenas ou localidades coma O Corgo ou a propia cidade de Lugo.

¹³Do arquivo persoal de D. Jesús Abuín Arias

¹⁴Información das actas municipais do arquivo persoal de D. Jesús Abuín Arias

O esmorecemento de moitas feiras débese a unha ampla variabilidade de causas que vén dada polas modas, os hábitos e os costumes da xente por mor das demandas de consumo que xorden na vida cotiá, quer pola publicidade da sociedade consumista quer polos avances e a nova tecnoloxía que nos invade aos poucos e a diversificación desa oferta que satisfai estas necesidades novidosas.

Á parte do tema comercial, a feira constitúe unha institución social. Verdadeiramente segue a ser como o adro da igrexa un domingo despois da misa ou como a taberna, pois alí existe un punto de encontro coa veciñanza, coas noticias dos sucesos que pasan nas proximidades e que lles pasa ás persoas coñecidas, novas máis importantes que as que aparecen no periódico. As informacións e rexoubeos que se conseguen un día de feira son o tema de conversación nas casas, nos bares..., son os acontecementos do cotián, cos que se senten identificadas as paisanas e os paisanos.

As feiras, tanto pola importante función económica que desenvolveron noutras épocas ou coma pola súa función social, forman parte do noso patrimonio histórico, etnográfico e arquitectónico: falarmos delas é recuperar unha parte da historia das aldeas e, non só iso, falarmos da feira de Adai no noso caso é mencionar un dos puntos clave no mundo da tradición cabalar en Galiza e todo un referente no sector gandeiro dedicado á rubia galega..

8 BIBLIOGRAFÍA

MONOGRAFÍAS

DÍAZ, M. *Ferias y mercados*, A Coruña: La Voz de Galicia, 2005

LISÓN TOLOSANA C. *Antropología cultural de Galicia*, Madrid: Ed. Akal. 1990

MÉNDEZ, L. "Cousas de mulleres". *Campesinas, poder y vida cotidiana (Lugo 1940-1980)*, Barcelona: Ed. Anthropos, 1987.

MIRALBÉS BEDERA, M.R. *Las ferias de Galicia y su evolución. Distribución espacial, periodicidad y área de influencia*, Santiago de Compostela: Instituto de Geografía Aplicada, 1982.

SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P. *A vida cotiá en Galicia de 1500-1850*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1992.

- *A Facenda real na Galicia do antigo réxime (As rendas provinciais)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1993.

- *Das casas de morada ó monte comunal*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. 1996.

SOBRADO CORREA, H. *La ciudad de Lugo en el Antiguo Régimen, siglos XVI-XIX*, Lugo, Deputación Provincial de Lugo, 2001.

XIZ, X. *O Corgo, amplo horizonte*. Lugo: Concello do Corgo. 2007

ARTIGOS EN MONOGRAFÍAS E/OU REVISTAS

FRAGUAS FRAGUAS, A. "*Emplazamiento de ferias en Galicia a fines del siglo XVIII*", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T. 23, fasc. 69, 1964, pp. 200-223.

MIRALBÉS BEDERA, M.R. "*Un ejemplo sobre la evolución de las ferias en Galicia*", *Las Comunautés rurales*, Paris: Dessain et Tolra, 1984, pp. 323-336.

- e CASAS TORRES, J.M. "*Mercados periódicos de Galicia: distribución espacial, frecuencia, rango y área de influencia*", *Geographica*, Ano 15, 3, 1974.

PREGO VÁZQUEZ, G. "*Unha aproximación microsociolingüística ó xénero discursivo do regateo*" en R. ÁLVAREZ BLANCO, F. FERNÁNDEZ REI e A. SANTAMARINA (eds), *A lingua galega, historia e actualidade*. Vol. I, Instituto da Lingua Galega-Consello da Cultura Galega, 2004, pp.347-355.

SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P. "*La consolidación de las ferias como fiestas profanas en la Galicia de los siglos XVIII y XIX*", *Semata. Ciencias Sociais e Humanidades*, 6, 1994, pp. 279-296.

- "*Una nueva mirada sobre la historia rural de la montaña lucense*", en C. FERNÁNDEZ CORTIZO, D. L. GONZÁLEZ LOPO e E. MARTÍNEZ RODRÍGUEZ (eds.), *Universitas. Homenaje a Antonio Eiras Roel*, T. I, Santiago de Compostela: USC, 2002, pp. 397-409.

SOBRADO CORREA, H. “Aproximación al consumo alimentario en el área rural gallega: El interior lucense (ss. XVII-XIX)”, *Obradoiro de Historia Moderna*, 3, 1994, pp. 87-110.

- “Obstáculos estructurales al desarrollo de los intercambios comerciales en la Galicia de la Edad Moderna”, *Obradoiro de Historia Moderna*, 17, 2008, pp. 303-324.

SUÁREZ PIÑEIRO, A.M. “As feiras gastronómicas galegas: orixe e evolución histórica”, *Actas do Congreso “Saberes e sabores”*, VI Congreso Galiza-Norte de Portugal, Vila Real: Delegação Regional da Cultura do Norte, 2006, pp. 167-173.

FONTES HISTÓRICAS

Catastro de Ensenada. Respuestas Generales. Interrogatorio, pregunta 29: “Quántas Tabernas, Mesones, Tiendas, Panaderías, Carnicerías,

Puentes, Barcas sobre Ríos, Mercados, Ferias, etc. Hay en la Población y Término: a quién pertenecen, y qué utilidad se regula puede dar cada un año”. 1749-1756.

MADOZ, P. *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar*, Madrid, 16 v, 1846-1850.

Actas municipais do Concello do Corgo

BIBLIOGRAFÍA XERAL

Actas do Concello do Corgo (arquivo persoal de D. Jesús Abuín Arias)

VVAA. *Gran Diccionario Xerais da Lingua*, Vigo: Ed. Xerais, 2009

VVAA. *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago-Gijón, 1974



CELEBRACION DO ENTROIDO

Como en anos anteriores a Asociación Cultural Arumes do Corgo, celebrou o 9 de febreiro o entroido cun xantar de confraternización no restaurante "Prados" onde uns setenta socios/as deron conta dun magnífico cocido.

VIII EDICIÓN DO CLUB DE LECTURA, ENCONTRO CO AUTOR: XOSÉ MANUEL CARBALLO CO LIBRO "DON OTTO DE VIAXE POLA CHAIRA"

Outra actividade realizada pola A.C. Arumes do Corgo, xa consolidada ao longo de varias edicións, é a do club de lectura. Nesta ocasión o autor elixido foi Xosé Manuel Carballo coa súa obra "Don Otto de viaxe pola chaira". O encontro co autor tivo lugar o venres oito de marzo, ás 21:00 horas, na "Casa das Asociacións do Corgo". A xornada desenvolveuse como de costume, comezando cun resumo da biografía e obra do escritor convidado; a presentación da obra elixida; unha pequena enquisa e posteriormente abriuse o acto aos asistentes para que puideran participar activamente na conversa co autor, acerca do libro en cuestión e do seu traballo en xeral.

Nesta ocasión a asistencia foi un éxito, asistiron socios e non socios de Arumes, a esta actividade.

O encontro, que se demorou dúas horas, rematou coa sinatura de exemplares e a entrega dun agasallo de cerámica ao autor, realizada polo ceramista corgués, Lolo de Anseán.



EXCURSIÓN A BURGOS E PALENCIA.

A finais de marzo, membros da Asociación Arumes visitamos Burgos, onde poidemos coñecer entre outros monumentos a súa famosa catedral de Santa María, percorremos as súas capelas, admiramos os seus retablos, o seu cimborrio, as súas famosas agullas caladas da fachada principal, a súa escaleira dourada e como non escoitamos as campás das horas do seu famoso "papamoscas"



Para máis tarde seguir coñecendo a cidade e os seus monumentos, desplazámonos ata o Mosteiro de Santa María la Real de Las Huelgas.



EXCURSIÓN A CAMARIÑAS.

O 30 de abril membros da asociación desplazámonos ata Camariñas, na Costa da Morte, onde ademais de gozar das súas paisaxes e da súa comida, puidemos visitar a XXIII mostra do encaixe de Camariñas.



RUTA POR SOBRADO-CAXIGAL-FRANQUEÁN.

A ruta, na que participamos arredor de 20 persoas, comezou as 9,45 do domingo 21 de abril, no campo da feira de Sobrado do Picato do concello de Baralla; dende alí pola estrada de Lamas e próximos aos muiños de Caldeiro camiñamos por unha pista forestal de cara o punto máis alto do concello do Corgo, que se atopa no monte Reboiro



na Pena da Cruz a 777 m. de altitude, onde lindan os concellos do Corgo e Baralla; na mesma serra, dirección leste seguimos cara o Caxigal polas confluencias dos concellos de Corgo, Castroverde e Baralla, sempre polas altitudes máis altas do Corgo, divisando un amplo territorio da nosa provincia, que en días claros dirección S-L pode chegar ata o concello das Pontes.

Baixando do Caxigal pasando polo lugar de Coto, adentrámonos polas pistas forestais da serra da Férveda, nos montes cheos de piñeirais das parroquias de Folgosa, Fonteita e Franqueán sempre próximos os lindes de Castroverde. Rematando a ruta no antigo campo da festa de Franqueán arredor das 13,30 horas.

VISITA A EXPOSICIÓN: BEN-CHO-SHEY.



Membros de Arumes visitamos a exposición de Ben-Cho-Shey. 50 anos de maxisterio cultural (1918-1968), na Sala de Exposicións do Museo Provincial de Lugo. Esta exposición estaba estruturada en varios apartados: Unha fotobiografía, na que se facía un percorrido cronolóxico pola vida de Xosé Ramón e Fernández-Oxea, Ben-Cho-Shey, cun máis dun cento de fotografías e ilustracións. Os traballos e os días de Ben-Cho-Shey unha ampla información gráfica, bibliográfica e documental (o escritor, o xornalista, o etnógrafo, o arqueólogo, o político...). A constitución do partido galeguista en Lugo. E unha cronoloxía da vida social e cultural de Lugo nos anos 50.

CAMIÑO NORTE DE SANTIAGO OU RUTA DA COSTA



A vila de Ribadeo foi o punto de arranque do Camiño do Norte para varios socios de Arumes que o 27 de abril comenzamos a andaina. A ruta da costa gozou dunha vitalidade semellante á dos demais camiños xacobeos "primitivos", antes de que nos séculos XI-XII os monarcas hispanos potenciasen o Camiño Francés como itinerario xacobeo privilexiado, vertebrando os reinos cristiáns do norte peninsular. Este camiño que se remonta na historia ata o século IX, é polo tanto tan antigo coma o francés, foi unha vía utilizada por moitos peregrinos europeos, que antes de ir a Santiago, pasaban polo Santuario de San Salvador de Oviedo. San Francisco de Asís peregrinou por esta ruta no 1214.

Dende Ribadeo ata Santiago un total de 195 km. que fixemos en dez etapas: Ribadeo- Vilamartín



Grande, Vilamartín Grande-Mondoñedo, Mondoñedo-Abadín, Abadín-Vilalba, Vilalba-Baamonde, Baamonde-Braña, Braña-Sobrado dos Monxes, Sobrado dos Monxes-Arzúa, Arzúa-Amenal, Amenal-Santiago de Compostela.

EXCURSIÓN A FEIRA DO VIÑO DO RIBEIRO DE RIBADAVIA.



O día 4 de maio, puxémonos outra vez en camiño, esta vez para visitar a comarca do Ribeiro en Ourense, neste caso a fermosa vila de Ribadavia. Ali paseamos pola súa praza maior, polo barrio xudeo cun conxunto de rúas empedradas e casas medievais, con fontes, soportais, casas con escudos de armas, igrexas ou prazas.

Visitamos as ruínas do castelo dos Sarmiento, dos Condes de Ribadavia, do século XV, no interior do seu recinto amurallado atópase hoxe en día un auditorio.

Ademais poidemos asistir a 50 feira do viño do Ribeiro. O cultivo da vide nesta comarca é a característica da súa paisaxe. A chegada das primeiras cepas a zona datan da época dos romanos, e como grandes impulsores destacamos o Mosteiro de San Clodio e os monxes do Mosteiro de Oseira.

VI ENCONTRO DE ASOCIACIÓNS CULTURAI GALEGAS

O día 25 de maio, celebramos o VI encontro das asociacións culturais galegas no que participaron: **A.C. Arcas de Sarria, Agrupación Instrutiva de Redes- Camouco, Roteiros de Pol, A. C.**

Arumes do Corgo, e A.C. Amigos do Patrimonio de Castroverde exercendo de anfitrióna Agrupación Instrutiva de Redes-Camouco.

Este ano esta asociación organizou dous roteiros un polo mar embarcando no porto de Mugardos por un polo mar pasando polo porto de Mugardos por ambas marxes da ría pasando ao lado dos astilleiros de Navantia, dos castelos de Palma e San Felipe, do porto exterior de Ferrol e retorno ao porto de Mugardos.

Un roteiro por terra saíndo do porto de Mugardos por un estrada que nos levou a Castelo da Palma para continuar ata a Praia de Chanteiro, para seguir ata o mosteiro de Sta. Catalina (Montefaro), onde tiñan preparado un suculento xantar. Rematado o xantar e na igrexa do mosteiro a rondalla “Sonidos del Alba” de Ferrol ofreceunos un recital de cancións populares.



ACTUACIÓN GRUPO DE TEATRO LUCHO DO HOSPITAL XERAL-CALDE.

O grupo de teatro Lucho do Hospital Xeral-Calde puxo en escena, o sábado 6 de xuño no Centro sociocultural do Corgo a obra “As mañás das mozas”. A representación, formou parte do circuito Buxiganga, da área de cultura da Vicepresidencia Primeira da Deputación. A actuación foi de entrada libre polo que contou non só coa presenza de socios de Arumes senon que asistiron un bo número de veciños.



ENCANTRO SENDEIRISTA E CULTURAL “LUCUS A PÉ”

Este ano fomos convidados pola Sociedade Micolóxica Lucus a participar no II encontró sendeirista e cultural “Lucus a pé”. Este evento comezou coa reunión e recepción dos participantes na Praza Maior de Lugo. Neste punto iniciouse a ruta pasando pola piscina romana de Santa María e pola Catedral, ata chegar á muralla romana pola Porta de Santiago onde os participantes foron interceptados por unha comitida de lexionarios romanos que nos entregaron un salvoconduto para continuar camiñando pola cidade. Continuou a marcha polo adarve da muralla e despois polo río Rato e o paseo do río Miño. O percorrido concluiu fronte ao pazo de feiras e congresos onde tivo lugar a comida de campo.



EXCURSIÓN POLO CANÓN DO SIL NO TREN TURÍSTICO “ABA SACRA”, CATAMARÁN E VISITA A CASTRO CALDELAS.



O 30 de xuño, máis de cincuenta socios de Arumes desplazámonos a Ribeira Sacra. Para comezar o día fixemos unha viaxe turística no Tren “Aba Sacra” dende onde puidemos contemplar as paisaxes desta fermosa terra e os seus viñedos, facendo unha parada nun mirador sobre o cañón do Sil, despois fixemos outra parada na Adega “Regina Viarium”, onde ademais de facer unha visita guiada tivemos unha degustación do seu famoso viño, esta adega atopase en Doade, concello de Sober. Ten unha superficie construída de 4000 m², dos cales 200 m., están destinados a adega. Ten unha capacidade en depósitos de 300.000 litros. Mais tarde visitamos a Reitoral de Gundívos edificio do século XVI, restaurado como centro de interpretación da cerámica. A súa olería caracterízase polas súas peculiares xarras de cor negro. Esta cerámica usábase nas bodegas e nas cociñas, créndose que melloraban o sabor do viño, ademais de mantelo fresco. O viño era levado a Roma en ánforas de Gundívos. Ali percorremos a súa sala de exposicións o seu museo onde se atopan pezas históricas e elementos etnográficos da zona, ademais poidemos gozar dunha demostración da elaboración dunha peza de alfarería.

Despois de dar conta dunha succulenta comida, e xa pola tarde fixemos a ruta no catamarán: Doade-Santa Cristina, para finalizar o día desplazámonos ata Castro Caldelas, xa na provincia de Ourense, onde visitamos o seu Castelo do século XIV cedido

o concello de Castro Caldelas pola casa de Alba para fins culturais e a igrexa da Virxen dos Remedios.

XORNADAS DE HORTOS ECOLÓXICOS



O sábado 6 de xuño realizamos unha xornada dedicada os “hortos ecolóxicos” de ámbito familiar, no que participaron 20 persoas. Esta xornada que resultou ser de grande interese para os asistentes, foi dirixida polo técnico Xan Poliquén, profesional de grande prestixio na materia, no que abordou tanto os graves efectos que causan sobre a saúde o mal uso dos produtos tóxicos utilizados na agricultura, como a realización de prácticas ecolóxicas para conquistar un mellor rendemento dos froitos das nosas hortas.

A exposición teórica realizouse na Casa das Asociacións, e as prácticas desenvolvéronse nos hortos da casa de Santa Eufemia.

EXPOSICIÓN E DEMOSTRACIÓN DE CÓMO SE TRABALLA O LIÑO

O sábado 13 de xullo e con gran asistencia de público, no Centro Sociocultural do Corgo e coa colaboración da Área de Cultura da Deputación de Lugo varias mulleres da Asociación de San Bartolomeu de Insua (Vilalba) fixeronnos unha demostración durante todo o día de cómo se traballa o liño, ademais dunha exposición de labores realizadas en liño, e unha proxección do documental. “O liño, arte e cultura” neste documental condensanse as tarefas do liño tal e

como se facía antigamente desde a súa semente até o fiado e o seu emprego no tear.



I XUNTANZA DE VERÁN DOS SOCIOS E FAMILIARES DA A. C. ARUMES.

O día elixido foi o domingo 21 de xullo e o lugar na carballeira do San Bernabé. Nesta xuntanza participaron preto de cen persoas, que deron conta dun suculento xantar.



Pola tarde os asistentes tiveron varias sorpresas por parte da directiva de Arumes, entre elas a actuación de “Os Minhotos” que fixeron que todos os participantes saíran a bailar. A festa durou ata ben entrada a noite, despois do éxito os organizadores xa pensan en repetir o evento para o ano seguinte



ACTUACIÓN DO MAGO ANTÓN

o día 24 de xullo, e cun cheo absoluto do centro sociocultural do Corgo o Mago Antón ofreceu un espectáculo de maxia organizado pola Asociación Arumes e patrocinado pola área de Cultura da Deputación de Lugo, onde o público gozou da maxia dun dos ilusionistas máis prestixiosos e recoñecidos dos artistas da maxia, no que ademais algúns dos presentes puideron participar. O mago Antón fixo unha presentación do seu espectáculo, nas cafeterías Andaina e Lembranza, onde entretivo aos clientes cos seus trucos.



ACTUACIÓN DO GRUPO DE TEATRO “OS QUINQUILLÁNS”



O mércores 7 de agosto e patrocinado pola Área de Cultura da Deputación de Lugo a compañía de teatro Os Quinquilláns, fixeron unha representación teatral da obra: “**O capricho do teatro**” Unha montaxe ao redor da obra de Roberto Vidal Bolaño. Foi unha representación interactiva na que se contou coa participación do numeroso público asistente

EXCURSIÓN A OPORTO E GUIMARAES.

O día 31 de agosto un grupo de membros da asociación Arumes puxemonos outra vez en camiño, esta vez para visitar Oporto onde percorremos as súas rúas, visitamos os seus monumentos, degustamos o seu famoso viño nunha bodega en Vila Nova de Gaia e demos un paseo en barco polo río Douro.

O día seguinte desprazámonos ata Guimaraes, fermosa vila onde visitamos entre outros monumentos o seu Castelo, a igrexa de San Miguel, a igrexa de Nosa Señora da Oliveira a Igrexa de San Gualter etc. para despois perderse polas súas rúas o Largo Martíns Sarmento, o Condessa de Juncal a Alameda de San Dámaso a Plaza do Toural, que ofrece un armonioso conxunto de edificios que substituíron as vellas murallas. En Guimaraes, a periferia do antigo amurallamento converteuse nunha sucesión de fachadas nobres que dan vista a unha nova

cidade, a veces separada por xardíns. Así as igrexas de San Pedro, San Francisco ou a de San Gualter, levántanse a certa distancia da cidade, protexidas por zonas verdes.



EXCURSIÓN A ASTORGA-CASTRILLO DE LOS POLVAZARES

O día 28 de setembro, uns 50 socios/os da Asociación Arumes do Corgo visitamos a cidade de Astorga. Sobre as dez da mañá chegamos a Astorga, onde visitamos entre outros monumentos o seu famoso Pazo Episcopal, de estilo neogótico feito en granito, obra de Gaudí; a súa catedral; a fachada do Concello onde poidemos escoitar as



horas que dúas figuras articuladas de maragatos marcan o golpear a campá; a praza romana, situada fronte ao Convento dos Padres Redentoristas, que alberga unha cúpula que protexe os restos dunha antiga casa romana dos séculos I-IV; os restos das murallas dos séculos XIII-XV e a capela da Santa Vera Cruz, que se atopa adosada a igrexa de San Francisco fronte a praza romana co seu domus de mosaico. Os máis golosos víronse tentados e visitaron o museo do chocolate.



V CARREIRA POPULAR “ARUMES DO CORGO”

O día 20 de outubro celebrouse a V Carreira Popular “Arumes do Corgo”, que organiza a asociación homónima, e na que participaron máis de 300 deportistas de todas as idades, desde nenos e nenas de 3 anos ata veteranos.

Ao mediodía despois de dar conta do xantar cun menú a base de cocido maragato típico desa zona, dispuxémonos a facer unha visita á vila de **Castrillo de los Polvazares**, que foi declarado conxunto histórico artístico no ano 1980 xa que conserva a súa arquitectura tradicional, coas casas construídas en pedra, utilizan o barro vermello como material e as rúas empedradas sen asfaltar. Un sitio emblemático para visitar é o cruceiro de madeira que se atopa na entrada da vila sobre un pedestal. Esta cruz ten colgada unha pequena capela cun crucifixo no seu interior. O camino de Santiago pasa preto a uns 50 metros desta localidade.

Xa de regreso, fixemos unha parada no maxestoso **Mosteiro de San Miguel das Dueñas**, no concello de Congosto, dos séculos XVII e XVIII. Hoxe en día está habitado por unha pequena comunidade de monxas cistercenses de clausura.



O gañador da proba absoluta foi Carlos Villamor, que entrou na meta cun tempo de 16:36, seguido de Juan Pena Holguín e Juan Antonio Gude Vila. Na categoría feminina a vencedora foi a corredora

de Bóveda, Luísa González Somoza, que entrou na meta seguida de preto por Raquel Suárez Pedrosa, ambas moi distanciadas, con máis de 3 minutos, de Ana Abuín.



A V Carreira Popular Arumes do Corgo estivo organizada pola propia asociación coa colaboración da Federación Galega de Atletismo e o apoio económico da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e do Concello do Corgo.



É unha carreira totalmente consolidada no calendario de atletismo a nivel galego; así o demostra o alto grado de participación acadado nesta edición, na que participaron máis de 300

corredores. Todo isto é debido a un gran traballo a nivel organizativo dos membros de Arumes do Corgo, e grazas á colaboración económica tanto do concello do Corgo, como da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, así como o apoio técnico da Federación Galega de Atletismo.



Na carreira déronse todos os premios por categorías con trofeo, unha camiseta para os 150 primeiros participantes da xeral e para todas as categorías inferiores e premios en metálico para a clasificación xeral individual, tanto para homes como para mulleres.

Hai que destacar que a organización deste evento supón un gran esforzo para a A.C Arumes, na que é necesaria a colaboración, de forma voluntaria e desinteresada, dunhas 40 persoas, ademais de contar co apoio de persoal municipal.

III XORNADAS MICOLÓXICAS

O 9 e 10 de novembro realizamos as terceiras xornadas micolóxicas que en todas as edicións contan con numerosos participantes, desta volta superaron os 25.

As xornadas foron dirixidas por José Antonio Castro Ferreiro, membro da dirección da Asociación Micolóxica Lucense, un apasionado da micoloxía, e estudoso en profundidade do desenvolvemento e recoñecemento das distintas especies de cogumelos.

O día 9, realizouse unha exposición temática sobre aspectos xerais da importancia dos fungos



na natureza, e unha proxección sobre as distintas características diferenciadoras dos cogumelos máis comúns que podemos atopar nos nosos montes. O domingo fixemos unha saída guiada de recollida polos montes da parroquia do Corgo e posterior selección e recoñecemento no Centro Socio-Cultural.

ACTUACIÓN DO GRUPO DE TEATRO REBULDEIRA



O sábado 16 de novembro no Centro sociocultural do Corgo o grupo de teatro Rebuldeira de Sarria puxo en escena a obra "Farsa plautina". A actuación foi de entrada libre polo que contou non só coa presenza de socios de Arumes senón que asistiron un gran grupo de veciños que gozaron coa representación desta obra.

IX EDICIÓN DO CLUB DE LECTURA, ENCONTRO CO AUTOR: XOAN RAMIRO CUBA, CO LIBRO "DA FALA DOS BRAÑEGOS. LITERATURA ORAL DO CONCELLO DE ABADÍN"



O autor escollido para esta novena edición do club de lectura foi o lucense Xoan Ramiro Cuba, coautor desta obra, que constitúe unha das achegas máis importantes non só da que se denomina Escola Etnográfica Mindoniense, senón tamén da bibliografía literaria de tradición oral galega dos últimos anos. É, con certeza, unha das máis completas recompilacións deste material na bisbarra mindoniense, é a única dedicada monograficamente ao concello de Abadín.

O encontro tivo lugar o día 22 de novembro ás 21:00 horas na "Casa das Asociacións" e desenvolveuse como segue: reseña da biografía e obra do autor; presentación da obra eleixida; pequena enquisa ao convidado, para pasar a participación activa dos asistentes na actividade, realizando preguntas ao escritor sobre a obra lida e outros temas literarios que foron moi interesantes.

O encontro, cunha duración de dúas horas, aproximadamente, rematou, como de costume nestes actos, coa sinatura de exemplares e a entrega dun agasallo de cerámica ao autor, realizada polo ceramista corgués, Lolo de Anseán.

VII CERTAME LITERARIO "TERRAS DE CHAMOSO"

Por sétimo ano consecutivo a Asociación Cultural Arumes do Corgo, coa colaboración da Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo, premiou a todos os autores que expresan no papel os seus sentimentos empregando como ferramenta a lingua do país. Unha iniciativa pioneira no Corgo e nos concellos da contorna que debido á alta participación, á calidade dos traballos e á valía do xurado estase a converter nun certame literario recoñecido a nivel galego.



As bases do certame son as seguintes:

1. Temática e idioma: A organización do certame non quere limitar a imaxinación dos autores. A única norma é que a obra se redacte en LINGUA GALEGA.

2. Categorías:

-CATEGORÍA INFANTIL (dos 10 aos 14 anos).

-CATEGORÍA XUVENIL (dos 14 aos 18 anos).

-CATEGORÍA ADULTOS (maiores de 18 anos).

3. Modalidades:

-POESÍA (de 30 a 60 versos).

-RELATO CURTO (de 3 a 6 folios escritos a dobre espazo).

NOTA: A categoría infantil non ten límite de espazo inferior, pero si superior.

4. Presentación: cada participante poderá presentar varios traballos (non premiados noutros certames literarios). Entregaranse mecanografados (non é necesario na categoría infantil) indicando a categoría, modalidade, título e pseudónimo e achegando nun sobre pechado a información persoal: nome, apelidos, data de nacemento, enderezo e teléfono de contacto. Remitiránse ao seguinte enderezo: A. C. Arumes do Corgo. Antigas escolas do Corgo s/n, 27.163 O Corgo (Lugo) ou ao e-mail: **arumescorgo@gmail.com**. Deberán enviarse no mesmo correo electrónico dous arquivos en formato PDF, un co contido da obra e outro onde constará o lema que distinga o traballo, no que constará, no seu interior o nome apelido do autor/a, domicilio, teléfono, poboación de residencia. Este segundo arquivo, será custodiado pola xunta directiva da Asociación Cultural Arumes, entregando unicamente ao xurado a obra e o lema da mesma.

5. Prazo: o prazo de entrega rematará o día 15 de novembro de 2013.

6. Premios: para cadansúa CATEGORÍA establécense 1º e 2º premio de poesía, e tamén 1º e 2º premio de relato.

Cada premio consiste nunha figuríña de cerámica do país, un lote de libros e o correspondente diploma.

7. Xurado: estará composto por membros da Xunta Directiva da Asociación, profesores de lingua galega e por profesionais de recoñecido prestixio do mundo das letras.

8. Entrega de premios: a cerimonia de entrega de premios realizarase o sábado, día 21 de decembro de 2013 no centro sociocultural do concello do Corgo acompañada de actuacións e de varias sorpresas.

9. Non premiados: Os traballos non premiados e as súas correspondentes plicas serán destruídas no prazo dun mes despois do fallo, se os/as autores/as non o solicitan.

10. Outros: A presentación ao premio supón a conformidade coas presentes bases por parte dos/as concursantes. A Asociación Cultural Arumes resérvase todos os dereitos de publicación das obras premiadas (en papel, CD ou mediante internet).

ENTREGA DE PREMIOS

O sábado, 21 de decembro, as 8 da tarde no Centro Sociocultural de O Corgo celebrouse a entrega de premios do VII Certame Literario "Terras de Chamoso".

A maiores da entrega dos premios aos gañadores gozamos da actuación de música e baile a cargo da Asociación A Legua Dereita de O Corgo e dos músicos Tonecho Castelos e Pablo Esqueira e un recital a cargo dos agasallados, que nos recitaron de forma excelente, as poesías gañadoras no certame.

Os premiados nesta edición foron:

CATEGORÍA: INFANTIL

Modalidade: poesía

1º premio: Carla Castedo Pereira de Francelos (Castroverde), pola obra "Soñar".

2º premio: Lara Domínguez Chantres de Cádavo (Baleira), pola obra "A choiva".

Modalidade: relato

1º premio: Alicia García Cabaleiro de Laxes (O Corgo), pola obra "O ladrón de personaxes".

2º premio: Unai Celeiro Díaz de Touville (Láncara), pola obra "O Castiñeiro ledo".

CATEGORÍA: XUVENIL

Modalidade: poesía

1º premio: Cristina Pernas Pereiro de Paradela (O Corgo), pola obra "Saudade dun piano de guerra".

2º premio: Sabela Rodríguez Reino de A Coruña, pola obra "A música vai por dentro".

Modalidade: relato

1º premio: Antón Vázquez Arias de Zolle (Guntín), pola obra "Beleza Inerte".

2º premio: Lucía González Campos de Montecubeiro (Castroverde), pola obra "Témoste aquí, queridiña".

CATEGORÍA: ADULTOS

Modalidade: poesía

1º premio: Rocio Leira Castro de Pereira-cée (A Coruña), pola obra "Mensaxes Cifradas".

2º premio: Xosé Otero Canto de Lugo, pola obra "Perdida Vaga".

Modalidade: relato

1º premio: José A. Castro Ferreiro de Lugo, pola obra "Berce de Soños".

2º premio: Beatriz López Dorado de Lugo, pola obra "Bicos Carmiña".



As pezas de cerámica entregadas aos gañadores representan pombas de dous tamaños, son pezas únicas do ceramista Corgués **Lolo de Anseán**.

Agradecemos dende a Xunta Directiva da A.C. Arumes a colaboración das persoas que formaron parte do xurado, nesta edición estivo formado por:

D. Xurxo Xosé Rodríguez Lozano

D. Xosé Manuel Castro Castedo

Dña Adela Figueroa Panisse

D. Carlos M. Callón Torres

D. Xaime Félix López Arias

Noraboa a todos os premiados e o noso agradecemento aos moitos participantes que ano tras ano presentan traballos a este certame, salientables tanto en número como en calidade.





CICLO DE CONFERENCIAS “COÑECEMOS O CORGO V”

O primeiro sábado do mes de xullo, ás 20:00h, no centro sociocultural do Corgo realizouse a presentación dos traballos de investigación que formaron o contido da revista Corga nº 4, co fin de que os/as autores acadaran a condición de socio/a numerario/a. Dito evento tivo unha duración aproximada de 15/20 minutos por traballo. O programa do relatorio foi o que segue:

- "O relevo de O Corgo. Un exemplo da plástica provincial romana no Museo de Lugo" de Aurelia **Balseiro García**.
- "E responden". Análise das terras de O Corgo a mediados do XVIII a partir das Respostas Xerais do Catastro da Ensenada, de Beatriz **Páramo Iglesias** e Jesús **Rey Modia**.
- "Pontes Históricas de O Corgo" de Xosé Enrique **Casanova Sánchez**.
- "Bens e rendas do Mosteiro da Madalena en terras de Chamoso (sécalos XVI-XVIII) de Xaime Félix **López Arias**.
- "De O Corgo a México" de Jesús **Iglesias Arias**.
- "Contos, pontes e pousadas do camiño real de acceso a Galicia" de De Javier **Gómez Vila**.
- "Santuario do Santo Anxo de Anseán (O Corgo)" de José Manuel **Blanco Prado**.



Este evento foi moi interesante para o público asistente pola calidade dos contidos expostos, ao remate de cada presentación, os asistentes tiveron a oportunidade de preguntar aos autores dos artigos as dúbidas e/ou curiosidades que lles xurdiron.

PRESENTACIÓN DA REVISTA CORGA EN SARGADELOS

O Centro de estudos do Corgo (CEC), realizou a presentación do nº 4 da revista Corga, no mes de agosto de 2013, na galería Sargadelos de Lugo. M^a Consuelo Vázquez Castro, presidenta do Centro de Estudos de Corgo, fixo a presentación desta entidade, enumerando os seus fins, os obxectivos que persigue e o labor que o CEC



realiza; Mario Outeiro, Deputado Provincial, representando a Vicepresidencia 1^a da Deputación, Área de cultura e deportes, versou sobre a importancia deste colectivo na dinamización e divulgación cultural no medio rural, neste caso, de O Corgo e Jesús Iglesias Arias, autor do traballo, "Do Corgo a México", expuxo unha recensión do seu artigo.

A revista do CEC foi maquetada por Grafenco e ten como EISSN 2171-6013 e Pepósito Legal LU 149-2010. O cuarto número sae cunha tirada de 750 exemplares e conta coa colaboración da Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo.



D./Dna
NIF: Teléfono:
Enderezo:
C.P.: Concello: Provincia:
Correo-e:

Entrega a seguinte documentación co fin de tramitar a inscrición como Socio/a Numerario/a ou Xuvenil do CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO (CEC):

- Impreso de solicitude de ingreso no CEC debidamente asinado.
- Copia simple do D N I
- Traballo de investigación seguindo as normas de publicación establecidas (dúas copias en papel e unha en formato dixital).
- Anexos (dúas copias en papel e unha en formato dixital).
- Autorización de cesión dos dereitos de autor.
- Consentimento do pai/nai/titor legal (nas persoas entre 14 e 18 anos).
-

En, a de de

Asdo.:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO



SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN COMO SOCIO/A NUMERARIO/A OU XUVENIL

D./Dna

NIF: Data de nacemento: / /

Enderezo:

C.P.: Concello: Provincia:

Tfno. fixo: Tfno. móbil:

Correo-e:

Título do estudo:

Formación académica:

Experiencia laboral:

Forma de recibir comunicacións da Asociación: Correo electrónico Correo postal

Solicita formar parte como Socio/a Numerario/a ou Xuvenil do CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO conforme aos seus estatutos.

En, a de de

Asdo.:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO



CESIÓN DE DEREITOS DE AUTOR

O Centro de Estudos do Corgo (en diante CEC) é unha Asociación sen ánimo de lucro.

D./Dna (en diante: "o autor")

..... NIF:

Enderezo:

C.P.: Concello: Provincia:

convén o seguinte:

PRIMEIRO: Antecedentes

- 1) O CEC ten como fins a promoción de diferentes estudos (patrimonio natural, material e inmaterial, arte, lingua e literatura, xeografía e historia, economía, sociedade e educación...) sobre o concello do Corgo e a súa divulgación entre os habitantes do concello.
- 2) O CEC realizará (para acadar os fins anteriores) unha recompilación de toda a información posíbel sobre o concello do Corgo nun arquivo/biblioteca (en papel e en formato dixital), así como a publicación dunha revista anual (por escrito) e dun sitio web con artigos sobre O Corgo.
- 3) O autor (en caso de varios autores, especificar no Anexo I) realizou un estudo titulado:
.....
.....,
obra que formará parte do uso referido no numeral anterior.
- 4) Polo presente contrato regúlase a forma e condicións da cesión dos dereitos correspondentes que o autor realiza a favor do CEC, que se regulará nun todo polas disposicións contidas nas cláusulas seguintes.

SEGUNDO: Cesión dos dereitos

O autor cédelle ao CEC, quen adquire, os dereitos que lle corresponden sobre o estudo, incluíndo os dereitos de edición e publicación.

TERCEIRO: Regalías

A cesión á que se refire a cláusula anterior realízase a título gratuito, polo que o CEC non lle deberá aboar ao autor regalías de ningunha especie.

CUARTO: Obrigas do CEC.

O C E C non poderá, en ningún caso ou circunstancia:

- a) ceder total ou parcialmente, en forma directa ou indirecta, os dereitos adquiridos a través da presente formalidade, a favor de ningún terceiro e baixo ningunha modalidade.
- b) facer ningún agregado, supresión nin modificación á obra sen o consentimento previo, expreso e escrito do autor.

QUINTO: Dereitos do CEC.

Ademais da edición, publicación e impresión da obra como parte do uso referido na cláusula primeira, o CEC poderá libremente:

- a) determinar o tipo de impresión, formato, clase de papel, encadernación e demais características físicas do estudo, así como o formato do sitio web;
- b) realizar actividades de promoción e publicidade dos estudos;
- d) utilizar o nome e a imaxe do autor con fins publicitarios e de promoción, exclusivamente en relación á obra obxecto deste contrato.

SEXTO: Garantía de lexitimidade

O autor garante que a obra goza da “libre dispoñibilidade” (no caso de varios autores, da “dispoñibilidade conxunta”) dos dereitos que cede.

En caso de impugnación dos dereitos autorais ou reclamacións instadas por terceiros relacionadas co contido ou a autoría da obra, a responsabilidade que puidese derivarse será exclusivamente de cargo do autor.

SÉTIMO: Mandato de protección

O autor autoriza ao CEC a perseguir os responsábeis de edicións clandestinas e fraudulentas, así como para exercer a defensa dos dereitos autorais obxecto desta cesión, se for preciso.

OITAVO: Liberdade do autor

O autor ten liberdade de autorizar a terceiros a realización doutras edicións da obra, así como de ceder os dereitos de autor a favor de terceiros.

NOVENO: Modificación e resolución do contrato

Este contrato poderá modificarse ou rescindir-se de mutuo acordo das partes, así como rescindir-se unilateralmente sempre e cando a outra parte incumpra gravemente as súas cláusulas.

En, a de de

Asdo.:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

ANEXO I

(Cesión de dereitos de autor)

COAUTOR 1:

D./Dna

..... NIF:

Enderezo:

C.P.: Concello: Provincia:

COAUTOR 2:

D./Dna

..... NIF:

Enderezo:

C.P.: Concello: Provincia:

En, a de de

Asdo:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO



AUTORIZACIÓN FAMILIAR PARA MENORES DE IDADE

D./Dna

NIF: Teléfono:

Enderezo:

C.P.: Concello: Provincia:

Correo-e:

Pai, nai ou titor/a legal (rísquense as que non procedan) do menor:

..... con NIF:

Afirmo coñecer os Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno que rexen o Centro de Estudos do Corgo (CEC) e autorizo o meu fillo/a a facerse Socio/a Xuvenil da devandita Asociación.

A maiores autorizo ao CEC a publicar a imaxe do menor en calquera das actividades relacionadas cos fins do Artigo 5 dos Estatutos, en calquera dos formatos posíbeis (páxina web do CEC, fotografías para revistas ou publicacións, filmacións...)

En, a de de

Asdo.:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO





Idioma. Só se admite o galego como idioma vehicular da revista. Empregarase sempre a última normativa aceptada pola Real Academia Galega, aparecendo as palabras non adaptadas á mesma entre comiñas.

Extensión. Os traballos presentados terán unha extensión ou outra dependendo do número de redactores:

- 1 persoa: entre 5 e 20 páxinas.
- 2 persoas: entre 10 e 30 páxinas.
- 3 persoas: entre 15 e 40 páxinas.

Os Anexos presentados non serán publicábeis na revista e formarán parte do arquivo-biblioteca do CEC.

Estrutura. O artigo presentado ten que contar cos seguintes apartados:

- Título (máximo de 80 caracteres contando espazos en branco).
- Identificación do(s) autor(es) por orde de importancia ou alfabético de apelidos acompañado do correo-e dos mesmos, o título profesional e o centro de traballo.
- Agradecementos (opcional).
- Resumo (máximo de 150 palabras).
- Palabras clave (entre 3 e 10).
- Introducción/limiar.
- Corpo do traballo cos apartados que se consideren oportunos.
- Conclusións.
- Referencias bibliográficas.

Formato:

- Tipo de documento: Word (recoméndase tamén entregar o mesmo documento en formato pdf).
- Letra: Arial, cor automático (negro), tamaño 12 puntos, salvo que se indique o contrario (títulos...).
- Marxes: superior, inferior e laterais de 3 cm.
- Aliñación: xustificada sen sangría na primeira liña.
- Espaciado: anterior e posterior de 0 puntos e interliñado sinxelo. Espacio entre parágrafos dunha liña en branco.
- Recomendase non empregar o subliñado para resaltar partes do texto.
- Título: maiúsculas, centrado, cor verde escuro e tamaño de letra de 16 puntos.
- Identificación do(s) autor(es): apelidos e nome (separado por coma).
- Datos do(s) autor(es): tamaño de letra de 10 puntos.
- Agradecementos: tamaño de letra de 10 puntos.
- Títulos de apartados (RESUMO, PALABRAS CLAVE, INTRODUCCIÓN/LIMIAR, CONCLUSIÓN, BIBLIOGRAFÍA...) irán en maiúscula, negriña e sen punto ao final. Se se numeran os apartados (a partir da introdución) empregaranse as normas ISO (1 / 1.1 / 1.1.1 / 2 / 2.1 / 2.1.1 etc.).

- Numeración de páxinas: borde inferior dereito incluíndo a primeira páxina (non se fará portada).
- Notas a pé de páxina: tamaño de letra de 10 puntos.

Imaxes. O texto pode ir acompañado por ilustracións, fotos ou gráficos, sempre orixinais ou acompañados do permiso do editor ou autor para a súa publicación. Para ser impresas con calidade, deberán ter unha resolución mínima de 300 ppp. Admitiranse como formatos de imaxe TIFF ou JPG. Incluiranse no documento e en arquivos separados, indicando con claridade o lugar no que deben inserirse no texto.

Bibliografía. Clasificada por orde alfabética, axustárase ás seguintes normas:

- Monografías: APELIDO(S), Nome. *Título do libro*. Lugar de edición: editorial, ano de edición.
- Partes de monografías: APELIDO(S), Nome. "Título da parte". En: Responsabilidade da obra completa. *Título da obra*. Lugar de edición: editorial, ano de edición.
- Artigos en revistas: APELIDO(S), Nome. "Título do artigo". *Título da revista*. Edición. Ano, número, páxinas.
- Recursos electrónicos en internet: Responsábel principal. *Título*. Data de publicación. <URL> (data de acceso).

Unidades de medida. Empregarase o Sistema Internacional de Unidades (SI) e non o sistema anglosaxón de unidades.

Principios éticos e legais. Non se publican textos con contido que promova algún tipo de discriminación social, racial, sexual ou relixiosa; nin artigos que xa fosen publicados integramente noutros lugares.

A revista non se fai cargo das imaxes, textos e traballos dos autores que serán responsábeis legais do seu contido.

En caso de conflito legal con algún aspecto dun traballo publicado, o demandante debe demostrar de xeito fidedigno e mediante denuncia, o presunto delicto ou falta cometido polos autores. O resultado anunciarase na revista.

Os artigos poden ser reproducidos sempre que se cite claramente a súa procedencia e o servizo sexa gratuíto. En servizos de pagamento deberán pedir expresamente permiso e aboar os dereitos correspondentes á revista e aos autores.

Segundo as norma Vancouver o artigo estará asinado por aquelas persoas que efectivamente participaron na súa elaboración, reservándose a revista o dereito de investigar a participación concreta dalgún ou todos os seus membros.

A comprobación de que un autor intentou plaxiar algún traballo nesta ou outra publicación fará que automaticamente sexan rexeitados, a partir deste momento, os traballos nos que figure o devandito autor.







DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA

